



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 42

Sesión plenaria
23 de xuño de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Propositions non de lei

4.1 15949 (11/PNP-001543)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia relativas á creación dunha unidade de muller e saúde dependente da Consellería de Sanidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140, do 19.05.2021

4.2 16525 (11/PNP-001610)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa contratación de servizos aéreos para a defensa contra os incendios forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147, do 02.06.2021

4.3 16547 (11/PNP-001613)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre o mantemento por parte da Xunta de Galicia, para o curso 2021/2022, do mesmo número de docentes que no curso actual, con independencia do incremento que se poida derivar da ampliación de oferta educativa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147, do 02.06.2021

4.4 16709 (11/PNP-001629)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Murillo Solís, María Guadalupe e cinco deputados/as máis

Sobre a defensa por parte da Xunta de Galicia da autonomía financeira e capacidade normativa en materia tributaria e a demanda ao Goberno de España da reversión da modificación do artigo 36 da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas que prevé o Proxecto de lei de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 152, do 09.06.2021

4.5 16840 (11/PNP-001639)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co mantemento do emprego nas fábricas Xallas Electricidad y Aleaciones S.A. de Cee e Dumbria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 152, do 09.06.2021



4.6 16968 (11/PNP-001658)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Nóvoa Iglesias, Marta e trece deputados/as máis**

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España de modificar a tramitación e autorización de proxectos eólicos en Galicia

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 152, do 09.06.2021

Punto 5. Interpelacións**5.1 8822 (11/INT-000522)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa perda de actividade industrial e de emprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 88, do 03.02.2021

5.2 16147 (11/INT-000923)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezoito deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto da incompatibilidade da renda de inclusión social de Galicia coa percepción do ingreso mínimo vital

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 140, do 19.05.2021

5.3 16780 (11/INT-000972)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a política da Consellería de Política Social respecto dos recursos destinados á dependencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 152, do 09.06.2021

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**6.1 17287 (11/POPX-000035)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre o papel que atribúe aos concellos a Xunta de Galicia para afrontar a reactivación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

6.2 17288 (11/POPX-000036)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre as previsións para abaratar a factura da luz

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021



Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 17101 E C.E. 17311 (11/PUP-000192)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e sete deputados/as máis

Sobre os pasos previstos pola Xunta de Galicia para seguir impulsando a candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio Mundial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

7.2 17284 (11/PUP-000189)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a candidatura da Ribeira Sacra a patrimonio da humanidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

7.3 12884 (11/POP-001775)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e tres deputados/as máis

Sobre a situación de temporalidade de persoal ao servizo da Administración pública galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 24.03.2021

7.4 16924 (11/POP-002197)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezoito deputados/as máis

Sobre o funcionamento do complexo de Sogama en Cerceda

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 152, do 09.06.2021

7.5 10372 (11/POP-001515)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e dous deputados/as máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da execución, no primeiro semestre de 2021, das obras de renovación das beirarrúas da estrada PO-552, ao seu paso por Priegue e A Ramallosa, no concello de Nigrán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 17.02.2021

7.6 13679 (11/POP-001857)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e sete deputados/as máis

Sobre a dotación orzamentaria do Programa Aprod-Economía social para o ano 2021, así como respecto do número de cooperativas beneficiarias previsto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 121, do 07.04.2021



7.7 16554 (11/POP-002160)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e tres deputados/as máis**

Sobre a implementación de medidas que garantan a protección e o acceso á xustiza das vítimas da violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147, do 02.06.2021

7.8 17281 (11/PUP-000187)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do cumprimento da Lei 2/2014 e do funcionamento do Observatorio Galego contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

7.9 16692 (11/POP-002223)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do distinto trato que o Goberno de España dá á reforma da Lei de saúde pública de Baleares e á reforma da Lei de saúde de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147, do 02.06.2021



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o papel que atribúe aos concellos a Xunta de Galicia para afrontar a reactivación. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Caballero Miguez (S). (Páx. 12.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 13.)

Réplica do autor: Sr. Caballero Miguez (S). (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 17.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións para abaratar a factura da luz. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 19.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 20.)

Réplica da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 22.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 23.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a Noa Susana Díaz Varela, sobre o mantemento por parte da Xunta de Galicia, para o curso 2021/2022, do mesmo número de docentes que no curso actual, con independencia do incremento que poida derivar da ampliación da oferta educativa. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 25.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 26.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Lourenzo Sobral (BNG) (Páx. 29.) e Sr. Rodeiro Tato (P). (Páx. 32.)

O señor Álvarez Martínez (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 35.)



Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de D^a María Guadalupe Murillo Solís e cinco deputados/as máis, sobre a defensa por parte da Xunta de Galicia da autonomía financeira e capacidade normativa en materia tributaria e a demanda ao Goberno de España da reversión da modificación do artigo 36 da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas que prevé o Proxecto de lei de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 37.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Francisco Rivera (S)* (Páx. 40.) e *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 43.)

Nova intervención do señor Puy Fraga (P). (Páx. 45.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García e D^a María Leticia Gallego Sanromán, sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co mantemento do emprego nas fábricas Xallas Electricidad y Aleaciones S.A. de Cee e Dumbría. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Prado Cores) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 48.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Seco García (S)*. (Páx. 48.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Pérez López (BNG)*. (Páx. 51.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Lorenzo Gómez (P)*. (Páx. 54.)

O señor Seco García (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 57.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e trece deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España de modificar a tramitación e autorización de proxectos eólicos en Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 59.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 61.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Arangüena Fernández (S)* (Páx. 64.) e *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 67.)

A señora Nóvoa Iglesias (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 70.)

Votación das proposicións non de lei

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia relativas á creación dunha unidade



de muller e saúde dependente da Consellería de Sanidade: *rexeitado por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 73.)

A señora Rodríguez da Costa (S) pide a palabra e intervén para solicitar a votación conxunta dos puntos 1 e 2, e por separado o punto 3, da proposición non de lei presentada pola señora González Albert (BNG). (Páx. 73.)

Votación dos puntos 1 e 2 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María González Albert, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa contratación de servizos aéreos para a defensa contra os incendios forestais: *rexeitados por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 73.)

Votación do punto 3 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María González Albert, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa contratación de servizos aéreos para a defensa contra os incendios forestais: *rexeitado por 19 votos a favor, 39 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 74.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a Noa Susana Díaz Varela, sobre o mantemento por parte da Xunta de Galicia, para o curso 2021/2022, do mesmo número de docentes que no curso actual, con independencia do incremento que poida derivar da ampliación de oferta educativa: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 74.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Guadalupe Murillo Solís e cinco deputados/as máis, sobre a defensa por parte da Xunta de Galicia da autonomía financeira e da capacidade normativa en materia tributaria e a demanda ao Goberno de España da reversión da modificación do artigo 36 da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas que prevé o Proxecto de lei de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal: *aprobada por 58 votos a favor, ningún voto en contra e 14 abstencións.* (Páx. 75.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García e D^a María Leticia Gallego Sanromán, sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co mantemento do emprego nas fábricas Xallas Electricidad y Aleaciones S.A. de Cee e Dumbría: *rexeitada por 14 votos a favor, 39 votos en contra e 19 abstencións.* (Páx. 75.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) pide a palabra e intervén para solicitar a votación por separado do punto 3 da proposición non de lei presentada pola señora Nóvoa Iglesias (P), que non acepta a solicitude. (Páx. 75.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España de modificar a tramitación e autorización de proxectos eólicos en Galicia: *aprobada por 58 votos a favor, ningún voto en contra e 14 abstencións.* (Páx. 76.)



Interpelación de D. Ramón Fernández Alfonzo e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa perda de actividade industrial e de emprego. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Alfonzo (BNG)*. (Páx. 76.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 79.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Alfonzo (BNG)*. (Páx. 82.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 83.)

Suspéndese a sesión ás dúas e seis minutos da tarde e retómase ás catro.

O señor presidente (Calvo Pouso) anuncia que se pasa ao debate do punto sétimo da orde do día, de preguntas ao Goberno. (Páx. 84.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica que a pregunta núm. 17101 foi retirada polos seus autores (doc. núm. 17364). (Páx. 84.)

Pregunta de D^a Noa Susana Díaz Varela e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a candidatura da Ribeira Sacra a patrimonio da humanidade. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 84.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 85.)

Réplica da autora: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 87.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 87.)

Pregunta de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación de temporalidade do persoal ao servizo da Administración pública galega. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)*. (Páx. 89.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Martínez García)*. (Páx. 90.)

Réplica do autor: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)*. (Páx. 91.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Martínez García)*. (Páx. 92.)

Pregunta de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o funcionamento do complexo de Sogama, en Cerceda. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 93.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 95.)



Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 96.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 97.)

Pregunta de D^a María Leticia Gallego Sanromán e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da execución, no primeiro semestre de 2021, das obras de renovación das beirarrúas da estrada PO-552, ao seu paso por Priegue e A Ramallosa, no concello de Nigrán. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S)*. (Páx. 99.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 100.)

Réplica da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S)*. (Páx. 101.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 102.)

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a dotación orzamentaria do Programa Aprod-Economía social para o ano 2021, así como respecto do número de cooperativas beneficiarias previsto. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 103.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 104.)

Réplica do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 105.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 106.)

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a implementación de medidas que garantan a protección e o acceso á xustiza das vítimas da violencia de xénero. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 107.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 108.)

Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 110.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 110.)

Pregunta de D^a Iria Carreira Pazos, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do cumprimento da Lei 2/2014 e do funcionamento do Observatorio Galego contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Carreira Pazos (BNG)*. (Páx. 112.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 113.)

Réplica da autora: *Sra. Carreira Pazos (BNG)*. (Páx. 114.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 115.)



Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do distinto trato que o Goberno de España dá á reforma da Lei de saúde pública de Baleares e á reforma da Lei de saúde de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 116.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 117.)

Réplica do autor: *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 118.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 119.)

Remata a sesión ás cinco e trinta e cinco minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reanudamos a sesión no punto sexto da orde do día, de preguntas para a resposta oral do presidente.

Comezamos coa pregunta de don Gonzalo Caballero Miguez, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o papel que atribúe aos concellos a Xunta de Galicia para afrontar a reactivación

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Levamos seis meses perdidos para impulsar a reactivación económica e social de Galicia dende a Xunta e non nos podemos permitir perder seis meses máis para esa reactivación. Vostede, señor presidente, non pode demorar máis en poñer todas as capacidades da Xunta para impulsar a reactivación económica de Galicia e ten que deixar de ter os brazos caídos, porque os galegos e galegas se senten orfos ante a incapacidade e a falla de xestión deste goberno.

Hai 313 concellos e necesitamos que a Xunta de Galicia respalde, colabore e apoie os concellos de Galicia fronte a unha acción na que vostede non cumpre coas súas competencias. Traslada esas competencias aos concellos e non lles dá o financiamento para facer aquilo que vostede tiña que facer. O seu antimunicipalismo é claro, señor Feijóo, e é necesario poñer a capacidade da Xunta para colaborar cos concellos. Alí onde os socialistas gobernamos —dando goberno ao 55 % dos galegos e galegas dende alcaldías socialistas— sabemos que o compromiso municipal é unha cuestión fundamental para impulsar a reactivación.

E xustamente cando a Xunta de Galicia recibiu o ano pasado 635 millóns de euros extraordinarios, cando este ano hai máis de 1.100 millóns de euros extraordinarios nos orzamentos da Xunta, vostede meteu os cartos na caixa pero non compartiu e non os repartiu con aqueles aos que vostede lles trasladou as súas obrigas e as súas competencias —competencias propias dos concellos e que non teñen financiamento—. E é por iso que, cando vostede asfixia os concellos, asfixia as entidades que teñen a maior proximidade e capacidade de resolver os problemas da crise e que estiveron ao carón da xente dende o primeiro momento da pandemia. E non se pode afogar financeiramente os concellos, porque é afogar tamén a resposta fronte á crise e é afogar as persoas.

E xustamente neste momento, no que os concellos necesitarían ter o financiamento que chega á Xunta para as competencias que vostede non atende, reduce este ano as transferencias aos concellos nun 8 % e non incrementa o Fondo de Cooperación Local —que tiña capacidade de facelo para dar ese financiamento—. E fan convocatorias nocturnas —que afectan a igualdade do país—, convocatorias ás doce da noite, que curiosamente ás doce e



vinde minutos xa están esgotadas pola discrecionalidade do Partido Popular. *(Aplausos.)* Sabemos tamén como esa discrecionalidade é un mal aliado, un mal camiño, para facer as políticas públicas. Por exemplo, na Deputación de Ourense máis do 80 % dos fondos de subvencións e transferencias danse sen concorrencia competitiva, sen publicidade, polo dedo da Deputación de Ourense. E ese mecanismo é un mecanismo que implica discrecionalidade.

O pacto para o municipalismo necesita fondos e igualdade. E iso é o que lle pido. Pídlle, señor Feijóo, que mude o seu antimunicipalismo, que faga un xiro municipalista que se basee en distintos aspectos. En primeiro lugar, que coopere cos concellos, que asuma as súas competencias —e, se vostede non é capaz de xestionalas, cando lleas ceda aos concellos, déalles financiamento—. En segundo lugar, quero pedirlle, señor Feijóo, que se comprometa hoxe mesmo a unha suba do financiamento do servizo de axuda no fogar; que este ano pase a pagar ese servizo de axuda no fogar con 12 euros a hora e que se comprometa a que o ano que vén poida financiar ese servizo de axuda no fogar con 16 euros por hora. Porque é a súa obriga, a obriga da Xunta nas políticas sociais cos maiores que están nas casas. E vostedes non cumpren con eles.

Querémoslle dicir, señor Feijóo, que nós plantexamos modificacións ao orzamento, cando foi aprobado, para que se incrementase o Fondo de Cooperación Local...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...en 100 millóns de euros. E agora, con ese «fondo de consenso» —como vostede lle chama na Comisión de Reactivación—, hai 113 millóns de euros que no día de hoxe están nas contas da Xunta sen tan sequera ter destino, cando pasaron os seis meses de maior profundidade da crise e de maior gravidade. Pedímoslle que dedique 25 millóns de euros con criterios obxectivos para a súa repartición entre os concellos de Galicia e que coopere tamén para definir as prioridades cos concellos ante os fondos Next Generation.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: É a hora, señor Feijóo, dun novo pacto local, dun novo pacto local para chegar a un gran acordo que permita impulsar a reactivación dende a Xunta e dende os concellos. Non escapen das súas responsabilidades...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...e impulsen unha reactivación, que non é para beneficiar os concellos, é para beneficiar as persoas que se senten orfas ante a ausencia de xestión do Goberno do Partido Popular. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.



Señor Caballero, a Xunta de Galicia vai seguir traballando cos concellos galegos, e vaino seguir facendo en época de crise, en época de pandemia e en época de benestar. Levámolo facendo así dende que chegamos á Xunta de Galicia. Se vostede entende por municipalismo darlles diñeiro ás institucións gobernadas polo Partido Socialista e non dedicar diñeiro á sanidade pública, á educación pública e aos servizos sociais, comprenderá que iso non é o que queren os cidadáns que viven nos concellos de Galicia.

Dende que chegamos ao Goberno no ano 2010, levamos 4.155 millóns de euros en transferencias e subvencións aos concellos, dos cales, 1.444 son do Fondo de Cooperación Local. Señoría, este ano, que baixou a recadación, baixa o Fondo de Cooperación Local na partida que está relacionada directamente coa recadación. Pero nas outras partidas, o Fondo de Cooperación Local para o ano 2021 volveu subir 6,4 millóns de euros. Polo tanto, señoría, o que estamos a facer é dedicar entre o 6 %, o 7 % ou 8 % do presuposto da Xunta de Galicia ás transferencias aos concellos. E somos unha das poucas comunidades autónomas que ten un fondo de cooperación local incondicionado, para que os concellos fagan o que consideren oportuno. Dedicamos máis aos concellos no presuposto da Xunta de Galicia do que dedicamos á Consellería do Mar cada ano.

Señoría, dáme a sensación de que vostede disto tamén fala de oídas. Pero, por se fosen poucos os 4.155 millóns de euros, por exemplo, en competencias exclusivas dos concellos, como en abastecemento e saneamento de auga, levamos investidos 1.100 millóns de euros. Nunha competencia exclusiva dos concellos como os plans xerais de ordenación urbana —ata niso— tamén financiamos, señoría; financiamos para ver se os concellos son capaces de facer os seus propios plans xerais de ordenación urbana. En emerxencias e parques de bombeiros, 133 millóns de euros adicionais; en políticas sociais, 700 millóns de euros adicionais.

Señor Caballero, non sei exactamente cal é o seu problema. Evidentemente, vostede igual non coñece que pactamos a Axenda Social Única cos concellos, un plan marco para a mellora dos Camiños, o Pacto pola paisaxe, o grupo de emerxencias, o plan de transporte público... —é dicir, coa maioría dos concellos—. Hai outros concellos —probablemente dos que vostede depende— que ao que se dedican é a bloquear, a impedir e a destruír.

Imos seguir traballando. Fala vostede de que temos unha parte do diñeiro sen distribuír, «o Fondo Consenso». En corenta anos de autonomía, ningún goberno propuxo que a oposición e o grupo maioritario consensuasen o destino de máis de 100 millóns de euros do presuposto, ¡xamais! E agora di que está pendente de distribuír, cando o que estamos intentando é consensual. O BNG di que hai que dedicalo todo á atención primaria e vostede di que hai que dedicalo aos concellos. Sería bo que se puxesen de acordo. Nós imos dedicar aos concellos o 22 % do fondo, incluído o servizo de atención no fogar.

Señoría, non é culpa nin responsabilidade deste goberno que o Goberno central ningunease os concellos durante a pandemia. Vostedes, aparentemente, presiden a Federación de Municipios. O feito de que o seu goberno non transfira diñeiro —segundo vostedes, suficiente— para os concellos non será responsabilidade das comunidades autónomas, salvo que se interprete que as comunidades autónomas son entidades disgregadoras do Estado. Señor Caballero, un pouco de orientación.



Levamos máis de 4.000 millóns de euros transferidos aos concellos nestes anos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Estamos financiando infraestruturas e competencias exclusivas dos concellos. Hai multitude de exemplos de acordo entre concellos e Xunta de Galicia. Temos un Fondo Consenso e dedicaremos o 27 % dese fondo aos concellos. Por iso, señoría, sorpréndeme que vostede volva outra vez equivocarse, equivocarse na porta á que ten que chamar. Chame vostede na porta do Goberno central e deixe en paz a sanidade pública, a educación pública e os servizos sociais públicos que xestiona a Comunidade Autónoma. Por certo, señoría, a Comunidade Autónoma tamén é Estado.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica do señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Señor Feijóo, vostede pode estirar os números todo o que queira, pero a realidade desménteo de forma evidente. Alí onde vostedes non gobernan, desconfían do municipalismo; e alí onde teñen poder municipal vostedes distribúeno dunha forma desigual. O mellor exemplo é a Deputación de Ourense, onde ata o Consello de Contas tivo que asumir que esa administración non era capaz render contas. O 84 % da contratación que fai a Deputación de Ourense é sen concorrència competitiva e sen publicidade; o 80 % de todas as subvencións que dá son a dedo. Esa é a capacidade de discriminación que ten o Partido Popular. *(Aplausos.)* E dende a Xunta de Galicia hai concellos que non teñen un só convenio.

Señor Feijóo, non siga enganando. Vostede nos orzamentos da Xunta deste ano ten 1.100 millóns de euros extraordinarios e vénme dicir que lles reduciron aos concellos a parte de transferencias pero que logo lles subiron 6 millóns de euros noutros conceptos. A Xunta recibe máis de 1.100 millóns de euros e a Xunta aumenta unha partida en seis millóns de euros para os concellos de Galicia, que estiveron asumindo as competencias que vostede non cumpre.

Non lle admito, señor Feijóo, que vostede recrimine a este grupo nin a esta oposición a defensa da sanidade pública —que nós facemos e vostede non— ou o compromiso cos servizos sociais —que vostede ten que facer e non fai—. Non busque vostede, señor Feijóo, unha escapada á avestruz, intentando confundir a todos e todas. Comprométase cos concellos, que saben que están totalmente abandonados por vostede.

Vostede di que entendemos o municipalismo como dar cartos aos gobernos municipais dos socialistas. Pero ¡que forma de visión política ten o presidente da Xunta de Galicia! ¿É que acaso aqueles concellos gobernados polos socialistas —que gobernan a máis do 55 % dos galegos e galegas— poden e teñen que estar discriminados polo Goberno do Partido Popular? *(Aplausos.)* ¿É vostede o que está dicíndolles aos galegos e galegas que onde vostedes non gobernan poden discriminar, que vostedes poden bloquear? ¿É que acaso o partido Popular



segue crendo que a caixa da Xunta é unha caixa propia do Partido Popular e non dos galegos e das galegas? Non lle podemos admitir que non se comprometa cos concellos, porque vos-
tede non está cumprindo coas súas competencias en política social, porque non está cum-
prindo coas súas competencias en educación, en sanidade, e está asfixiando os concellos
pola falla de xestión e de compromiso deste goberno da Xunta.

E tamén, señor Feijóo, agora que rematamos, lle quero dicir unha cuestión importante. Aquí
hai moito debate político sobre moitas cuestións, e, cando hai un erro, recoñécese, pero
cando hai unha sentenza xudicial que di que un alcalde do Partido Popular —como o alcalde
de Vilanova de Arousa— utiliza ataques machistas, condenados por sentenza, por delito...,
(*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...fronte á presidenta da Deputación de Pontevedra, o presi-
dente de todos os galegos e galegas non pode ser cómplice dese machismo sentenciado.
(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Non opinable, señor Feijóo. (*Aplausos.*)

E quérolo dicir tamén para ver cal é o seu compromiso municipalista. Deixe de escapar,
aborde un novo pacto local en Galicia, asuma as súas competencias e colabore cos concellos
—cousa que non fai—.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Comprométase co incremento de financiamento do servizo
de axuda no fogar: 12 euros por hora este ano, 16 euros por hora dende o ano que vén, porque
teñen que pagalo todo e custa 19 euros por hora.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: En terceiro lugar, comprométase, señor Feijóo, a aumentar
o Fondo de Cooperación Local...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Hai millóns de euros que están nas contas da Xunta.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero. Terminou o seu tempo.

(*O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.*)

Grazas. Terminou o seu tempo.



(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas, señor Caballero. Terminou o seu tempo.

(Aplausos.)

Para o peche da pregunta, o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Gustárame que algunha vez, señor Caballero, vostede falara en serio de algo. Dicir que non gastamos o presuposto, cando no ano 2020 tivemos unha desviación de 60 millóns de euros no déficit da Xunta de Galicia, é un descoñecemento absoluto das contas públicas. Dicir que nos mandaron non sei canto diñeiro para a covid, cando resulta que gastamos 90 millóns de euros máis do que nos mandaron para a xestión da covid, é unha falta de respecto á maioría dos galegos. Por iso vén vostede aquí, patrocinado polos seus xefes, plantexar o que lle pete, pero ¡se lle dá igual! Resulta que, se hai unha deputación do PP, esa non distribúe correctamente os fondos nos municipios, *(Murmurios.)* e se hai outras deputacións do Partido Socialista, esas distribúenos perfectamente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Mire, un pouco de respecto e un pouco de sensibilidade... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...cun plantexamento mínimo dunha política de altura.

Señor Caballero, mire, ¿como reparte o Goberno de España os fondos ás comunidades autónomas? Eu creo que deberíamos de falar disto aquí. Porque resulta que, por exemplo, en materia de infraestruturas, o Goberno de España se reserva o 78 % dos fondos europeos e ás comunidades autónomas dálles o 9 %. ¿Sabe canto lle dá a Galicia? Cincuenta millóns de euros, á comunidade autónoma. *(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.)* E agora resulta que temos que repartir cos concellos —por certo, soamente lles dá aos concellos de máis de 50.000 habitantes—. Esa é unha visión integral da comunidade autónoma, señoría. *(Murmurios.)* Conservación e restauración de ecosistemas mariños terrestres, o 4 % a Galicia; 1.700 millóns para abastecemento e saneamento. ¿Sabe o que nos dá, señoría, o Goberno que vostede defende? Dános 2,5 millóns para a EDAR de Monterroso. ¿E agora vénme vostede dicir aquí... *(O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Arangüena, chámoo á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que temos que transferir o diñeiro que nos corresponde polos fondos europeos porque vostedes son incapaces de negociar co seu propio Goberno que os municipios formen parte do fondo? ¡Pero é unha declaración en toda regra de impotencia, señor Caballero!



Mire, o sistema de financiamento autonómico foi quebrado por primeira vez en corenta anos de democracia polo Goberno central. De acordo con ese sistema, a Galicia tócanlle 2.789 millóns de todo o fondo repartido polo Goberno de España. ¿Sabe canto nos diminuíron o que nos corresponde? 681 millóns de euros. E con esa diminución de forma sistemática, continua, quedando Galicia sempre entre as tres comunidades autónomas que menos diñeiro reciben de todas as conferencias sectoriais, de todos os ministerios do Goberno central, vén vostede aínda encima dicir que temos que repartir o diñeiro que nos corresponde. (*Murmurios.*) E ademais temos que estar caladiños, non vaia ser, señoría, que se enfaden con nós simplemente por pedir o que nos corresponde. ¡É insultante, señoría, é arbitrario, (*Murmurios.*) é opaco e é prexudicial para os nosos intereses!

E aínda nos veñen plantexar que renunciemos aos fondos da sanidade, das infraestruturas, da política social, da educación... Ten todo o meu apoio, señoría, para que —se vostede aínda manda algo e se a Federación Española de Municipios manda algo—, (*Murmurios.*) se plantexe ao Goberno central cal é o papel dos municipios nos fondos Next Generation. Pero, por favor, non se equivoque de porta a quen reclamar.

Eu comprendo, señoría, que neste momento en Moncloa hai moito traballo. Comprendo que entre as manobras en Andalucía —teña coidado, señor Caballero, mire o que pasou en Andalucía— (*O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.*)...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e as operacións de márketing..., (*O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...señoría, non pague a súa frustración cos servizos públicos dos galegos. Señor Caballero, claridade nos principios...,

O señor PRESIDENTE: Remate, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...xustiza na repartición e obxectividade na repartición dos fondos. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non veño aquí, señoría, facer un discurso en contra dos municipios —para iso xa está vostede—...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...veño aquí dicirlle que Galicia é unha entidade política...,



O señor PRESIDENTE: Remate, presidente. Terminou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que a comunidade autónoma representa o Estado e que temos o 50 % do gasto público da España das Autonomías. E non estou disposto a recibir leccións de municipalismo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...daqueles que simplemente utilizan...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...os principios para bloquear...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...os servizos públicos da comunidade autónoma.

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Máis nada e moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Aplausos.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións para abaratar a factura da luz

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra dona Ana Belén Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

Señor Feijóo, Galiza é rica en electricidade, pero non se beneficia desa riqueza. As familias e as pemes pagan cada vez máis pola factura da luz, o 14,31 % dos fogares galegos sofren pobreza enerxética e miles de empregos están ameazados polo prezo da enerxía. E, mentres, pagamos os custos ambientais e sociais, porque producir electricidade implica ter o país cheo de encoros e implica máis de 4.000 aeroxeradores en 106 concellos. E, por se isto fose pouco, agora implica un boom eólico depredador que é unha bomba para o medio rural ao servizo das eléctricas e en contra do país. *(Aplausos.)*



A factura da luz sobe ano tras ano, e todo indica que este mes no que estamos imos ver un máximo histórico. E isto vén pasando con gobernos do PP e con gobernos do PSOE, grazas a ese xogo perverso das portas xiratorias e a un sistema feito á medida das eléctricas que lles permite ter beneficios multimillonarios. Fíxense, en 2020, en plena pandemia, Endesa multiplicou por oito os seus beneficios, 1.394 millóns de euros; e Iberdrola gañou 3.610 millóns de euros. ¡É unha indecencia!

E, neste contexto, ¿cal é a aportación do presidente da Xunta para abaratar a factura da luz nun país que produce electricidade a esgalla? ¿Cal é a súa aportación? Pois o certo é que ningunha; bueno, ningunha non, hai unha: vetar unha tarifa eléctrica galega; (*Aplausos.*) é dicir, doce anos de veto, (*Murmurios.*) doce anos impedindo baixarlles a luz aos galegos e ás galegas, ás familias e ás empresas, a través dunha medida xusta, social e realizable. E todo... —bueno, xa nolo dixo neste Parlamento o señor Feijóo— porque en Madrid non o entenderían.

Señor Feijóo, o que non entenden os galegos e as galegas é por que non poden ter unha factura da luz máis barata nunha Galiza rica en electricidade. O que non entenden os galegos e as galegas é que teñamos os montes cheos de muíños, os ríos cheos de encoros e sen ningún beneficio. O que non entenden é por que se nega a abaratar a factura da luz cunha tarifa eléctrica galega; unha tarifa diferenciada como a que existe en moitos países do noso contorno. Dinamarca, Suecia, Noruega, Finlandia, Suíza, Alemaña e Reino Unido son países que teñen tarifas diferenciadas e onde as zonas produtoras pagan unha factura máis barata, porque é de auténtico sentido común. E a pregunta é: ¿por que en Galiza non? Pois isto ten dúas respostas moi claras: a primeira, porque as eléctricas mandan máis que os gobernos; e, a segunda, por puro centralismo político, do que vostede é cómplice. (*Aplausos.*)

Por iso, señor Feijóo, pregúntolle: ¿que vai facer para abaratar a factura da luz? E sorpréndanos hoxe, porque estaría ben que por unha vez respondera esta pregunta e que non veña ao Parlamento culpar o BNG e a súa portavoz de todos os males do universo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, antes de comentarlle cal é a nosa posición en relación coa tarifa da luz, sería bo que falemos claro para non desinformar os galegos.

Mire, do que paga un galego pola súa luz, o 25 % é o custo de produción, é a marxe de comercialización, e o 75 % son impostos, primas e recargas. ¿E cales son eses impostos, primas e recargas? Os cargos, por exemplo, do plus de insularidade —págase menos nas illas—, as primas das renovables e o déficit de tarifa, e ademais os impostos. Primas e enerxías renovables: estamos pagando as primas das enerxías renovables do Goberno Socialista do señor Zapatero, no que, por certo, vostedes participaban. Déficit de tarifa, 29.000 millóns de euros. Todos os españois están pagando no seu recibo o déficit de tarifa producido pola política enerxética frívola do Goberno socialista que vostedes apoiaban. E despois vén a parte dos



impostos, do 21 % do IVE; en Alemaña, un 19 %, en Irlanda, un 13 %, en Italia, un 10 % e en Grecia ou Portugal, un 6 %. Así é exactamente como se compón a tarifa eléctrica.

¿Cal era a súa proposta cando gobernaban en Madrid co señor Zapatero? Primas ás renovables ineficientes e déficit tarifario. ¿Que é o que temos que facer agora? Pagar, pagar e pagar a débeda acumulada do déficit tarifario, e das primas renovables, máis de 35.000 millóns de euros. Esa é a realidade das políticas enerxéticas que vostedes apoiaban e nós denunciabamos. Soamente hai dúas opcións, señoría: diminuír os impostos, os cargos e as peaxes e facer unha política enerxética eficiente e baseada en políticas renovables e en enerxías renovables sustentables. ¿Cal é a posición do BNG? Boicot; boicot a incrementar a potencia hidráulica, boicot á eólica mariña, boicot á eólica terrestre; e aínda encima botarlles a culpa aos galegos de todo isto.

E agora vén vostede cunha teima, a tarifa eléctrica galega. Non deixa de ser un slogan máis do partido do BNG. Levan tanto tempo explicando isto que soamente consiste no slogan. ¿Que leis habería que modificar, señoría? ¿Cales son os fundamentos xurídicos, señoría, para facer isto? ¿Como se garantiría a igualdade dos consumidores? Señoría, ¿que sucedería se Galicia fora deficitaria? Porque se as fotovoltáicas, por exemplo, prosperaran no sur e foran un incremento potente da enerxía, ¿quen pagaría as infraestruturas de transporte e evacuación? ¿Cales serían os aforos reais para os galegos? Pero este mantra, realmente, señora Pontón...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...nunca foi explicado polo BNG; e, por suposto, nunca consensuado cos seus socios de goberno, ¡para nada! ¿Por que esta pregunta non llela fai aos seus socios de goberno nos órganos de goberno que ten nos municipios e nas deputacións? Estaría ben que o BNG algún día concretase a súa proposta: ¿que leis hai que modificar?, ¿cales son os fundamentos xurídicos? Os veciños dos Peares pagaríamos menos —supoño—, (*Murmurios.*) porque temos tres encoros próximos; e os veciños que non teñen ningún encoro supoño que pagarían un pouco máis. ¿Sería, señoría, oportuno que os cidadáns de Castela-León pagaran menos que os galegos porque teñen máis enerxía instalada? E con que seguירamos facendo caso ao Partido do BNG, os que teñan eólica mariña...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e os que aproveiten a eólica terrestre superarían os galegos en produción de enerxía, e, entón, os galegos empezariamos a pagar máis que eses territorios.

Señora Pontón, ¿non se dá conta de que estamos nun país solidario onde os custos se reparten entre todos? É que vostede non ten máis que un slogan, lamentablemente enganoso, para os intereses dos galegos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Máis nada e moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Para a réplica, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, vostede leva doce anos sendo presidente da Xunta de Galiza, e cada vez que hai un problema, en vez de buscar unha solución, o que fai é vir a este Parlamento a dicir que a culpa é do BNG e miña. Isto, señor Feijóo, é un retrato que, non sei..., primeiro, de verdade, é que o deixa a vostede case en ridículo con esta actitude, e, segundo, é que é unha declaración de incompetencia política por parte de quen está á fronte da Xunta de Galiza. *(Aplausos.)*

E, ademais, vén aquí dicirme que eu teño que facer o seu traballo como presidente da Xunta. Os galegos e galegas temos o país inundado de encoros, temos centos e centos de muíños no noso país, temos unha riqueza eléctrica e exportamos máis do 35 % desa electricidade, non temos ningún beneficio e a resposta do presidente da Xunta é atacar o BNG. É que é un retrato demoledor dun presidente incapaz de poñer sobre a mesa ningunha alternativa de futuro. *(Aplausos.)*

E, mire, claro, hai un problema de fondo, e é que temos un marco regulatorio que aprobou o PP, que mantén o Partido Socialista e que, efectivamente, ao final, sabemos que quen o deciden son as eléctricas, e ese é un problema democrático que hai no Estado español, que nos afecta a todos e a todas, pero que significa un espolio enerxético para Galiza.

E o grave é que cando temos ás familias afogadas economicamente, pagando máis pola factura da luz, cando temos empresas en risco polos prezos da electricidade, o presidente da Xunta de Galiza vén aquí atacar a única proposta que hai sobre a mesa para abaratar o recibo da luz. E é unha proposta na que, ao final, é que non inventamos nada, señor Feijóo, porque, en materia de tarifas eléctricas, pregunteltes, entón, vostede a Dinamarca, a Suecia, a Noruega, a Finlandia, ao Reino Unido ou a Alemaña como é posible que alí fagan tarifas diferenciadas que benefician as zonas produtoras e isto no Estado español sexa un tabú. É un problema, efectivamente, político, onde nós temos que reclamar solucións. E claro que a temos. Nós temos unha proposta concreta formulada por lei que imos traer a este Parlamento para unha tarifa máis baixa para os galegos e as galegas, para compensarnos polos custos ambientais e sociais, e porque é máis barato distribuír electricidade ao lado de onde se produce que a 600 quilómetros. É unha cuestión de sentido común, señor Feijóo, e terá vostede que explicar por que non está disposto a poñerse do lado dos galegos e das galegas nun asunto vital para o futuro.

Creo que o problema é que, como vostede non ten solucións para os problemas de Galiza, seguramente na réplica traerá problemas alleos a esta Cámara, porque é o que lle está marcando desde Madrid o seu xefe de partido, o señor Casado, claramente cautivo da estratexia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



A señora PONTÓN MONDELO: ...da extrema dereita. Imaxino que na réplica virá aquí falar-nos de Cataluña e dos indultos. Gustaríame, en todo caso, saber que indultos defende vostede. ¿Vai defender os indultos do Partido Popular a políticos condenados por corrupción, a políticos condenados por accións terroristas, a xuíces condenados por prevaricar, (*Murmurios.*) ou a militares condenados por falsificar as probas do...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...Yak-42?

Señor Feijóo, Galiza necesita un presidente que se poña á fronte. Xa está ben...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora PONTÓN MONDELO: ...de que non teñamos ningún tipo de beneficio pola nosa riqueza eléctrica. Está na súa man cambiar ese marco...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...pero ten que decidir se defende a Galiza...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

A señora PONTÓN MONDELO: ...se defende os intereses...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

Para o peche desta pregunta, o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, a miña intervención no Parlamento galego non está en ningún caso condicionada polo que pense o señor Otegi e o señor Rufián. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Eses, señoría, son os seus socios e os seus aliados. Se vostede cre que se defende a tarifa eléctrica galega pactando co señor Rufián, supoño que os galegos estarán cun enorme sorriso escoitando un nacionalismo tan arcaico como o seu e, por certo, tan inocente e tan impropio para os intereses do país.

Eu levo doce anos gobernando aquí, vostede leva dezaioito anos no Parlamento. Sei moito das cousas que vostede plantexou, e seino perfectamente de cando gobernaban co señor Rodríguez Zapatero —¿aínda non se acorda?—: 30.000 millóns de euros debemos daquela. A enerxía entre o ano que chegou Zapatero e o ano que se foi incrementouse nun 93 %. Vostedes foron cómplices de forma continuada e constante dese goberno, e agora seguen gobernando co Goberno no que o prezo da luz no mes de xuño se incrementa un 45 %. (*Murmurios.*) E vén aquí dicirlle á oposición, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) a ese goberno e ao Goberno de Galicia que están vostedes moi molestos co seu socio. ¡Pero un



pouco de sentido común!, ¿ou que pensa, que a xente non sabe que vostede é aliada do Partido Socialista? E iso moléstalle; moléstalle que llo concrete. Pero se é moi fácil, ¡se é moi fácil!: se vostede non quere ser alidada do Partido Socialista, pois rache co Partido Socialista. Pero se o único que necesita o Partido Socialista é que ao Partido Popular lle falte un voto para unha maioría e que o BNG lle preste ese ao Partido Socialista. ¡Se sempre é o mesmo, señoría!

Pero, con todos os respectos, nós tiñamos unha proposta pactada o 8 de xuño neste pleno sobre as políticas eléctricas e a posición de Galicia en relación con este asunto. Votos a favor —de acordo co *Diario de Sesións*—: Partido Popular de Galicia e Bloque Nacionalista Galego; votos en contra: 14, do Partido Socialista Obreiro Español. O 8 de xuño, hai quince días. E despois de pactar a política enerxética e a postura de Galicia, agora vén aquí dicir que a culpa é do Goberno galego e do grupo maioritario. ¡Pero, señora Pontón, vostede cre que os galegos son tan parvos! Iso si, o Partido Popular, no Congreso dos Deputados, plantexa reducir un imposto sobre o valor da produción eléctrica, rebaixar custos regulados... Postura do BNG no Congreso dos Deputados: abstención. Alí hai que absterse, non vaia ser que molestemos o socio; é dicir, o socio Sánchez, que é o que manda, o que goberna sobre os intereses do BNG. (Aplausos.)

Esa é a realidade, señora Pontón, pactan con nós unha cousa e ao cabo de quince días votan en contra do que pactaron. Pactamos aquí plantexar unha diminución dos custos regulados, dos abonos, das peaxes e das primas, e chegan a Madrid e abstéñense; ese é o nacionalismo galego. E por iso o nacionalismo galego, dende que vostede está aquí, que leva dezaioito anos, pois, señoría, non ten moita sorte nas eleccións. ¿Por que? Porque os galegos se dan conta perfectamente.

Entre o ano 2004 e o ano 2011 a enerxía en España incrementouse un 93,5 %. Isto é o que hai que pagar, señoría, e isto é o que neste momento temos. E, iso si, Galicia é moi rica desde o punto de vista eléctrico, pero ¿sabe por que? Porque non lle facemos caso ás políticas do BNG.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Se polo BNG fora, non habería encoros; se polo BNG fora, non habería enerxía eólica; se polo BNG fora, evidentemente, todo este colonialismo habería que sacalo do país. ¿Para que? Non sei moi ben, supoño que para vivir nun país con candil.

¿Señora Pontón, de verdade que vostede non vai tomar en serio toda a capacidade industrial e a capacidade enerxética instalada en Galicia para facer realmente próspero o noso país?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Este goberno, señoría, dixo non a máis de 2.000 megavatios que o Goberno de España está autorizando para instalar en Galicia e este goberno dixo non a 48 parques eólicos que querían as eléctricas, porque invade



as reservas e os nosos dereitos medioambientais. Este goberno vai seguir traballando, sen ningunha dúbida. Por certo, señoría, este goberno financiou a 25.000 fogares galegos o bono eléctrico, a diminución do prezo da luz...

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente. Terminou o tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E mentres este goberno lles impuxo ás eléctricas un imposto polo canon eólico de 250 millóns de euros, o Bipartito, o BNG-PSOE, ás eléctricas lles puxo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas...

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...cero impostos.

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): De defender Galicia e de defender os galegos, señora Pontón...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...aínda ten moito que estudar.

Moitas grazas, señoría.

O señor PRESIDENTE: Grazas. (Aplausos.)

Continuamos. Volvemos ao punto 4º da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e Dª Noa Susana Díaz Varela, sobre o mantemento por parte da Xunta de Galicia, para o curso 2021/2022, do mesmo número de docentes que no curso actual, con independencia do incremento que poida derivar da ampliación da oferta educativa

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Popular e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Ovidio Rodeiro Tato, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei. Emenda de substitución.

Debe substituírse o texto da parte resolutiva polo que segue:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a manter para o curso 2021/2022, cando menos, o mesmo número de docentes que no curso actual sempre que se manteñan as mesmas medidas hixiénico-sanitarias por parte das autoridades sanitarias e educativas para afrontar a pandemia e o



Goberno central faga efectiva a achega de recursos específicos como Fondo Covid educativo para poder destinar a contratación de persoal docente no Capítulo I».)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Manuel Lourenzo Sobral, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadir na parte resolutiva un novo apartado co seguinte texto:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a incrementar de xeito progresivo a dotación de profesorado no ensino público galego co obxectivo de acadar ratios máximas de 15 alumnos en Educación Infantil, 20 en Educación Primaria e 25 en Secundaria».)

O señor PRESIDENTE: Para defender a proposición non de lei ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

O inicio do curso académico 2020-2021 veu precedido, como todos sabemos, por un nivel de incertezas sen precedentes como consecuencia da pandemia provocada pola covid-19 que obrigou a todas as administracións educativas a adoptar medidas que garantisen o máximo nivel de presencialidade nos centros. As recomendacións sanitarias e o seu cumprimento téñense amosado como correctas para cumprir este obxectivo. Polo tanto, quero desde aquí, unha vez rematado onte o réxime presencial do curso académico 2020-2021, felicitar a toda a comunidade educativa, nomeadamente a nais, pais e alumnos, pero dun xeito moi especial a todo o profesorado, a todos os miles de profesores e profesoras que mantiveron un curso normal nunhas circunstancias extraordinariamente complicadas. *(Aplausos.)*

Evidentemente, o mantemento desas distancias interpersoais e a consecuente redución do número de alumnos nas aulas supuxo un incremento do número de unidades nas distintas etapas e, polo tanto, necesariamente, un incremento do profesorado para atender as novas necesidades.

Segundo o propio Goberno da Xunta de Galicia nunha resposta escrita a unha pregunta deste grupo parlamentario, con respecto ao curso 2019-2020, o incremento foi de 43 unidades en educación infantil, 113 en primaria, 425 en secundaria obrigatoria e 127 en bacharelato; en total, 708 novas unidades. E de 240 mestres e 1.058 profesores de educación secundaria; é dicir, 1.298, e non 2.000 nin 2.500, nin 3.400, nin esa guerra de cifras na que sumamos todo o profesorado, tanto o que dá clase directamente como o que se dedica a actividades de reforzo.

Evidentemente, o apoio do Goberno do Estado dende o principio foi claro e clave para conseguir que as comunidades autónomas tivesen os recursos necesarios para facer fronte ás necesidades, sobre todo de persoal, ás que se deberon enfrontar.



Debemos recordar necesariamente que o día 17 de xuño de 2020 se publicou o Real decreto lei 22/2020, do 16 de xuño, polo que se regula a creación do Fondo covid-19 e se establecen as regras relativas á súa distribución e libramento. Esta medida excepcional ditouse considerando o papel extraordinariamente relevante que desempeñan todas as comunidades autónomas na prestación de servizos públicos fundamentais como a educación, os servizos sociais e a sanidade, considerando, ademais, que as comunidades autónomas se debían enfrontar a ese incremento de gasto nas súas contas como consecuencia da pandemia ante un escenario de significativa diminución dos recursos dispoñibles para dar cobertura a estes servizos públicos.

E esta norma con respecto á distribución do Fondo covid-19 entre comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía determinaba que se faría por tramos, establecendo un tramo 3, que se dotou con 2.000 millóns de euros asociado a gasto en educación.

O día 2 de setembro do 2020 publicouse a orde que determinaba a contía da distribución definitiva entre as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla e lle asignaba á Comunidade Autónoma de Galicia 93 millóns de euros. De feito, foron 103 os millóns de euros de aportación do Goberno de España a Galicia para educación fronte á covid-19. E, desa cantidade, 96 millóns e medio corresponderon a transferencias directas á Xunta de Galicia para poder afrontar eses gastos extraordinarios.

Dende o Goberno do Estado, concretamente dende o Ministerio de Educación e Formación Profesional, e sempre respectando, por suposto, a capacidade dos gobernos das comunidades autónomas para a utilización destes fondos, fíxose fincapé en que os correspondentes a este tramo tiñan como finalidade os gastos educativos, poñendo como exemplo a contratación de profesorado, a habilitación de novos espazos ou outras necesidades ás que tivesen que facer fronte.

É pertinente recordar aquí, señorías, que con respecto a esta cantidade o propio presidente da Xunta de Galicia pediu liberdade para adicar estes fondos ao que o Goberno galego considerase, co argumento de que xa somos maiores de idade e de que nos deixen tomar as decisións correspondentes. E acorde con esta forma de actuar, buscando ese permanente enfrontamento, o Grupo Parlamentario Popular impediu a aprobación dunha proposición non de lei en comisión na que pediamos que se remitise ao Parlamento de Galicia, antes do remate do período de sesións anterior, a información detallada do destino que se lles dera a eses 93 millóns de euros. Iso ocorreu, señorías, na Comisión de Educación celebrada o día 27 de novembro do ano 2020.

O día 10 de febreiro deste ano, a ministra de Educación e Formación Profesional analizou coas comunidades autónomas as actuacións de Educación e Formación Profesional dentro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia; plan que, como sabemos, pese a algúns, foi aprobado recentemente pola Comisión Europea. Estas actuacións prevén uns investimentos de 1.900 millóns de euros para a modernización da Formación Profesional, 1.496 millóns en dixitalización e 1.118 millóns para previr o abandono escolar temperán e mellorar os resultados educativos.

Con respecto a estes 1.118 millóns de euros, imos facer un pequeno desglose: 681 millóns servirán para a creación de 65.00 prazas do primeiro ciclo de educación infantil de titula-



ridade pública —algo no que esta comunidade autónoma non anda particularmente sobrada—, 320 millóns para a implantación dun programa de orientación, avance e enriquecemento educativo, coñecido como o programa PROA, e 124 millóns de euros para a creación de 1.460 unidades de acompañamento e orientación.

Señor conselleiro, agradecéndolle que teña a deferencia de asistir á tramitación desta proposición non de lei, sabe vostede que publicaron unha resolución o 14 de xuño na que se crea con carácter experimental a rede de acompañamento e orientación persoal e familiar de Galicia e que van seleccionar 32 centros. Evidentemente, o máis chamativo desa resolución non é que seleccionen 32, senón que vostedes din que esas actuacións poderán ser obxecto de cofinanciamento polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, cando en realidade «cofinanciar» significa que unha parte paga unha porcentaxe e outra paga a outra, non a totalidade, que creo que vai ser o caso. (*Aplausos.*) Teñen un concepto de cofinanciamento un tanto laxo.

Recentemente téñense aprobado medidas hixiénico-sanitarias para o curso 2021-2022 no seo da reunión conxunta da Conferencia Sectorial de Educación e do Consello Interterritorial cos conselleiros de Educación e Sanidade que prevén pequenas modificacións con respecto ás medidas adoptadas e que se teñen revelado como exitosas no curso que acaba de rematar. Por exemplo, que a máscara vai seguir obrigatoria a partir dos 6 anos, que seguen os grupos estables de convivencia ata cuarto de primaria, que se reforzarán as medidas de ventilación cruzada e que cabe a posibilidade de reducir a distancia interpersoal de 1,5 a 1,2 metros en función da evolución da situación sanitaria. As reformas non parece que sexan tan enormes como para avanzar un futuro moi diferente do que se viviu neste curso que rematou onte. O Goberno do Estado vai destinar ás comunidades autónomas 13.400 millóns de euros extraordinarios para a loita contra a pandemia, e, ademais, poñerá á súa disposición 10.000 millóns de euros do mecanismo de reactivación da Unión Europea, un fondo de investimento rápido que permitirá inxectar neste ano 8.000 millóns e outros 2.000 millóns en 2022 en educación, sanidade e políticas sociais.

Dicía hai uns días na Comisión de Educación que falabamos de millóns de euros coma se fosen bolsas de golosinas, pero, claro, son moitos cartos os que van vir por parte do Goberno do Estado para a comunidade autónoma para facer fronte a esta nova situación.

Evidentemente, temos que converter a adversidade nunha oportunidade para acelerar a recuperación do sistema educativo, que se enfrontou á pandemia tras anos de recortes e enfraquecemento e que debe consolidar os reforzos cos que se fortaleceu durante estes meses.

E temos que ser capaces de aprobar esta iniciativa no Parlamento de Galicia, porque acabamos de comprobar como o Grupo Parlamentario Popular votou na Comisión de Educación última que o propio Goberno de Galicia gastase a totalidade dos fondos que el mesmo orzou nun programa educativo. É ridículo desde o punto de vista político que un goberno vote en contra de executar un orzamento que el mesmo aprobou. Desde logo, iso é para que conste nos anais da tramitación parlamentaria dunha iniciativa e dun orzamento.

Polo tanto, señorías, cremos que as condicións que se van dar no próximo curso non van ser substancialmente distintas ás deste. Temos a seguridade, por moito que vostedes se empeñen,



de que o Goberno de España vai transferir á Comunidade Autónoma de Galicia e ao resto das comunidades autónomas os orzamentos suficientes para manter o mesmo número de profesores que tiñamos neste curso. Polo tanto, o que se pide nesta iniciativa parlamentaria é que se manteña, cando menos, o mesmo número de docentes que no curso actual, con independencia, iso si, do incremento que poida estar asociado á nova oferta educativa, porque aquí non vale mezclar todo. A nova oferta educativa, evidentemente, supón novo profesorado.

Creo, señorías, que o sistema educativo da comunidade autónoma, as nais e pais, os alumnos e os profesores merecen ese compromiso da Xunta de Galicia, porque, insisto, non lles vai supor ningún esforzo orzamentario adicional, posto que van recibir os fondos do Goberno do Estado, que, por certo, para iso están, tamén para axudar as comunidades autónomas que forman parte, evidentemente, da Administración do Estado.

Nada máis, pola miña parte, e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: Grazas, presidente.

Cando hai nestas datas xusto un ano a comunidade educativa —que levaba xa varios meses reinventándose para afrontar aquela situación que nos viña enriba— exixía que a Xunta de Galiza fixese os deberes, que dotase os centros do persoal e dos recursos necesarios, ¿lembran cal era o debate que se estaba a dar na Consellería? ¿Lembran —cando toda a comunidade educativa denunciaba que os problemas cos que se estaba a atopar tiñan a cerna na falta de recursos, nos problemas de formación e na falta de persoal— cal era a resposta que estaba a dar naquel entón a Consellería de Educación? ¿Lembran cando os centros estaban traballando, mesmo en agosto, e a Consellería de Educación, a Xunta de Galiza, se dedicaba a aquel «pim, pam, pum» de botar balóns fóra sistematicamente? Namentres, o profesorado estaba día si e día tamén ao pé do canón e houbo que agardar seis meses para ter un protocolo covid, oito meses para un protocolo de necesidades educativas especiais, dez meses —con rectificación da AVA incluída— para o ensino a distancia. ¿Lembran aquela feliz idea —permítanme a ironía, señor conselleiro, que tamén lle agradezo que aquí estea— da semipresencialidade en segundo de bacharelato? ¿Lembra a rectificación, tarde, mal e arrastro, e as consecuencias que tivo para a comunidade educativa?

Pois ben, todas estas preguntas teñen, como motivo recorrente na súa resposta, o aspecto que estamos a abordar nesta iniciativa. E non é outro que a obsesión e a cerrazón da Consellería de Educación e do Partido Popular de reducir, mesmo nun contexto de pandemia, a contratación de profesorado no ensino público galego á súa máxima expresión. E, por iso, dende o BNG consideramos que esta iniciativa pon enriba da mesa tres reflexións que a comunidade educativa demanda e que debemos abordar en toda a súa dimensión.



A primeira destas reflexións eu creo que, dalgún xeito, vai ao miolo deste debate que se nos plantexa, e ten que ver con que se, por unha banda, os problemas vividos na comunidade educativa son conxuntura ou se tamén beben da estrutura. Dito doutro xeito, a pandemia foi unha circunstancia excepcional que obrigou a tomar medidas excepcionais —si, así foi—, mais tamén a pandemia puxo en evidencia problemas de orixe, problemas estruturais, que tiñamos no sistema educativo público do noso país. A segunda reflexión ten que ver coas cuestións técnicas e legais que temos neste momento enriba da mesa. E a terceira pois ten que ver con aquilo do «¿que facer?», coa praxe política que temos diante deste escenario.

Vaiamos por puntos. Na primeira reflexión o que creo, o que consideramos dende o BNG, é que a pandemia exixiu —claro que si— esforzos importantes. Pero estes esforzos non foron nin os mesmos nin do mesmo tipo en función de cal fose o punto de partida dos centros e das comunidades. Polo tanto, o que é evidente é que ningún país, ningunha sociedade, podería estar naquel entón preparada para algo así, mais a pandemia evidenciou problemas que eran estruturais do sistema educativo. Tamén evidenciou fortalezas; entre elas, o papel da comunidade educativa —polo que tamén me quero sumar ao agradecemento por ese esforzo—, que soubo demostrar que nos momentos nos que hai que estar á altura foi capaz de dar o do de peito. Mais a pandemia foi causa de moitos problemas, pero tamén foi espello, foi evidencia, de moitos outros. Porque a saturación horaria do profesorado —que implementou, por certo, o Partido Popular— estaba xa no noso sistema educativo antes da pandemia. A burocratización absurda que tantos problemas trouxo durante a pandemia estaba tamén antes. As ratios de 30 alumnos por aula —a 35 podía chegar no caso do bacharelato— a raíz daquel incremento horario e da perda de profesores no sistema público estaba tamén antes da pandemia. A fenda social e xeográfica de cara ao ensino dixital estaba tamén antes da pandemia. Os problemas de formación dixital estaban tamén antes da pandemia.

E, polo tanto, o problema que aquí trae á consideración esta emenda do PSdeG é cal é o ensino que imos evidenciar de cara a este curso, cal é a dotación de persoal —sobre todo de cara a este curso—. Mais nós queremos incidir en cal é o novo modelo de ensino que este país precisa. Porque aquí temos dúas opcións. A primeira opción é a de «morta a rabia, acabou o can», e digo ben, unha vez pasada a pandemia aquí, xa imos volver á situación normal, obviando que todos os problemas que tiñamos enriba da mesa pois non tiveron o impacto que a comunidade educativa estivo a denunciar. E a outra é aprender do vivido; aprender que a pandemia nos deixou claro —e así o traslada a comunidade educativa— que este país precisa un sistema educativo forte. E para iso é preciso manter —neste ano— e ampliar o profesorado —porque, por unha banda, debemos reforzar aqueles problemas que tivemos ao longo deste tempo e dende logo subsanar todas as dificultades que houbo ao longo destes dous cursos, que requiren que se implemente ese profesorado—, mais tamén ter a conciencia de que está a demandar todo o sector, toda a comunidade educativa, que un sistema educativo forte non se pode permitir o incremento de ratios e os recortes de profesorado que estiveron enriba da mesa durante a toda esta década do Partido Popular.

Polo tanto, esta PNL fai referencia a pequenas modificacións que se deron na Conferencia Sectorial e na reunión co Consello Interterritorial —os conselleiros de Educación e Sanidade—, que non sei se algunhas son tan pequenas como dicía o señor Álvarez. Mais o certo é que, sobre moitas destas consideracións que estaban enriba da mesa —entre outras, a re-



dución desa distancia de seguridade de 1,5 a 1,2 metros, que hai escasos días dixo a propia ministra que se abría a porta tamén a suprimir estas distancias de seguridade—, todos sabemos aquí como as xoga o Partido Popular ante eses escenarios. Foi ese mesmo día, se non me engano, cando o presidente Núñez Feijóo dixo literalmente: «Se o protocolo que finalmente sae adiante é o plantexado na sectorial, terá repercusión nas distancias físicas e terá tamén repercusión no persoal» —sic, literalmente—.

Polo tanto, o que estamos é a vaciar esa primeira tese, a que aquí se estaba a traer. E, polo tanto, si que é certo que estes condicionantes que estableceron nesa xuntanza establecían esa posibilidade, mais non obriga. E si é certo que tamén hai que ver o que pasa con esa repartición de fondos. En ocasións o Partido Popular bota aquí as mans á cabeza en contra deses criterios de repartición e despois en Madrid vota a favor deses mesmos criterios. Agardemos que esta vez non sexa así.

O que si deixa enriba da mesa —e o debate eu creo que está resolto, a cuestión do tipo de profesorado que estaría afectado— é que no inmediato 1.300 profesores están no aire cos cambios que se poderían implementar se non se mantén este número de profesores, e co impacto que isto tería nun ano no que se require fortalecer o sistema público de cara ás ratios; por exemplo, 30 na ESO —ao que se podería volver—, 35 nos bacharelatos, máis de 25 alumnos na educación primaria e infantil —que, por certo, xa neste curso tivemos 144 aulas que sobrepasaban ese número. E iso vai na liña contraria do que está a dicir a comunidade educativa, do que dixo e do que se sinalou na Comisión de Reactivación, pero, sobre todo, do que se sinala no sentido común.

Polo tanto, a nosa proposta —e de aí o sentido da nosa emenda— di que o sistema educativo saíu adiante grazas ao esforzo duns profesionais que estiveron ao límite, grazas ao esforzo das familias e grazas ao esforzo do estudantado. A pandemia evidenciou que é preciso reforzar un sistema público que leva, na última década, un recorte do 4,6 % do profesorado no ensino público, ao tempo que se incrementa nun 7,5 % no ensino privado e no ensino concertado; un sistema público no que estamos hoxe, en termos absolutos —cos datos da propia Consellería de Educación, e é certo que é unha previsión para o curso 2021-2021—, en 31.480 profesores, cando no ano 2010 tiñamos 31.380. Estamos por debaixo do número de profesores de hai unha década. Polo tanto, o sistema educativo pasa por aspirar ás ratios que afonden na calidade do ensino, pasa por apostar por que teñamos como obxectivo, por suposto, que se manteña o profesorado neste curso e mais por que se avance no modelo 10-20-25 de ratios para atender todas as demandas que temos no noso sistema educativo. Obviamente, isto non vai ser no inmediato, mais ese debe ser o obxectivo.

Eu creo que moi mala mensaxe estaríamos a mandar a unha comunidade educativa —que deu o mellor de si ao longo desta pandemia, que non aforrou esforzos, que non aforrou entrega para sacar adiante os cursos máis difíciles que tivemos en décadas— se o que lle estamos a ensinar agora a todo este persoal é —unha vez que todos estes problemas van mirando a luz, que conseguimos chegar ao final— onde está a porta de saída. Moi pola contra, o que a comunidade educativa pide é que non queren recoñecementos verbais; o que queren é un sistema educativo público forte, dotado de profesorado, dotado de recursos e que dea apoio aos retos que este país ten por diante e que esta comunidade educativa merece por todo o esforzo que deu.



Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lourenzo Sobral.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Rodeiro.

O señor RODEIRO TATO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, moi bo día.

Pois a verdade é que, escoitando os portavoces en materia de educación, ben é certo que habería que dicir que o Bloque Nacionalista Galego tamén ten oportunidade de solicitar este incremento de ratios no propio Congreso dos Deputados —explicarei despois o porqué—. E tamén o Partido Socialista podería ter solicitado á ministra que se concreten eses fondos que nos expuxo aquí o portavoz do Grupo Socialista e que se concrete, sobre todo, o que lle corresponde a cada comunidade autónoma. E iso tamén se podería ter feito nesta recente visita do señor Caballero ao Ministerio, porque, fronte a esta falta de concreción de fondos, a Xunta de Galicia está avanzando coa posta en marcha do Plan Recupera, que contará con 1.250 profesores extra para reforzar as aprendizaxes que se viron afectadas pola pandemia de xeito que non quede ninguén atrás. E, ademais, gustaríame dicir que Galicia é a segunda comunidade autónoma de España coa menor ratio de profesor/alumno, só por detrás de Extremadura e que, ao mesmo tempo, se están celebrando as oposicións máis importantes da historia, con case 4.000 prazas para estabilizar os docentes. Estamos a piques de pechar o curso escolar máis complicado da historia, cun resultado moi satisfactorio grazas ao esforzo —¿como non?— de toda a comunidade educativa, e que contou cun investimento extra de 162 millóns de euros. O ensino, igual que o resto da sociedade, debe ir recuperando gradualmente a normalidade, e para iso é preciso un protocolo de transición que marque as pautas sanitarias en función de establecer —como debe ser— os recursos de persoal. Galicia vai contar —e non teñan ningunha dúbida— con todo o profesorado que sexa preciso para o vindeiro curso, como se fixo ata o de agora.

E, a verdade, é curioso escoitar a oposición nesta Cámara cando negaban que o sistema educativo contaba con máis docentes como medida de reforzo. Negaban ao inicio do curso que ese incremento existiu e agora teñen que recoñecelo e admitir que as súas críticas non se correspondían coa realidade. Nós estamos de acordo con que sería bo abandonar unha guerra de cifras respecto do número de profesores no sistema educativo, xa que a oposición xoga cos números á baixa cando comeza o curso escolar para denunciar recortes e noutros momentos xoga á alza para presionar polos incrementos. Pasamos de recoñecer que había reforzos ou de falar de 2.300, a que o Partido Socialista diga que son 1.800 ou a que o sindicato da CIG diga que eran 2.600. Pois, miren, ten que haber os docentes precisos en cada momento para atender as necesidades educativas do alumnado galego, que, como saben, non teñen as mesmas características todos os cursos. Hai que adaptarse ás necesidades, hai que adaptarse aos tempos ordinarios e tamén aos tempos extraordinarios. E, dende logo, a Consellería en cada curso escolar asume con responsabilidade e con respecto a normativa vixente



coa tarefa de determinar o número de unidades educativas; de determinar os postos de traballo de educación infantil, primaria e secundaria necesarios, así como de profesores e especialistas que corresponden aos centros docentes. Fíxose ao inicio de cada curso escolar, e fíxose tamén ao inicio dun curso excepcional como este da pandemia. Polo tanto, o número de profesores quedará pechado unha vez concluído o período de matrícula e os protocolos sanitarios definitivos, que, ademais, tan importantes son.

Polo tanto, esta proposición a verdade é que —ao noso entender— pretende instrumentalizar preventivamente este asunto, como o está a facer o Partido Socialista tamén coa propia visita do señor Caballero á ministra. E, por certo, se quería ser útil ao ensino galego, ben puido aproveitar a visita para reivindicar que o Goberno central concretase canto antes eses fondos estatais, o que lle corresponde a cada comunidade autónoma. E isto non o reclama só a Xunta de Galicia, reclámanos tamén outros gobernos autonómicos. Mesmo o presidente da Comunidade Valenciana o 19 de maio pediu fondos extraordinarios para poder afrontar esta pandemia, e isto ben o puido facer tamén o señor Caballero na súa visita ao Ministerio.

Non queremos pensar que o Goberno de Sánchez lle vai negar a Galicia o que lles dá a outras comunidades autónomas. Pero, miren, se aceptan vostedes a nosa emenda, o Partido Socialista ten a posibilidade de que o señor Caballero pida o mesmo para Galicia que o señor Ximo Puig para a súa comunidade e tamén de demostrar que a ministra cumpre coas comunidades autónomas para garantir que o curso 2021-2022 se poida desenvolver tamén con todas as garantías.

O 19 de maio o Goberno central fixou para as comunidades autónomas as condicións para o Protocolo educativo covid no curso 2021-2022, e falou dos recursos que vostede nos trasladou aquí, señora Albert, na súa iniciativa. Pero non valen só os anuncios, é preciso que se concreten, e que se concrete o que lle corresponde a cada comunidade autónoma. E insistimos na concreción dos fondos, que é moi importante, porque non queremos que volva pasar o que pasou coa repartición dos fondos anteriores, onde non se tivo en conta o impacto do transporte escolar nin o impacto do gasto en comedores que ten Galicia. Ese cambio de criterio supúxolle a Galicia perder nada máis e nada menos que 36, 3 millóns de euros. Porque a verdade é que dá a impresión cada vez máis de que os fondos europeos, cando pasan pola man do señor Sánchez, acaban prexudicando e de que os acaban recortando, que, polos criterios establecidos, a Galicia lle corresponden máis. Isto está pasando, estámolo vendo, e anunciáboas ao presidente hai escasos minutos.

Polo tanto, a Xunta e este grupo parlamentario demandamos que se concreten canto antes eses fondos estatais, e ademais un protocolo sen ambigüidades nin cambios de última hora, xa que todos recordamos o que pasou o 27 de agosto do ano pasado, porque é preciso ter certezas. E, ademais, estes recursos que se anuncian teñen que servir para mellorar o sistema educativo, pero tamén teñen que poder ser executados no capítulo I, de persoal, porque é do que vostedes aquí están falando. Polo tanto, eu creo que estes cartos teñen que chegar e teñen que ser executados onde fan falta.

Hai certas declaracións da ministra nas que dá a impresión de que dá consellos e convida, pero para que paguen outros. Polo tanto, creo que no tema das ratios por aula a propia mi-



nistra —e por iso llo dicía, señor Lourenzo— ten recoñecido que as ratios están determinadas por lei. Polo tanto, se as ratios están determinadas por lei, agardamos que a oposición non pretenda que as adaptacións puntuais derivadas da pandemia se convertan nunha norma pola porta de atrás. ¿E sabe por que? Porque, se se converten en norma, estaríamos asumindo un gasto a maiores que lle corresponde asumir ao Estado. Polo tanto, xogan con este tema das ratios, cando se acaba de aprobar unha Lei de educación, que era onde realmente había que incorporar iso, e non se incorporou. E vostedes, os señores do BNG, que tanto se cansaron de aplaudir esta lei porque retiraba a lingua vehicular en Cataluña, pois ben podían tamén incorporar este debate a esa lei, porque é a clave das ratios.

Pero, en todo caso, quero dicirlles e recordarlles aos membros desta Cámara que antes da pandemia Galicia contaba con 10,3 alumnos por profesor e que despois da pandemia, nestes momentos, estamos en 9,3 alumnos por profesor, que nos sitúan na segunda comunidade de España coa mellor ratio. Polo tanto, dentro desa marxe de subida e baixada, Galicia fai os seus deberes e aposta polas ratios, como pode acreditarse cos datos que lles acabo de trasladar.

Creo que este curso comezou con moitas incertezas e que empezamos un novo curso con diferentes matices, principalmente polo avance da vacinación. Iso supón que hai que estar, evidentemente, preparados e que non se pode baixar a garda e tampouco pasarse de freada. Hai que adaptarse ás necesidades. E, dende logo, eu quero rexeitar aquí que se poña en dúbida que a Consellería cumpre co seu deber de dotar o sistema educativo cos docentes que precisa.

Polo tanto, creo que a emenda que nós presentamos mantén o corpo da emenda do Partido Socialista. Pedimos que se manteña o mesmo número de docentes que no curso actual, sempre que se manteñan as medidas hixiénico-sanitarias por parte das autoridades sanitarias educativas para afrontar a pandemia e que o Goberno central faga efectiva a achega dos recursos específicos, como o Fondo covid educativo, para destinar á contratación do persoal docente polo capítulo I. Creo que son dous asuntos moi importantes que ben poden ser apoiados por todos os membros desta Cámara.

En definitiva, Galicia aposta por un protocolo de transición cunha visión integral para recuperar proximamente a normalidade no ensino, para garantir a seguridade sanitaria e, ao mesmo tempo, para que se brinde a calidade e equidade. E dende logo que para manter estas medidas o que reclamamos é que se concreten eses fondos e que se concreten canto antes. En todo caso, quero dicirlles que, ao noso parecer, Galicia vai nunha posición adiantada, xa que ocupamos a primeira posición no Estado co máximo investimento por alumno nas comunidades do réxime común, que son 6.932 euros, que representan 1.200 euros máis que a media de España. Somos a segunda comunidade —como dicía— coa mellor ratio profesor/alumno; e o sistema educativo galego conta coa taxa de interinidade máis baixa de España, do 7 %, para fortalecer o ensino.

Acábase de presentar o Plan Recupera e estase traballando para a incorporación deses 1.250 profesores. Hai que seguir avanzando nun modelo de reforzar as aprendizaxes, de mellorar o benestar emocional e de darlle un impulso...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RODEIRO TATO: ...ao modelo de centros covid.

Máis nada, señor presidente, e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodeiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rodeiro, non sabe ben o que me alegro de que sigan vostedes con particular intensidade a axenda do señor Caballero e non sabe ben o que me alegro de que estean pendentes das visitas que fai o señor Caballero aos distintos ministerios do Goberno do Estado. Pero tamén lle digo: dubido moito de que o señor Caballero someta á consideración do Partido Popular con quen se ten que entrevistar e con quen non. El ha de facer o que considere pertinente, *(Aplausos.)* gústelle máis ou menos ao Partido Popular.

Onte asistimos neste pleno a unhas intervencións bastante documentadas, nas que se citou a Milan Kundera e a Maslow. Eu tampouco quero ser menos, vou citar a un Premio Nobel de Literatura do ano 1953, Winston Churchill, que dicía que el só cría nas estatísticas que el persoalmente tiña manipulado. Esta é a realidade, señor Rodeiro. *(Murmurios.)*

Vostede veñen aquí cun discurso de serie, como diría o señor conselleiro, no que asumen automaticamente que o Goberno do Estado non lles vai transferir os fondos que acaba transferindo. Aínda teño por documentar o feito de que os alumnos galegos durante a pandemia comen dúas veces no comedor escolar, porque resulta que hai que ter en conta o gasto en comedor escolar que teñen os alumnos de Galicia á hora de distribuír os fondos. E tamén que fosen dúas veces ao día no transporte escolar —evidentemente, entendido como dupla viaxe de ida e volta—. Seguen vostedes instalados nesa retórica.

E, claro, o problema, como dicía o señor Lourenzo, é este, señor Rodeiro. *(O señor Álvarez Martínez mostra unha gráfica.)* Non está negro sobre branco; está negro, azul e unhas pingas de vermello sobre branco. Esta é a realidade da evolución do profesorado do ensino público dende o ano 2006 ao ano 2020.

¿E que ocorre? Que entre o ano 2006 e o ano 2010 hai un incremento continuado do profesorado, e entre o ano 2010 e o ano 2019 redúcense 1.440. Estes datos supoñen que non mos cuestionarán; non teño manipulada esta estatística, posto que son datos da propia Consellería de Educación na súa memoria anual, que presenta sobre datos educativos.

Imaxinen, señorías —porque din que sempre é moi conveniente poñerlle cara e nome ás persoas e ás cousas—, que de repente desapareceran o equivalente a 20 parlamentos de Ga-



licia convertidos en profesoras e profesores, que é o cociente que dá a división entre o número de profesores que se reduciron e 75. Ou imaxinen que, de repente, desaparecen de Galicia 58 claustros de 25 profesores. Pois esta é a división que dá esa redución entre 25.

Esta, señor Rodeiro, é a realidade. E a realidade é que, como dicía o señor Lourenzo, é un problema estrutural. Eu dicía na miña primeira intervención —e xa sei que é unha frase que é un lugar común— que hai que aproveitar as crises como oportunidades e que hai que recuperar o número de profesores que ten o sistema público galego. Haino que recuperar, señor Rodeiro, porque digan vostedes o que digan van ter fondos suficientes para facelo.

¿Que se poden meter de novo máis alumnos por aula porque os protocolos sanitarios así o determinan? Perfecto. Pero é que temos problemas gravísimos, históricos, como consecuencia desta redución, como, por exemplo, o cómputo ou non dos alumnos repetidores, a oferta ou non de optatividade suficiente ao alumnado ou a recuperación das condicións laborais do profesorado en canto aos seus horarios. Polo tanto, hai unha auténtica pléiade de problemas pendentes de resolver, e pódese aproveitar neste momento.

Insisto, se o número de alumnos pode ser maior por aula, aproveiten vostedes para corrixir problemas estruturais que ten o Sistema educativo galego. Porque, miren, cando un di que ten unha dotación extraordinaria de fondos covid para facer obras de adecuación por un importe nos orzamentos de preto de 19 millóns de euros e se lle di a calquera cidadán: ¿en que cre vostede que vai gastar a Consellería de Educación eses fondos extraordinarios, que son para resolver os problemas covid? Ben, pois, como hai que facer novos espazos, un pode crer que, ao mellor, onde hai tres aulas, hai que facer dúas, que hai que tirar tabiques, que hai que facer obras de adecuación, de construción de novos espazos, etc. Pero cando un acode á Plataforma de contratación de Galicia e comproba que hai obras por máis ou menos 10 millóns de euros, que son substitucións de cubertas nos centros ou nos pavillóns, pois non resulta particularmente complicado entender que se está facendo un uso inadecuado, cando menos, dende un punto de vista conceptual, daqueles fondos e do seu destino orixinal.

Polo tanto, señor Rodeiro, non imos aceptar a súa emenda, e mire que barrunto que con esta non aceptación non vai saír a iniciativa adiante. Chámeme esclarecido, (*Risos.*), pero creo que as cousas van ir por aí.

E tampouco imos aceptar a emenda do Bloque Nacionalista Galego, porque, evidentemente, o debate sobre a redución de ratios é un debate absolutamente distinto. ¿Importante? Si, porque hai unha vinculación, non directa; non directa, non tan obvia como se cre entre redución de ratios e o incremento do éxito escolar. En todo caso, o sentido da nosa iniciativa é manter o mesmo número de profesores para o curso que vén, aproveitando que lle vai saír gratis, porque, a diferenza do que vostede di no caso do Goberno de España, este cando invita, paga.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)



Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de D^a María Guadalupe Murillo Solís e cinco deputados/as máis, sobre a defensa por parte da Xunta de Galicia da autonomía financeira e capacidade normativa en materia tributaria e a demanda ao Goberno de España da reversión da modificación do artigo 36 da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas que prevé o Proxecto de lei de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para defender a proposición non de lei ten a palabra o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, este ano estamos celebrando o 40º aniversario do acceso ao autogoberno de Galicia no marco da Constitución española de 1978.

O meu partido tivo a honra, pola confianza dada reiteradas veces polo pobo galego desde entón, de ser o actor principal, coa colaboración da oposición, da construción, consolidación e defensa do autogoberno. Unha defensa do autogoberno que, entre outras cousas, pon de manifesto o carácter federal do sistema político español; un sistema político no que, ao igual que no resto dos países federais, hai controversias sobre o exercicio das competencias entre o Estado, a Administración central e os entes subcentrais. E este desenvolvemento do autogoberno tivo manifestacións por todas partes, no ámbito institucional, no ámbito político e no ámbito económico, pero hai dous ámbitos que foron especialmente relevantes para a consolidación da autonomía.

En primeiro lugar, desenvolvemos o dereito civil propio de Galicia. O dereito civil propio de Galicia está recoñecido pola Constitución no artigo 149.1.8º, e está incluído no Estatuto de autonomía, no 27.4, e levou, despois de moito traballo a través da Comisión Superior de Dereito Civil de Galicia, á aprobación por esta Cámara —con votación unánime, como correspondía a unha das normas simbólicas do noso ser cultural e base do autogoberno— por unanimidade da Lei 2/2006, de dereito civil de Galicia. Nesa lei inclúense, como vostedes coñecen, dúas figuras propias do noso dereito civil propio, que son os pactos sucesorios de mellora e de apartación, que constitúen negocios xurídicos propios de Galicia. Hai algunha outra comunidade autónoma que ten figuras semellantes, pero consisten basicamente, como explica Pablo Sande, no seu excelente Dicionario de xurisprudencia galega —e cito o profesor Sande, agora maxistrado, porque foi o primeiro que nos impartiu clases de Dereito Civil á xeración xusto posterior á Transición na Facultade de Dereito da Universidade Compostelá, cousa que era bastante estraña naquelas datas—, nuns pactos que conlevan a entrega do pleno dominio de bens no presente; pactos que son irrevogables e que impiden a reserva de facultades de disposición por parte do causante, por parte de quen dá o ben en sucesión. De feito, é unha figura tan claramente sucesoria que non se pode comparar, por exemplo, coas doazóns, porque incluso a propia lei prevé mecanismos de defensa dos outros herdeiros, que poden ser herdeiros que teñen dereito á súa cota, para defenderse fronte a que estes pactos excedan a porción hereditaria que lle corresponde a cada herdeiro. Evidentemente, que exista esta figura pode gustar máis ou menos en Galicia ou fóra de Galicia, pero o feito é que existe e que a Constitución, o Estatuto e a lei o recoñecen.



A segunda cuestión específica onde desenvolvemos o autogoberno é na autonomía fiscal. Novamente a Constitución, no artigo 157, reconece a autonomía financeira das comunidades autónomas, e o Estatuto, nos artigos 42 e 44, tamén o reconece; a LOFCA prevé cales son os mecanismos para o exercicio desa autonomía fiscal, e basicamente son os tributos propios e os tributos cedidos con capacidade normativa, porque, ademais, pola parte do gasto, temos máis capacidade de autonomía participando nos ingresos do Estado, ben a través de participacións en impostos estatais ou no conxunto da tributación estatal.

Pois ben, aí igualmente desenvolvemos a nosa autonomía, regulamos un dos impostos cedidos, que é o imposto de sucesións. Nestes momentos os herdeiros en primeiro grao ou os cónxuxes que reciban un millón de euros están exentos do pago do tributo. É unha decisión de política fiscal. O imposto de sucesións é controvertido, pode haber distintas opinións sobre cal debe ser a carga que se ten. Nós pensamos que esta é unha medida que se axusta bastante ben aos incentivos para o aforro coa xustiza fiscal, porque exclúe a herdeiros de maior grao e, por suposto, aos que reciben cantidades superiores á indicada. Pode ser discutible, pero o feito é que é un exercicio de autonomía fiscal que exerce a maioría e que nun momento futuro outra maioría pode cambiar, pode mudar libremente. Estamos falando, polo tanto, do exercicio de dereito de autonomía en dous ámbitos: o desenvolvemento do dereito civil propio de Galicia ou o da autonomía financeira.

A combinación das dúas regulacións levounos a que este instrumento gañara moita importancia social nun momento de crise. Nada menos que 140.000 galegos e galegas foron beneficiarios de pactos sucesorios, na súa maior parte xoves, cumprindo así a función social de poder emanciparse, de poder emprender un negocio, nun momento en que era extremadamente complexo e complicado capitalizar ao inicio da vida da xente nova; e moitas veces tamén a vella función social que tiñan estes pactos, de garantir por parte do causante, do que fai a herdanza en vida, os coidados, que era unha das cuestións polas que tradicionalmente se desenvolveu esta figura.

Incomprensiblemente, como é ben sabido, a Axencia Estatal Tributaria non acaba de comprender a natureza xurídica *mortis causa* destes pactos, tratouna coma se fose unha doazón *inter vivos*; polo tanto, en vez de entender que había unha operación *mortis causa*, entendía que debía tributar polo IRPF, que había que consideralo como unha ganancia patrimonial. Dado que moitas veces son bens que se adquiriron no pasado, procedía a actualización do valor e incorporaba a base do IRPF. Saben vostedes que houbo unha conflitividade xurídica longa. O Tribunal Superior de Xustiza varias veces fallou en contra da Axencia Tributaria e, finalmente, o Tribunal Supremo deixou ben claras as cousas. Polo medio, tivemos que traelo ao Parlamento e tivemos que pedirlle á Axencia Tributaria que deixase de facer esa interpretación. Desgraciadamente, só os tribunais convenceron a Axencia Tributaria de que deixara de tratar os pactos sucesorios galegos como o que non eran.

A nosa sorpresa é que, unha vez que está resolto isto xudicialmente, o Goberno presenta no Congreso un proxecto de lei antifraude no que modifica un artigo da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas —o 36— que equipara e considera fraude fiscal calquera operación pola cal un herdeiro en vida proceda á venda do ben, e de forma obrigatoria ten que considerarse o valor inicial da adquisición do causante e non o valor do momento, que xa está actualizado, como consecuencia da aplicación do imposto sobre sucesións.



Evidentemente, esta reforma vai en contra do dereito civil propio porque deturpa o significado de transmisión incondicionada irreversible e de pleno dominio do ben, porque pon unha limitación a través dunha norma fiscal, e, por suposto, tamén vulnera a autonomía fiscal da Comunidade Autónoma, que, pode compartirse ou non, pero está facendo unha política exitosa de capitalización da xente nova ao inicio da súa vida laboral ou persoal. É grave porque, ademais, a Axencia Tributaria ten instrumentos para combater a fraude, como cando hai fraude con calquera outro negocio xurídico contemplado no Código civil.

A Axencia Tributaria pode considerar que hai unha simulación, pode demostrar que os cartos que recibe o herdeiro foron devoltos ao pai, no caso de que fose esa a maneira de defraudar, e ademais ten elementos e efectos probatorios. O que é certo e é moito máis cómodo para a Axencia Tributaria é considerar que todos os galegos que venden ou que herdaron en vida dos pais son defraudadores. Adicionalmente crea un problema de retroactividade, porque hai moita xente que recibiu xa bens e que, unha vez que os adquire nunhas condicións, resulta que agora contemplan que, se os queren vender, teñen unha lexislación tributaria completamente distinta.

A proba de que isto vai en contra do dereito civil de Galicia e da nosa autonomía financeira foi a reacción practicamente unánime de todos os voceiros xurídicos, da propia Comisión Superior do Dereito Civil de Galicia e mesmo dalgún profesor —que eu recoñezo a súa coraxe, fronte ao que di o seu partido—, como o profesor Iglesias Redondo, da facultade de Dereito de Santiago, que clamaron contra esta reforma. Só se pronunciou a favor un inspector de Facenda, Julio Ransés Pérez Boga, que escribiu nun periódico galego, en *La Voz de Galicia*, que estaba moi ben esta decisión porque «...detectamos en muchos casos que eran operaciones fraudulentas. Es una modificación muy justa aunque quizá de rabia a los gallegos, porque teníamos ahí una forma de no pagar impuestos. Pero no era justa, comparada con otras comunidades autónomas». É dicir, que se hai algunha fraude, todos fraudulentos. E, ademais, cuestiona a autonomía fiscal, porque di que a el non lle gusta a fiscalidade que teñen estes pactos en Galicia.

O sorprendente é que o Partido Socialista e Podemos desde o Goberno amparen estas argumentacións. E nós —sei que hai unha emenda, despois na réplica seguro que terei ocasión de falar dela— entendemos que non é de recibo que se vulnere a autonomía fiscal e financeira de Galicia nin o dereito civil de Galicia. É máis, o mero feito de que haxa unha emenda que reduce a cinco anos a validez desta presunción o que fai é recoñecer que o propio dereito civil de Galicia estaba sendo vulnerado. De feito, o propio Partido Socialista, cando presenta a emenda, así o pon de manifesto.

En consecuencia, e dado que incluso con esa emenda se segue deturpando o dereito civil e a autonomía financeira de Galicia, o que pedimos é o apoio da Cámara para pedir respecto ao autogoberno, para pedir a supresión dun artigo que vulnera claramente a autonomía financeira e o dereito civil de Galicia e, no caso de que se manteña esta vulneración da autonomía financeira e do dereito civil de Galicia, instamos a Xunta a que actúe e empregue todos os recursos xurídicos ao seu alcance para evitalo.

Nós pensamos que dentro das manifestacións culturais que lle dan sentido ao noso ser e, polo tanto, que lle dan tamén sentido á nosa autonomía política, hai unha que salienta, lo-



xicamente, que é a lingua; pero hai outra igual de importante, porque emana do pobo directamente, do mesmo xeito que a lingua, que é o dereito. E por iso pedimos o apoio da Cámara para que se suprima esa consideración que deturpa o significado dos pactos sucesorios do dereito civil de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Si, bo día.

Bo día a todos, deputados e deputadas.

Bo día, señor Puy. É a segunda vez que trae esta iniciativa á Cámara. Xa hai uns meses a trouxo. A posición do PSdeG naquel momento foi a abstención; a abstención basicamente por dous motivos: un, porque nós entendiamos que non había ningún ataque, como vostede deseña, ao autogoberno galego nin á capacidade tributaria que lle dan o Estatuto e a Constitución ao noso autogoberno. Non había ningún ataque ás institucións de dereito civil galego. E, ademais, nós entendiamos que estabamos diante dunha norma, efectivamente tributaria, de carácter técnico, que buscaba dende a posición, dende a óptica, da Inspección de Hacienda, loitar contra a fraude fiscal, pero entendiamos que admitía tamén unha mellora na súa redacción. Por eses motivos nos abstivemos. E un terceiro motivo da abstención era porque a iniciativa se fundamentaba basicamente no intento de manter de xeito constante unha confrontación co Goberno do Estado, un desgaste continuado dende o Parlamento de Galicia e dende a Xunta de Galicia con todo o que teña que ver co Goberno do señor Sánchez, e nesa estratexia é na que tamén se sitúan este tipo de iniciativas. E dá igual que sexa por este tipo de cuestións ou que sexa por outro tipo de cuestións, como a estratexia de vacinación, a xestión da pandemia... Mesmamente agora estamos vendo como dende o Goberno central se toma a decisión da retirada do uso obrigatorio das mascarillas e está sendo cuestionada pola Xunta de Galicia de xeito contundente e mantendo posicións totalmente contraditorias. Hai unha semana o señor Núñez Feijóo manifestaba que España non podía chegar tarde nese asunto da retirada das mascarillas, e mesmamente estes días estamos vendo como cuestiona a decisión política tomada polo Estado e anuncia que revisará ese tipo de medidas. Ben, pois desta estratexia de confrontación parten moitas das iniciativas deste Parlamento cara ao Goberno do Estado. (*Aplausos.*)

O señor Puy fala na súa iniciativa —xa falaba na primeira iniciativa que plantexou no mes de xaneiro, segundo lembro, e agora mesmo tamén— de que busca defender a autonomía tributaria de Galicia, o dereito civil de Galicia e as institucións propias de Galicia. Eu creo que niso estamos todos de acordo. Tamén —vostede acaba de citalo aquí— na construción do autogoberno e, polo tanto, das institucións que emanan do autogoberno, estivo o Partido Socialista. E, como estamos niso, nós intentamos buscar solu-



cións cando se plantexan problemáticas como as que emanan, efectivamente, dunha relación moi mellorable da norma tributaria, que modifica, efectivamente, o artigo 36 da Lei do IRPF.

Vostede, ao longo da súa iniciativa, plantexa moitos temas. Plantexa que, en fin, en materia de política fiscal, efectivamente, os procesos electorais avalaron a política fiscal da Xunta de Galicia. Eu recoñezo que si, pero exactamente igual os procesos electorais avalan a política fiscal do señor Sánchez e non por iso vostedes deixan de cuestionala, deixan de crítica-la e deixan de emendala todos os días. E nós tamén cuestionamos a súa política fiscal, que, ao contrario do que vostede mantén —con absoluto respecto, que sabe que lle teño—, na súa iniciativa non beneficia as clases baixas e as clases medias, senón que beneficia as clases máis podentes. E vostede citou un exemplo, o imposto de sucesións, onde se beneficia clarisimamente as clases podentes deste país, os que máis teñen. E o beneficio e a exención dun millón de euros é a mostra de que, efectivamente, isto é así.

Podemos falar doutros impostos, como o imposto de patrimonio ou o imposto de transmisións patrimoniais, se se ten en conta a capacidade da renda para establecer o beneficio, se hai bonificacións fiscais, etc. Vostedes teñen a capacidade de facer a súa política fiscal, e nós temos a capacidade tamén para defender a nosa política fiscal, que, dende logo, non ten nada que ver coa súa.

En relación coa iniciativa, efectivamente, como vostede sabe, hoxe mesmo —creo— se está debatendo no Senado, a instancia do Grupo Socialista —e é defendida por un insigne exdeputado desta Cámara, hoxe senador—, unha emenda precisamente á redacción actual do artigo 36 incluído nese proxecto de lei de prevención e loita contra a fraude fiscal, que introduce a modificación da Lei do IRPF no artigo 36. Estase defendendo unha emenda para buscar, precisamente, un equilibrio entre a defensa das institucións de dereito civil galego, a defensa dos pactos sucesorios e, polo tanto, do autogoberno de Galicia, e ao mesmo tempo evitar condutas de elusión fiscal, de fraude fiscal, que, efectivamente, teñen detectado dende a Inspección de Facenda. É unha emenda que busca manter a exención tributaria no IRPF, nas transmisións patrimoniais derivadas da adquisición de bens transmitidas por pactos sucesorios, sempre e cando transcorreran cinco anos ou sempre e cando falecera o causante. E, ademais, establécese un réxime transitorio, o que evita que, efectivamente, a norma teña retroactividade e, polo tanto, que se prexudiquen as transmisións ou as adquisicións de bens mediante pactos sucesorios realizadas antes da aplicación ou da vixencia da propia norma.

Polo tanto, o Grupo Socialista, a través desta emenda, intenta buscar solucións e puntos de equilibrio diante dunha situación plantexada por unha norma técnica tributaria que, neste caso, afecta, dende logo, as institucións do dereito civil galego e que o Grupo Socialista intenta matizar a través do trámite parlamentario axeitado no Senado e logo no Congreso. Aquí o que hai que preguntarse é cal é a proposta que ten o Partido Popular, máis alá de plantexar unha supresión sen máis da normativa en cuestión. É dicir, ¿intentou o Partido Popular, os deputados e senadores do Partido Popular, buscar algún tipo de solución, algún tipo de consenso coas forzas políticas, máis alá da supresión? Eu creo que, neste caso, non, porque hoxe se vai votar e o Partido Popular non está nese consenso.



Nós non compartimos determinado tipo de afirmacións que fai vostede na iniciativa. Eu entendendo que a norma en cuestión —o artigo 36— merece unha redacción máis axeitada. A emenda plantéxao neste sentido, dálle unha redacción moito máis acorde e respectuosa co dereito civil galego e ao mesmo tempo tenta evitar prácticas de elusión fiscal. Nós entendemos que, finalmente, o que se debe aprobar é unha norma que busque un xusto equilibrio entre evitar condutas fraudulentas e manter o respecto absoluto ao dereito civil galego, ás institucións dadas polo autogoberno de Galicia. Porque é verdade que se producen situacións de fraude fiscal. E é verdade que Hacienda e a Axencia Tributaria ten mecanismos de persecución desas prácticas tributarias fraudulentas, pero tamén a norma pode establecer freos a ese tipo de prácticas fraudulentas.

Sería conveniente tamén coñecer e saber —vostede non aludiu a iso— que este tipo de norma, a modificación do artigo 36, vén dun anteproxecto contemplado xa na época do señor Montoro, no que o ditame do Consello de Estado —que vostede supoño que leu, e eu tamén, que o teño aquí— avala este tipo de cuestións. Polo tanto, en fin, máis alá de que, efectivamente, podemos compartir que hai que defender as institucións de autogoberno de Galicia —o dereito civil e os pactos sucesorios, co que nós estamos absolutamente conformes—, tamén entendemos que a través deste tipo de figuras se poden cometer prácticas de elusión fiscal, prácticas defraudatorias, e que, efectivamente, hai que combatelas.

Polo tanto, nós imos manter a nosa posición en espera de cal é a solución e a decisión que se toma nas Cortes do Estado, onde se está debatendo neste momento a emenda, que entendemos que vai saír a favor no Senado e que cando volva o proxecto de lei ao Congreso vai ser ratificado. E, a partir de aí, entendemos que se está producindo unha solución equilibrada para un problema xerado, neste caso, pola redacción dunha norma técnico-tributaria con impacto, efectivamente, nunha institución de dereito civil galego, como son os pactos sucesorios. Establécese un réxime transitorio. Polo tanto, non hai ningunha incerteza xurídica ao respecto, non hai aplicación retroactiva da norma coa emenda plantexada polo Grupo Socialista e non afecta a autonomía de Galicia —a autonomía de Galicia, a autonomía tributaria e o autogoberno seguen intactos—; o único que pode afectar a autonomía de Galicia, señor Puy, a autonomía tributaria e a capacidade de autogoberno de Galicia é que o seu partido —non vostede, por suposto— siga pactando con Vox, con ese partido que non é que queira liquidar a autonomía tributaria, é que quere liquidar directamente o Estado autonómico. Ese é o perigo que eu vexo aquí.

Polo demais, vostede acaba de recoñecer e acaba de dicir exactamente que vostedes tiñan razón na medida en que o Partido Socialista plantexa unha emenda no Senado que dá certa cobertura aos seus plantexamentos. E eu concédolle absolutamente a razón a vostede, pero concédame a min o beneficio de que as solucións, neste caso, llas está buscando o Partido Socialista, alleo a calquera plantexamento de consenso que veña do Partido Popular.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Francisco Rivera.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)



Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

A historia recente ensínanos que toda crise é aproveitada polo Goberno do Estado para avanzar na recentralización política e administrativa. Desde logo, esta iniciativa para nós amosa que estamos ante un novo intento e que esta crise que estamos a vivir após a irrupción da pandemia da covid-19 non anticipa que vaiamos ter un resultado moi diferente, e iso fai que sexa especialmente necesario defender o autogoberno.

Eu quixera comezar tamén chamando a atención sobre dúas efemérides importantes que o noso país vai vivir nos próximos días sobre feitos que foron moi importantes na nosa historia. O próximo 25 de xuño veremos o 90º aniversario da proclamación en Ourense da República galega no ano 1931, e o próximo 28 de xuño, o 85º aniversario daquel plebiscito do Estatuto de 1936. E, desde logo, hoxe falamos sobre unha cuestión que xa é, con independencia das aspiracións políticas e das reflexións que cada organización política das que estamos aquí presentes facemos sobre o marco político e administrativo, de autonomismo de mínimos —permítanme que diga—. Eu lamento que vexamos como unha vez máis hai unha parte deste Parlamento que se vai poñer de fóra. Nós, desde o BNG, imos dar de novo o noso apoio a esta cuestión, en coherencia con varias cuestións: primeiro, coa nosa defensa, ao longo da nosa historia, do dereito civil galego, que fixemos sempre como forza política noutros momentos, noutros intentos tamén de recentralización neste ámbito; tamén en coherencia co traballo que desenvolvemos no Congreso das e dos Deputados, advertindo de que esta cuestión tiña un enfoque erróneo, de que non se podía aproveitar a transposición dunha normativa europea en materia de elisión fiscal para asumir que todos os galegos e galegas que se acollen a esta figura histórica son automaticamente defraudadores; e que, desde logo, era un mal paso que o Goberno central desoíse, xa non só as demandas galegas, senón unha cuestión que afecta outras comunidades como Cataluña ou Baleares.

Pero imos dar tamén un si, non só en coherencia coa defensa do autogoberno galego, senón tamén das maiorías sociais, porque estamos fondamente convencidas de que esta proposta está disfrazada de progresismo e de persecución da fraude, pero que está errada en como se enfoca e que, polo tanto, buscando exclusivamente recadar, aplica unha presunción de culpabilidade que, ademais de ser inxusta e de pretendese inicialmente retroactiva, en época de crise traería graves consecuencias sobre os sectores máis débiles economicamente.

Eu quería tamén deixar aquí unha reflexión, como xa saíu nas intervencións anteriores: desde que no mes de xaneiro debatemos outra iniciativa tamén do Grupo Popular sobre esta cuestión —que tamén contou co noso apoio— pasaron moitas cousas, e unha delas foi esa emenda da que xa se falou aquí no ámbito do Senado. Eu coincido con que esa emenda non é suficiente, con que non pon solución a un texto que parte xa dun enfoque errado. E, desde logo, eu considero —consideramos desde o BNG— que, máis alá desa insuficiencia, o que fai é recoñecer en parte o erro e intentar remendalo. É un síntoma claro, unha evidencia, de que a reivindicación galega, pero tamén a reivindicación doutras partes, é sólida e é razoable, se se mira máis alá —insisto— do embigo madrileño.



Desde logo, eu lamento que aquí se volva reafirmar esa lectura por parte dos socialistas do que sostiñan xa nesta Cámara hai uns meses de que isto era unha mera modificación técnica, de que isto era unha mera interpretación da sentenza do Supremo dos precedentes xurídicos, de que non era un ataque á autonomía financeira e de que era para evitar un abuso a algo simplemente antifraude fiscal. Desde logo, nós discrepamos absolutamente destas afirmacións.

E tamén, unha reflexión: non son poucas as críticas que facemos desde o Bloque Nacionalista Galego deste ímpeto case independentista que lle entra por veces ao Partido Popular neste país desde que goberna Pedro Sánchez. Pero tamén a hemeroteca está aí e hai que recoñecer en xustiza que no ano 2014 gobernaba o Partido Popular no Goberno central e este Parlamento mantívose de forma unánime —tamén o grupo maioritario— en defensa do dereito civil galego. Polo tanto, creo que, máis alá das críticas que podemos facer á situación actual —e que moitas das que explicitaba o señor Rivera nós tamén as facemos e tamén as compartimos—, o fondo da cuestión é que aquí podemos disfrazar o debate doutra cousa. Pero non vimos discutir aquí a política fiscal —que a nós non nos gusta, que non compartimos e que sempre emendamos nos debates orzamentarios— que fai o grupo maioritario, porque aquí non estamos falando de cal vai ser o gravame ou deixar de ser o imposto de sucesións e doazóns, senón que estamos discutindo outra cousa: se imos respectar o dereito civil galego ou non e se imos aplicar a presunción de culpabilidade única e exclusivamente para que o Estado recade máis. E, desde logo, nós entendemos que nesta cuestión hai unha evidente e constatable intromisión na nosa soberanía económica e fiscal e nunha figura que é propia do dereito galego. E xa non vou abundar noutros argumentos que se teñen dado sobre a confusión deliberada que se fai entre os actos *inter vivos* e *mortis causa* e outras cuestións.

Desde logo, a reforma que se pretende nós entendemos que supón un tratamento discriminatorio, tamén desde o punto de vista fiscal, para aquelas persoas herdeiras que reciban bens en vida fronte a aquelas que o fan despois da morte do ou da causante. E, neste último caso, sabemos que se a persoa máis herdeira recibe os bens tras a morte da persoa causante e a continuación procede á súa venda só debería tributar pola plusvalía desde o momento da recepción do ben e ata a efectiva transmisión. E o problema é que con esta reforma, no caso de que a persoa herdeira reciba os bens antes da morte da persoa causante e proceda a enaxenación, se o fai antes do falecemento, deberá facerse cargo da plusvalía, xa non desde que o recibe, senón desde o momento en que se produciu a adquisición do ben por parte do familiar do que esta persoa herda. Desde logo, esta división entre quen ten a fortuna de que a súa familia continúe viva ou de quen ten a infortuna de que xa non está é claramente absurda. E entendemos que, ademais, a proposta dos cinco anos, que vén recoñecer que aquí hai un problema e hai unha intromisión, non dá coa solución final, porque mesmo é un prazo que parece un tanto arbitrario e que non vén solucionar esta cuestión de fondo. E nin sequera atende propostas que se fixeron desde outras comunidades que teñen este mesmo problema. Por exemplo, Baleares, creo recordar que a proposta que facía era dun ano como un limiar. Nós entendemos que, en todo caso, estaríamos no mesmo contexto de intromisión e que a posición sería a mesma, pero, desde logo, sería incluso máis razoable. Pero o dos cinco anos para decidir si ou non parécenos, como mínimo, unha cuestión un pouco irracional.

Eu quero insistir, antes de rematar, nunha cuestión, que é tamén na situación económica na que estamos, nas graves consecuencias que vai ter para o noso país e no papel que ten neste



país o patrimonio familiar e estas figuras do noso dereito civil propio para o propio mantemento das relacións familiares para asumir labores de coidado, ou para incluso, nun momento económico como no que estamos, buscar vías de financiamento, vías de soporte económico. Viviremos e vivirán moitos galegos e galegas situacións nas que este patrimonio familiar vai ser un salvavidas, e agora simplemente terán, por riba, a presunción de delinquentes. Desde logo, non sería xusto que a Facenda estatal —insistimos— aproveitara esta situación para, neste caldo de cultivo, pensar máis en recadar do que en redistribuír os recursos que existen.

Isto non quita que, efectivamente, nós sexamos partidarios de avanzar na loita contra a fraude fiscal, de fortalecer instrumentos como a propia Axencia Estatal e como a propia Atriga, de avanzar tamén na persecución da fraude dos grandes patrimonios e de tomar outras medidas para evitar cuestións deste tipo. Pero, desde logo, entendemos que aquí non se está a falar desta cuestión e que, ademais, o proxecto —insisto— parte dunha formulación lexislativa que é errónea, porque aquí non hai fraude, non hai ocultación e non hai aleivosía, só se busca a recadación.

Polo tanto, imos apoiar estas demandas. Nós pensamos que na tramitación do Senado non se vai dar unha clave para que este problema se resolva, e pensamos que se está cometendo un erro, unha vez máis, con este país.

Eu, ao comezo da miña intervención, recordaba que pasaron moitas cousas nestes meses ao fío desa emenda, pero tamén vimos a lección que deixou todo o percorrido da demanda galega da devolución do IVE, que tivo que acudir a Xunta de Galiza aos tribunais despois de que esa petición tamén fora apoiada por parte desta organización. Eu creo que tamén o que aconteceu co IVE debiera facer reflexionar o Goberno central, primeiro, porque, ao final, son eles mesmos os que dan balas ao Goberno galego no plano político, ás veces parece case que teñen un infiltrado —se me permiten a brincadeira—; pero, desde logo, o que amosou é que a vía de aplicar as concepcións única e exclusivamente desde o embigo madrileño sen atender os autogobernos non é a adecuada. Desde logo, parece que aquí imos volver repetir os mesmos erros, que se vai volver faltar ao respecto ás institucións propias e que vai haber que acudir novamente á vía xudicial. E, desde logo, sobre unha cuestión que nós entendemos que, ademais, é dunha defensa tan básica e tan mínima do autogoberno, temos que lamentar que previsiblemente a posición deste Parlamento non vai ser unánime.

Pola miña banda, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para pechar o debate desta iniciativa, ten a palabra o seu autor, o señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señora presidenta.

Permítanme que lle agradeza ao Bloque a súa intervención. Eu creo que nesta ocasión —non sempre, e non pasou coa Lei de saúde— o Bloque foi capaz de distinguir o que é a defensa



do autogoberno co exercicio concreto que se fai nun momento. Porque defendendo o autogoberno tamén se defende o que se pode facer exercendo as competencias no futuro, se algún día muda o Goberno; polo tanto, eu creo que ese é o enfoque apropiado. Desgraciadamente, este PSOE, que non deixa de dicir que é galeguista, non acaba de entender isto.

Mire, a emenda do PSOE, cando se presenta, din que é para mellorar o equilibrio, para haxa un equilibrio máis respectuoso co dereito civil. Pero antes desta emenda vostede tamén aquí nos acusaba do mesmo, de confrontar, de dicir que non había ningún problema; que era un problema técnico. A propia emenda demostra que había un problema de respecto co dereito civil. E a emenda o único que fai é palialo un pouco; mellóraa. Antes o herdeiro tiña que esperar a que morrera o pai; agora ten que esperar a que morra o pai antes de cinco anos ou a que pasen cinco anos. Ben, pois melloramos, porque acoutamos a cinco anos —o pai podería vivir vinte—, pero, certamente, o fondo do asunto permanece exactamente igual.

Vostede fala de solucións. A realidade é que hoxe non hai ningún problema, ¡hoxe! Vai haber un problema cando vostedes introduzan esa norma na lei. Polo tanto, cando din: é que non aportan solucións. ¡Oia!, a solución é que vostede non cree un problema. Para que non haxa un problema, o mellor é non crealo, porque despois, cando está creado, hai que resolvelo; por iso nós pedimos á Xunta que, no caso de que vostedes creen un problema, defenda o dereito civil de Galicia nos tribunais.

Tampouco arregla o da retroactividade. Antes da emenda podía debaterse e interpretarse que todo pacto sucesorio fose posterior á entrada en vigor da lei; é dicir, que se realizase o pacto sucesorio e despois se vendese. Coa súa emenda retrotraen a todos os pactos sucesorios feitos cinco anos antes da aprobación da lei, se se produce a venda despois da aprobación da lei. Polo tanto, a calquera que herdara cinco anos para acá da aprobación da lei, se vende, aplicáselle a lei. Iso é o que pon a emenda. E se non o entenden así, repásena, porque están a tempo de corrixilo outra vez no Congreso.

Antes podía ser aplicable aos pactos sucesorios a partir da entrada en vigor da lei; agora non é aplicable aos pactos sucesorios, é ás vendas posteriores á lei. Polo tanto, todos os pactos sucesorios cinco anos antes da entrada en vigor da lei son sometidos a esta tributación polo imposto da renda das persoas físicas.

Mire, permítame que lle diga unha cousa. Tamén cando aprobaron esta emenda, cando a presentaron —efectivamente, isto débatese hoxe no Senado e quen defende a emenda é un colega apreciado, que foi deputado desta Cámara—, dixeron que se facía un esforzo por mellorar a norma. Ben, por mellorar a norma que presentou o Partido Socialista, non a norma que existía; que a norma que existía non tiña ningún problema.

Pero, ademais, din que o PSOE é unha formación útil para os galegos, mentres outros partidos como o PP ou o BNG «quedaron ancorados nunha posición inútil que elude dar resposta aos problemas». É dicir, o Goberno crea un problema, nós avisamos de que non o cree, e vostedes, encima, din que estamos ancorados en posicións inútiles simplemente porque lle dicimos que non creen vostedes un problema.



Encima, cando vimos con estes temas aquí, empezan a falar de que estamos confrontando. Non estamos confrontando, estamos defendendo o dereito civil de Galicia e a autonomía financeira de Galicia. E din: non teñen solucións. A solución é que non se introduza un artigo que discrimina o pacto sucesorio en Galicia. É tan sinxelo como iso. Esa é a emenda que presenta o Partido Popular e que esperamos que no Congreso, xa que recapacitaron e reduciron a cinco anos, a supriman debidamente e lle digan á Axencia Tributaria que, se hai fraude, investigue, como investiga calquera compra-venta, calquera alugueiro ou calquera outro contrato do dereito civil que se utilice fraudulentamente.

O problema de todo isto —quero aproveitar para dicilo— é que o que estamos vendo —e hoxe vostede foi un magnífico expoñente desta forma de argumentar do Grupo Socialista nesta Cámara— é que vostedes primeiro crean un problema, e despois de crear o problema, cando nós con argumentos —na Cámara non facemos nada ilegal—, con emendas, no caso dos pactos sucesorios, defendemos o que cremos que xa, máis alá do noso programa político, é defender o autogoberno e a autonomía, nos acusan inmediatamente de confrontación. Dá igual o que sexa. Aquí estamos falando dos pactos sucesorios, pero, por exemplo, se hai que contratar profesionais de sanidade, vostedes manteñen a taxa de reposición, e nós pedimos que quiten a taxa de reposición para contratar máis sanitarios, pero a culpa é do PP, que non contrata, porque vostedes non nos deixan. Todos os concellos de España piden cartos ao Goberno de España, o Goberno de España non llelos dá, e a culpa é de Feijóo, que non lles dá cartos aos gobernos locais de Galicia. A culpa é nosa outra vez. Vostedes crean o problema, non reparten os fondos cos concellos e despois a culpa é da Xunta, que non reparte os fondos. Vale.

E o mesmo coa repartición dos fondos para toda España. Vostedes están facendo uns criterios de repartición dos fondos que discriminan claramente a Galicia, e as cifras cantan, agregadas. Todos os fondos que levamos recibindo deixan a Galicia moi por detrás do que lle correspondería de acordo co sistema LOFCA, que é o que establece canto custa a prestación da sanidade, da educación e dos servizos sociais. E vostedes despois, cando nós protestamos, o que din é que estamos «confrontando». Pois non, non estamos confrontando nin imos entrar nesa trampa absurda e fácil de desmontar do Grupo Socialista. Cada vez que Galicia sexa discriminada, cada vez que se ataque o noso autogoberno, cada vez que vostedes intenten deturpar institucións como a do dereito civil, nos van ter aquí; non confrontando, senón defendendo a Galicia, porque é o noso deber. E, como dicía a deputada do Bloque, é unha lástima que na defensa do autogoberno unha vez máis neste Parlamento non haxa unanimidade. Eu síntoo.

Grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señor Puy.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Pasamos a debater a seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García e D^a María Leticia Gallego Sanromán, sobre as accións que debe levar a cabo o Go-



berno galego en relación co mantemento do emprego nas fábricas Xallas Electricidad y Aleaciones S.A. de Cee e Dumbría

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): A esta proposición non de lei presentóuselle unha emenda por parte do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado Daniel Pérez López, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto: «O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a explicitar o seu apoio ás reclamacións das e dos traballadores de XEAL, que se concretan en: 1. Esixir da empresa a inmediata posta en marcha dos fornos e a cobertura de todos os postos de traballo destruídos na plantilla, emprego eventual e auxiliares dende xullo de 2019.

2. Readmitir de maneira inmediata ao traballador que acaban de despedir de forma inxusta.

3. Apoiar as reivindicacións e accións legais e xudiciais postas en marcha polo Comité de Empresa na reclamación ante os Tribunais de Xustiza, para que se recoñeza a nulidade da operación de venda realizada polo Grupo Ferroatlántica (Ferroglobe) a TPG- Ithaka.”)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten a palabra o señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidenta.

Quero comezar a miña intervención, unha vez máis, mostrando o compromiso dos Socialistas de Galicia cos traballadores e traballadoras de Xeal, en Cee e Dumbría, e coa loita polo mantemento da actividade industrial e os postos de traballo, e tamén cunha comarca que necesita desta actividade industrial para afrontar o futuro cun emprego de calidade para os veciños.

O noso grupo recibiu o día 11 deste mes a solicitude dos representantes do comité de empresa para que se lle solicitase ao Goberno galego unha serie de cuestións que esperamos que pronto estean incluídas na orde do día para debate no pleno ou en comisión, xa que puidemos ver que un grupo rexistrara esa proposta do comité. Dende o noso grupo xa anunciamos que terá o voto a favor.

Pero a proposición de hoxe estaba rexistrada o día 2 deste mes, nove días antes desta solicitude do comité de empresa, e dende o noso grupo queremos ver a posición de todos os grupos deste Parlamento ante a solicitude de que o Goberno galego faga cumprir unha sentenza xudicial que tanto dixo conseguir e que estableza uns criterios mínimos de emprego nas fábricas de Cee e Dumbría, como establecen os fundamentos xurídicos da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 20 de novembro de 2020, que argumenta que a condición de non segregación das actividades enerxéticas e de ferroaleacións se fixou para asegurar o mantemento do emprego dunha comarca deprimida, como é a Costa da Morte. Temos que dicir que esta sentenza xa é firme.



Esperamos que este fallo xudicial que veu detrás das reivindicacións da plantilla e da cidadanía da comarca da Costa da Morte e dos seus representantes municipais, que derivaron nunha iniciativa xurídica da propia Xunta de Galicia, sexa agora articulada polo Goberno galego para establecer garantías ao emprego e á actividade industrial nas plantas de Cee e Dumbría, tal e como figura na sentenza, e que o Goberno galego non deba deixala escapar polo ben da cidadanía á que representa e polo futuro dunha comarca como esta.

Despois de falar cos alcaldes da comarca, especialmente coa alcaldesa de Cee e o alcalde de Dumbría, entendemos a preocupación pola situación na que se atopa Xeal, coñecida popularmente como Ferroatlántica, nun momento difícil no que os novos propietarios da empresa non dan a confianza necesaria ante un futuro incerto polas actuacións que estamos a observar, e máis, se cabe, ante a finalización o pasado 28 de febreiro do ERTE que tiveron activado despois dos momentos máis duros da pandemia.

A situación é parecida á de novembro do ano pasado, cando eu mesmo lle preguntaba ao exdirector xeral de Enerxía e Minas pola situación da fábrica e o Plan de viabilidade que o Goberno galego tiña que exixirle á empresa para garantir a actividade de ambas as actividades, enerxéticas e industriais, algo que o propio director xeral admitira en sede parlamentaria, pero levamos case dous anos esperando para saber se existía o dito plan e se fora avaliado; algo que, segundo informacións do propio comité de empresa, despois de reunirse coa nova directora xeral, xa sucedeu e tivo o visto bo da Xunta de Galicia. O que descoñecemos é o seu contido, xa que non llelo facilitaron aos representantes dos traballadores, cunha opacidade impropia dunha administración que semella que algo ten que ocultar. (*Aplausos.*) Mentres isto sucede, seguen en marcha só 3 dos 5 fornos en funcionamento e en baixa carga.

No ano 2017 o Grupo Ferroglobe presentou a solicitude de segregación das actividades hidroeléctricas e industriais da fábrica de Cee e Dumbría. Con elas quería devolver ao seu estado orixinal as concesións dos ríos Xallas e Grande. Foi a mobilización dos traballadores e traballadoras da fábrica, cun apoio decidido da veciñanza e tamén dos gobernos dos concellos da comarca, quen fixo posible que a Xunta de Galicia rexeitase a dita solicitude, e nas propias declaracións do presidente da Xunta aquí, en sede parlamentaria, Feijóo dicía que exixiría á empresa tantas ou máis garantías do mantemento do emprego como as que garantiría se a operación de segregación fose viable. No ano 2019 a fábrica de Cee e Dumbría, xunto coas 10 centrais hidroeléctricas do Grupo Ferroglobe, foron vendidas a un fondo chamado TPG, por 170 millóns de euros. As accións do Grupo Ferroglobe pasaron ao fondo que xa dixeran, mantendo a denominación social anterior, e con ela as concesións para a produción de enerxía eléctrica vinculada á produción de ferroaleacións.

Descoñecemos o acordo entre os novos propietarios e o grupo vendedor, pero sabemos que, en virtude deste, Ferroglobe se converteu no único receptor da súa produción, ao mesmo tempo que Ferroglobe se comprometía a subministrar á nova empresa as materias primas. Resulta importante saber cal é este acordo que cremos que a Xunta de Galicia coñece pero oculta para saber se Xeal é libre para poder ter un proxecto industrial ou se simplemente é unha maquila de Ferroglobe que semella que é o que realmente sucede.



Neste mes de xuño de 2019 o presidente da Xunta, en sede parlamentaria, asegurou que o seu executivo traballaría pola continuidade industrial e que reclamaría un plan industrial para activar o complexo de Cee e Dumbría. En outubro dese ano 2019 o noso grupo pediulle ao conselleiro de Industria que exixiría da nova empresa un plan de viabilidade, xa que a autorización administrativa concedida no ano 1992 e a conseguinte resolución definitiva do ano 1994 establecían que o réxime de titularidade non podería ser alterado sen autorización administrativa, ademais de que impedían a segregación das actividades de Ferroatlántica. Por iso, a venda debía ser autorizada previa e expresamente por Augas de Galicia, que tiña obriga de pronunciarse sobre se o negocio xurídico de Ferroatlántica está suxeito a autorización previa e se esta conleva a presentación dun plan de viabilidade que garanta a actividade de ferroalixaxes e que especifique a continuidade do funcionamento de todos os fornos e o mantemento do emprego.

O daquela director xeral de Enerxía e Minas informou en comisión de que se requiriría un plan de viabilidade de Ferroatlántica no momento en que formalizara a plena propiedade das centrais hidroeléctricas e, deste xeito, o Goberno procedería a solicitar o plan industrial. Dicía: «...no momento en que se formalice o rexistro da opción de compra do arrendamento financeiro e en que a totalidade da propiedade das centrais hidroeléctricas estea en mans de Ferroatlántica». Iso dicía o señor Tahoces.

A principios de 2020 a empresa comezouse a denominar Xeal, Xallas Electricidade e Aleacións, e contaba con máis de 250 traballadores. No mes de marzo de 2020 a nova dirección da empresa en Dumbría e Cee presentáballes aos alcaldes da comarca o seu plan de negocio, con investimento e compromiso das dúas liñas de negocio, a de aleacións e a de electricidade, cun emprego de calidade e cun desenrolo conxunto da comarca.

Nesta reunión a dirección de Xeal comunicoulles que optaban polo mantemento do emprego, pese á crise do sector e á incerteza xerada pola covid. Derivado da pandemia, asistimos á aplicación dun ERTE que garantiu o 100 % dos salarios para os traballadores afectados polas corentenas, e vimos como, despois dese período, en setembro de 2020, a empresa activaba un ERTE aprobado en febreiro de 2019 antes da venda das factorías e das centrais hidroeléctricas ao novo propietario, motivado polo descenso continuado na demanda dende principios de ano e agravado pola crise do coronavirus, que provocou unha redución da produción das compañías produtoras de aceiro e o estancamento das actividades dos clientes finais. O dito ERTE tivo unha duración máxima de cinco meses e incluíu un complemento de salario aos traballadores afectados de ata o 85 % dos salarios, mantendo o 100 % das pagas e das vacacións.

A realidade é que no 2020 as plantas de Cee e Dumbría estiveron ao 10 % da súa capacidade de produción, con só 2 fornos de 5 en funcionamento, e dende finais do ano 2020 téñense en marcha 3 dos 5 fornos, perdéndose dende o ano 2019 máis de 100 postos de traballo entre persoal eventual e industria auxiliar.

Tamén hai que destacar como a nova dirección da empresa está a quitarlles traballo a empresas externas da comarca para dárllelo a empresas foráneas, contra esa vinculación que prometeron coa comarca e a actividade da Costa da Morte. E ultimamente tamén levou a cabo un despedido dun traballador de administración, que a unanimidade do comité de empresa denuncia, pedindo a súa readmisión, para o que está a levar a cabo mobilizacións.



O ERTE do que falabamos —que, por certo, foi declarado ilegal— finalizou en febreiro, e os traballadores seguen a exixir un plan de viabilidade, porque a empresa non xera confianza, segundo calendarios de arranque dos fornos e uns investimentos reais nos que a fábrica garante a produción, o que podería supor que Xeal estea centrando o seu futuro na explotación dos recursos enerxéticos, agravando a deterioración paulatina das fábricas e amortizando a man de obra. A Xunta de Galicia non pode seguir mirando para outro lado, e debe garantir o mantemento dos postos de traballo e a actividade das ferroaleacións, segundo o establecido nos fundamentos xurídicos da Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de novembro do ano 2020, que di literalmente que a condición de non segregación das actividades se fixou para asegurar o mantemento do emprego dunha comarca deprimida como é a Costa da Morte e que, polo tanto, a Xunta de Galicia debería de fixar uns criterios mínimos de cumprimento desa condición establecida na sentenza xudicial.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentamos esta iniciativa para que todos instemos o Goberno galego a que estableza uns criterios mínimos de emprego nas fábricas de Cee e Dumbría, como establecen eses fundamentos xurídicos da Sentenza que xa é firme do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 20 de novembro de 2020, que argumenta que a condición de non segregación das actividades enerxéticas e de ferroaleacións se fixou para asegurar o mantemento do emprego dunha comarca deprimida, como é a Costa da Morte.

Non perdan a oportunidade que lles deu a xustiza, señores do Partido Popular. Temos un instrumento para garantir o emprego e a actividade industrial nesta empresa. Aproben esta iniciativa e articulen como establecer eses mínimos que garantan o futuro do emprego nunha empresa tan importante para a comarca da Costa da Morte como é esta.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Seco.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para posicionarse respecto desta proposición non de lei e defender a súa emenda, polo Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Grazas.

Presidenta.

Bos días a todos e a todas.

Cando falamos de Xeal, estamos falando dun complexo industrial de dúas plantas, a de Cee e a de Dumbría, dedicadas á produción de ferroalixas de gran calidade, altamente apreciadas e demandadas no mercado e, ao mesmo tempo, tamén de dez centrais hidroeléctricas do río Xallas.

Convén recordar que as concesións de aproveitamento destas centrais dependen da Xunta de Galiza e que constitúen un recurso enerxético que pertence ao pobo galego, existindo,



ademais, unha cláusula esencial de vinculación da actividade das fábricas e da produción de enerxía. E ao respecto desta cláusula hai que dicir que se amosou —e amósase— como vital para o mantemento do emprego e da actividade das fábricas.

En agosto do ano 2019, as dúas plantas de Cee e Dumbría e as centrais hidroeléctricas cambiaron de dono. Con esa compravenda, o Grupo Villar Mir desprendíase das plantas de Ferroatlántica de Cee e Dumbría e da explotación enerxética das centrais, que pasaron a pertencer a un fondo estadounidense, TPG, que poñía o capital para a operación, e á empresa española Ithaka, que se encargaría da xestión; operación que foi autorizada pola Xunta de Galiza, que é quen ten a última palabra sobre as concesións das centrais, e tamén pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Dende o momento da venda, o comité de empresa de Xeal denunciou publicamente o carácter fraudulento desa operación de cambio de titularidade de Ferroatlántica. O escurantismo desta operación provocou o recelo dos representantes dos traballadores, que a consideraban opaca e especulativa, xa que intuían que o verdadeiro interese de TPG-Ithaka estaba no substancioso negocio enerxético.

Neste caso, nin Ferroatlántica nin o fondo americano comprador adquiriron compromiso por escrito relativo ao futuro destas fábricas, nin fixeron entrega nin explicaron no seu momento aos representantes dos traballadores o contido do contrato de compravenda ou dos acordos comerciais entre comprador e vendedor, o que xustificou e xustificaba as reticencias da parte social, que se viron confirmadas polos actos posteriores da empresa e que poñen e puxeron en perigo a viabilidade das fábricas e o mantemento dos postos de traballo. A redución ao mínimo da actividade dos fornos e a destrución, dende esa operación de compravenda, de 30 postos directos e de 80 no emprego eventual, anual e auxiliares, amosa o abandono industrial das fábricas de Cee e de Dumbría por parte da empresa Xeal.

A partir do momento da compravenda, a produción non fixo se non baixar; reducíronse os postos de traballo tanto das subcontratas como da propia empresa e non se cubriron con novas contratacións as xubilacións ou as baixas.

A situación no 2020, efectivamente, empeorou, xa que aos traballadores se lles impuxo un ERE de abril a xullo, non aceptado pola parte social, de tal maneira que quedaron só dous fornos en funcionamento, un por fábrica; ERE que, por certo, e como ben comentaba o compañeiro do PSOE, foi tumbado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. E no mes de setembro a empresa aplicou unilateralmente outro ERE herdado do Grupo Ferroatlántica confirmado por unha sentenza, é verdade que en primeira instancia, pero recorrido pola parte social perante o Tribunal Superior de Xustiza, que aínda está pendente de resolución.

Curiosamente, despois da finalización do ERE, seguiron funcionando os dous mesmos fornos que antes do expediente de regulación de emprego, mentres que os traballadores reincorporados levaban a cabo tarefas de limpeza e mantemento básico da planta, sen que pola empresa nada se lles dixese nese momento sobre retomar a actividade normal das plantas. O cal denota o absoluto desleixo da dirección por recuperar a capacidade produtiva destas fábricas. E ese desleixo ten a súa razón de ser en que aos actuais propietarios o único que lles



interesa son os pingües beneficios que lles reporta a explotación das centrais hidroeléctricas. Hai que dicilo así de claro porque iso é o que subxace de todo o acontecido nos últimos meses. O obxectivo que se perseguía dende o principio por este fondo investidor e a empresa que se encarga da xestión era e é a segregación das centrais hidroeléctricas das fábricas, pechar as fábricas e quedar só co lucrativo negocio enerxético. E, por iso, os compradores deste complexo industrial-enerxético negáronse a retirar o recurso contra a resolución de Augas de Galiza, interposto no seu día pola anterior propietaria co obxectivo de segregar a actividade de ferroalixes da produción eléctrica.

Os traballadores e as traballadoras de Xeal, vendo esta situación, iniciaron xa en outubro do ano 2019 unha serie de mobilizacións nas que exixían da empresa que presentase o preceptivo plan de viabilidade industrial; plan que entendían vital para a continuación da actividade e o mantemento dos postos de traballo, ante o parón produtivo que era unha realidade. Parón que ten a súa razón de ser no feito de depender dun único proveedor e cliente, que non é outro que Ferroglobe, e por iso exixían coñecer os termos exactos do acordo da compravenda e dos acordos comerciais, porque parece que a empresa que vendeu é a única que pode subministrar materia prima a Xeal e, ademais, é a única que pode mercar o que produce —¡cheira moi mal!—. E tamén exixían un calendario de rearranque dos fornos, o mantemento de todos os postos de traballo, os investimentos prometidos nas fábricas e un respecto da cláusula esencial de vinculación da actividade das fábricas de produción e da produción de enerxía.

O Grupo Parlamentario do BNG presentou hai uns meses unha iniciativa solicitando que se lles entregasen aos traballadores o plan de viabilidade ao que estaba obrigado a empresa, así como o contido dese contrato de compravenda. A sensación xeralizada é que a empresa se está a rir dos traballadores da comarca e da propia Xunta de Galiza, ao non respectar a vinculación esencial de ferroalixes e de produción enerxética nin tampouco as sentenzas que así o fixaron reiteradamente.

É imprescindíbel —e, ademais, é a súa obriga, por tratarse dun tema da súa competencia— que a Xunta de Galiza amose unha postura clara na defensa da actividade e dos postos de traballo e exixa da empresa o respecto das cláusulas de vinculación. Isto é fundamental.

En canto á iniciativa do PSOE, non dubido da súa boa intención, pero, atendendo aos acontecementos máis recentes, non podemos se non que considerala un pouco naíf e quizais reiterativa. Unha iniciativa moi semellante foi levada á Comisión por este grupo e rexeitada polo Grupo Parlamentario do PP. As iniciativas, para ser realmente efectivas, deben atender á actualidade, e esta vén marcada pola última reunión, pola reunión mantida polo comité de empresa coa señora Paula Uría, directora de Planificación Enerxética e Recursos Naturais o 28 de maio pasado. Nesa reunión comunicóuselle á parte social que a Xunta non tiña o contrato de compravenda nin os acordos comerciais entre vendedor e comprador. E isto, desde logo, choca un pouco, porque realmente no seu momento, cando foi a compravenda, a Xunta de Galiza tivo que autorizar esa compravenda. Entón, o que temos que colixir disto ¿que é?, ¿que a Xunta de Galicia autorizou unha compravenda sen saber os termos dese contrato, sen preocuparse de cales eran as relacións comerciais entre comprador e vendedor que poderían comprometer o futuro e o mantemento dos empregos nas fábricas de Xeal?



Tamén nesa reunión, por parte da señora Paula Uría, indicóuselle que a Xunta xa validara —sen nin tan sequera falalo co comité— o novo plan de viabilidade da empresa, pero que non llo podía facilitar. Isto tamén, desde logo, é chocante, porque desde o comité de empresa se estivo solicitando ese plan de viabilidade para que a Xunta llo requirise á empresa, e a Xunta comprometérase a que, unha vez que a empresa llo transmitise, o poñería en coñecemento dos traballadores. Pero a reacción foi a que acabo de dicir, simplemente lle indicaron que xa estaba validado, pero, ademais, que non podían acceder ao seu contido. De tal maneira que se está privando a parte social de coñecer cuestións fundamentais para o futuro da empresa.

Desa reunión o que se colixe claramente é que o Goberno galego volve darlles as costas ou poñerse de perfil —como vostedes prefiran— aos traballadores de Xeal, alineándose do lado da empresa. Atendendo a grave situación e sendo un mantemento do emprego unha prioridade para unha comarca moi castigada nos últimos anos, é imprescindible que os grupos da Cámara adopten unha posición clara e contundente de apoio aos traballadores e ás traballadoras de Xeal, de apoio á recuperación da actividade industrial e tamén ás accións xudiciais iniciadas polos traballadores e traballadoras da empresa na defensa dos seus postos de traballo.

De aí que presentemos unha emenda de substitución, que, ademais de ser actual, recolle a vontade clara e inequívoca do comité de empresa e de toda unha comarca que xa non cren nos bos xestos para a galería de Xeal —que se preocupou moito de sacalos en prensa nos últimos meses— e que non entenden o branqueamento da empresa que están a realizar algúns alcaldes e alcaldesas da Costa da Morte a cambio dunhas faragullas.

O que exigen é un posicionamento claro na defensa do emprego e da actividade industrial, un posicionamento contundente das diferentes forzas políticas e do propio Goberno galego; contundencia da que carece —e dígoo con todo o respecto— a iniciativa do Grupo Parlamentario do PSOE, por iso a nosa emenda.

Esperamos que o Grupo Parlamentario do PSOE admita a nosa emenda, que o que busca é non limitarse a garantir un mínimo de emprego, senón a reactivación plena da actividade das fábricas, a defensa a ultranza do emprego e que a Xunta de Galiza se posicione dunha forma clara ao respecto.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez López.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Lorenzo Gómez.

O señor LORENZO GÓMEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.



Quería comezar a miña intervención de hoxe recordando o pequeno Carlos, de 14 anos, que perdeu a vida o pasado martes nun trágico suceso nunha excursión escolar no embalse da fervenza do concello de Mazaricos. Carlos residía en Carballo e cursaba sexto de primaria no que tamén foi o meu colexio, o CEIP Fogar. Dende aquí quero trasladar o meu máis sentido pésame e o do meu grupo político a toda a súa familia, pero tamén quero solidarizarme e trasladar todo o meu apoio e ánimo a toda a comunidade escolar do centro, especialmente á súa mestra e tamén ao director do CEIP Fogar, que me consta que están pasando momentos moi duros. *(Aplausos.)*

Xa entrando no tema que estamos a debater e lendo a parte expositiva da súa iniciativa, na que aluden a que foi a mobilización dos traballadores e traballadoras da fábrica e a veciñanza e gobernos dos concellos da comarca a que fixo posible que a Xunta rexeitase a dita solicitude de segregación. Miren, quen impediu a intención da empresa de segregar as dúas actividades foi o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia. Vostedes saben que a resolución da autorización administrativa da explotación da actividade hidroeléctrica de 1994 é moi clara. A concesión conleva, por unha banda, manter a actividade industrial; e, por outra, que non se segreguen as actividades de ferroalixes e de produción de enerxía eléctrica. A Xunta de Galicia defendeu, defende e defenderá a non segregación de actividades de ferroalixes e a produción de enerxía eléctrica, así como a actividade industrial nas plantas de Dumbría e Cee. E todo isto faino aplicando a legalidade e velando polo interese público dunha concesión administrativa con plena transparencia para os traballadores, para o comité de empresa e tamén para os alcaldes e alcaldesas da comarca —e todo avalado por unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia—. Por iso este grupo, o grupo maioritario da Cámara, non vai aceptar que se diga neste Parlamento nin en ningún outro lugar que a Xunta de Galicia non defende os intereses dos traballadores de Xeal.

Señorías, defender os traballadores tamén é velar por un custo da enerxía competitivo para as empresas electrointensivas, e tamén para Xeal. ¿Ou acaso non están afectadas as plantas de Cee e de Dumbría polo prezo da electricidade? Deberían vostedes deixar de manipular e de usar os traballadores para facer a súa política, que vela máis polos intereses do desgoberno de Sánchez que polos verdadeiros intereses de Galicia e, neste caso, polos intereses da Costa da Morte. *(Aplausos.)*

Vostedes, os grupos da oposición, levan moitos anos atacando a quen dende o primeiro momento velou polos intereses dos traballadores de Ferroatlántica —hoxe Xeal—. O apoio do Partido Popular e do Goberno da Xunta non queda en palabras, como as dos voceiros do Partido Socialista e do BNG. Así quedou amosado en reiteradas ocasións ante a plantilla e o comité de empresa nas xuntanzas que ao longo dos últimos anos mantiveron os representantes da Consellería de Industria cos traballadores, así como na reunión celebrada este pasado febreiro do conselleiro cos alcaldes e alcaldesas dos concellos afectados. O Partido Popular de Galicia leva anos comprometido cos traballadores de Xeal e cos de toda a industria electrointensiva de Galicia e defendendo os seus intereses. Porque —repito— foi a Xunta de Galicia no ano 2017, defendendo os seus intereses, a que evitou a segregación de actividades de Ferroatlántica. E os tribunais déronnos a razón. ¿E saben quen nos deu tamén a razón, señor Seco e señor Pérez? ¿Saben quen deixa evidente as súas políticas de demagogia? A cidadanía da Costa da Morte cos seus votos, que amosaron un rotundo apoio hai menos dun ano á política útil do Partido Popular e do presidente Feijóo en Galicia.



Miren, señorías, as ideoloxías non garanten empregos, o que si garante empregos é a firmeza da Xunta de Galicia para manter as dúas condicións esenciais impostas nesa concesión. En tempos dunha crise inédita, a industria de ferroalixes é chave para proporcionar empregos estables e de calidade. Sábeno ben en Alcoa, en Celsa Atlantic e en Megasa, e tamén os máis de 250 traballadores de Xeal.

Estaremos de acordo en que a reactivación económica debe apoiarse nunha industria competitiva que precisa duns custos enerxéticos tamén competitivos e en que a política enerxética ten incidencia directa sobre a actividade industrial en Galicia. E o que está meridianamente claro é que a Xunta de Galicia está a facer a súa parte neste asunto. ¿E vostedes? Porque digo eu que vostedes tamén terán algunha responsabilidade. O que fan é reclamarlle á Xunta que arranxe o que vostedes levan arrasando nestes dous últimos anos de desgoberno e limitarse a dicir que a Xunta se pon de perfil ou que a Xunta mira para outro lado. Igual os que miran para outro lado son vostedes.

Miren, señorías, ata o ano 2019 os cinco fornos de Dumbría e Cee traballaron a pleno rendemento. Nestes intres están a traballar tres cunha capacidade produtiva do 40 %. ¿Saben o que pasou no ano 2019? Pois que nese ano a política enerxética do señor Sánchez reduciu os programas de axuda ás electrointensivas nun 51,5 % con respecto ás axudas percibidas no ano 2017. Pero é que no ano 2020 as axudas son un 91 % menos que as percibidas no 2017. Ferroatlántica —hoxe Xeal— percibía, no ano 2017, 28 millóns de euros en concepto de subasta de ininterrompibilidade. ¿Saben canto percibiu no 2020? Percibiu 2; 28 millóns fronte a 2. E isto é porque este país estivo máis dun ano sen estatuto de electrointensivas. E, cando chegou, foi tarde, mal e sen o máis mínimo consenso, e en ningún caso vai resolver o problema da industria electrointensiva galega. E vostedes, calados e facendo demagogia.

Señorías, a desorganizada política enerxética deste goberno —sobre a que ten competencia exclusiva— ten cada vez consecuencias máis graves na economía das familias e na perda de competitividade de pemes, autónomos e, por suposto, da industria. A proba evidente de que algo se está facendo mal é que os propios socios de goberno se están corrixindo entre eles, ofrecendo versións contraditorias sobre o camiño que hai que seguir. O Goberno leva anos prometendo medidas para rebaixar o prezo da luz, pero ata o de agora a factura eléctrica segue subindo. O último exemplo é o encarecemento do servizo que está a supoñer o novo réxime de tarifa. Onte anuncian a bombo e platillo unha baixada do IVE do 21 % ao 10 %. Pero, miren, por fortuna, as familias saben sumar e restar e, se a factura sobe un 45 % e baixa un 11 %, as contas seguen sen darlles ás familias e ás pemes. Na próxima factura da luz as familias e o tecido empresarial van levar máis dun susto.

É incomprensible que España teña o prezo da luz máis caro de Europa e cos impostos máis altos entre os principais países europeos —e así seguirá sendo, malia a baixada anunciada—. Ao igual que é incomprensible que o tecido industrial galego —e, en particular, as hiperelectrointensivas— compita cada vez en peores condicións, xa que o prezo do megavatio custa máis do dobre en España que en Francia ou en Alemaña. E tamén podemos facer esta comparativa na compensación do CO₂. No exercicio 2019 en España foron 61 millóns, fronte aos 266 repartidos polo Goberno francés e os 546 do Goberno alemán.



A evidente falta de competitividade pon en risco claro que Galicia quede sen a industria metalúrxica. O aluminio de Alcoa e o silicio de Xeal son materias chave no desenvolvemento industrial do futuro. Mentres a política enerxética do Goberno central lastra as nosas industrias, a Xunta de Galicia mantén o seu compromiso coas industrias electrointensivas e decláraas esenciais e estratéxicas. Por tanto, señorías, deixen a demagogia a un lado e traballen para que o Goberno central actúe decididamente para abaratar o custo da electricidade para as empresas e, xa de paso, tamén para as familias.

A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dá a razón á Xunta e ratifica a tramitación administrativa que se levou a cabo. O que non pode facer a dita sentenza, señor Seco, é engadir criterios ou condicións distintas ás recollidas na concesión orixinal. Esta resolución evidencia unha vez máis o compromiso desta Administración co cumprimento da lexislación e, polo tanto, con impedir a segregación das actividades. A posición do Goberno galego non mudou. A prioridade segue sendo velar por que o presente e o futuro das instalacións de Cee e de Dumbria pasen polo mantemento da actividade, sendo esta a mellor maneira de garantir os empregos.

En canto ao plan de viabilidade que foi presentado pola empresa, está suxeito a segredo comercial, e este prima sobre a Lei de transparencia, como así o establece a xurisprudencia xa consolidada. Polo tanto, só se podería ter acceso ao dito plan se así o autoriza a empresa ou un xuíz. Isto foi trasladado xa ao comité de empresa nas últimas reunións mantidas con eles e cos alcaldes da comarca o mes pasado.

Remato xa, presidente.

O Goberno da Xunta continuará actuando coa máxima transparencia dende un diálogo permanente tanto cos traballadores de Xeal como cos concellos da Costa da Morte. Invítoos a que se sumen a iso.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lorenzo Gómez.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Martín Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

É unha lástima ter que escoitar aquí falar de todo menos do contido da iniciativa. Só lle faltou falar do pacto de sucesións, dos indultos e dos cornos e do rabo que ten o Goberno do Estado; pero non falou absolutamente nada da nosa proposición, ¡absolutamente nada! *(Aplausos.)*

É unha empresa na cal obvian unha cuestión —e debería incluso darlle vergonza ao Partido Popular—, que é que a esta empresa non só é que a penalice nas ferroaleacións a parte da enerxía eléctrica, senón que gana cartos coa tarifa eléctrica tamén. Polo tanto, eu creo que



hai que saber desa compensación. Incluso cando sobe a tarifa eléctrica, a empresa, evidentemente, ten maiores beneficios, señores do Partido Popular. Pero vostedes queren obviar a realidade da situación, que é o que piden tanto os alcaldes da comarca como o comité de empresa. Seguen facendo oídos xordos ante este tema —que, por certo, a señora Paula Uría hai pouco tempo lle recoñecía á alcaldesa de Cee—, que é, precisamente, establecer eses mínimos, o criterio de mínimos de actividade que se deben de exixir a unha empresa para que manteña esa actividade industrial e non se produza esa segregación, señores do Partido Popular. Esa é a desgraza, e vostedes queren mirar para outro lado, falando da enerxía eléctrica e falando doutro tipo de cuestións que non veñen ao caso agora mesmo, cunha iniciativa que non busca culpabilizar absolutamente a ninguén, senón que busca e pide instar a Xunta de Galicia para que fixe eses criterios mínimos. Esa é a clave de todo isto.

Porque en Cee e en Dumbría, señor Lorenzo —non sei se o sabe—, xa se perderon 110 traballadores, e a actividade está baixando. ¿Esa é a actividade mínima que quere o Partido Popular e a que admite o Goberno da Xunta de Galicia? (*Murmurios.*) ¿Vai deixar, precisamente, que a empresa só teña en marcha tres dos cinco fornos e que baixe o número de traballadores? (*A señora Nóvoa Iglesias pronuncia palabras que non se perciben.*)

Señora Nóvoa, cando queira vir debater, veña vostede e debata. Pero estou falando co señor Lorenzo. Cando queira, a próxima vez, debato con vostede, pero estou falando co señor Lorenzo. (*Murmurios.*)

Esa é a cuestión, señor Lorenzo. Iso non llo vai entender ninguén na Costa da Morte. Vostede destaca o resultado do Partido Popular, pero non teñen nin unha soa alcaldía en toda a Costa da Morte. ¡Por algo será, señor Lorenzo! (*Aplausos.*) Empecen a mirar iso e póñanse do lado dos cidadáns e daqueles que os representan na Costa da Morte, porque están pedindo, precisamente, que a Xunta de Galicia sexa a súa colaboradora e estableza eses criterios mínimos. Esa é a clave.

Ao voceiro do BNG quero dicirlle, precisamente, esta cuestión. Eu entendo o que propón o comité, non estamos en contra. Vostedes rexistraron unha iniciativa e, se a traen a debate, o noso voto será a favor. Pero a clave de todo isto está nesta cuestión; esta é a clave de todo isto. A clave está, precisamente, en garantir cales son os mínimos de actividade empresarial, de actividade industrial, e os mínimos de postos de traballo que ten que ter esta empresa. Esa é a clave de todo isto, e o resto é fume. Aí está a clave de toda a cuestión. No momento en que se estableza cales son os criterios mínimos da actividade industrial e de plantilla, o resto, evidentemente, é menos importante.

E non sei o que pasou no Partido Popular e no Goberno porque isto era algo que se recoñecía anteriormente. Eu teño aquí un recorte de prensa que dicía que, en outubro do ano pasado (*O señor Seco García le un documento.*), logo dunha reunión do secretario xeral técnico, Pablo Casal, e de Ángel Bernardo Tahoces, informaron que «a Xunta si lle requiriu a Xeal ese plan de viabilidade, pero que a empresa está ignorando a petición e que só enviaron un plan de investimentos, que están a analizar». Eu creo que daquela a Xunta de Galicia estaba en liña, e precisamente estiveron dous anos estudando un plan de viabilidade, que seguramente non atopaba nada con relación ao emprego e que a Xunta si lle estaba requirindo. E volvo repetir



que a señora Uría incluso lle recoñeceu á propia alcaldesa de Cee que aí estaba a clave da cuestión.

Vostedes simplemente renuncian a poder exixirlle á empresa cal é a actividade mínima industrial necesaria para que non se segreguen as actividades. Aí está á clave; a clave está, precisamente, nunha sentenza histórica —que lle vou recoñecer que é grazas á Xunta de Galicia, que foi a que o puxo nos tribunais—. Pois se é grazas á Xunta de Galicia, utilicen ese instrumento, señor Lorenzo. Ese é o instrumento. A xustiza deulles a razón dicindo que, precisamente, non deixaba segregar porque esta continuidade das dúas actividades garantía o emprego nunha zona deprimida, como era a Costa da Morte. ¡Utilicen esa sentenza!, póñana en papel, busquen a fórmula legal, o instrumento que ten que facer a Xunta de Galicia para que iso se traspoña nas condicións mínimas para que se garanta un mínimo de postos de traballo e a actividade industrial nunha planta tan importante para a comarca da Costa da Morte —como vostede ben sabe— como a que ten Xeal en Dumbría e en Cee.

Vólvolle repetir que é unha pena que dende o Partido Popular nin sequera entraran ao fondo da cuestión e que non saibamos se o Partido Popular está de acordo con exixirlle estas cuestións á Xunta de Galicia, máis aló doutro tipo de cuestións como chamarlles «vendidos» aos alcaldes porque firman acordos que son beneficiosos para os seus concellos, como fixo o voceiro do BNG cos alcaldes que firmaron, evidentemente, melloras...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor SECO GARCÍA: ...nas súas infraestruturas, que creo que debería de ser algo para felicitarse por parte de todos, ao mesmo tempo que manteñen, que seguen mantendo...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: ...a súa presión sobre unha empresa que debe garantir o emprego.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Seco, desculpe, que non lle escoiteille antes, ¿sobre a emenda do BNG? É que non llo escoitei antes. *(O señor Seco García comunícalle ao señor presidente, Calvo Pouso, que non acepta a emenda.)* Vale. Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e trece deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España de modificar a tramitación e autorización de proxectos eólicos en Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e tamén unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Pablo Arangüena Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

O punto 1 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«1. Non proceda a autorizar proxectos eólicos radicados fóra das áreas definidas polo Plan sectorial eólico vixente en Galicia e tampouco naqueles espazos que formen parte da Rede Natura».)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento galego insta a Xunta a:

1. Diante da proliferación de proxectos eólicos de ámbito estatal en colisión cos intereses sociais, económicos e medioambientais e as competencias galegas, demandar do goberno central as seguintes medidas:

1.1. A paralización de calquera proxecto eólico superior a 50MW que colida co Plan sectorial eólico ou con calquera categoría de protección ambiental comunitaria que podan ocasionar irreversible afectación sobre a calidade paisaxística, a fragilidade e a vulnerabilidade ambiental nas fases de construción, explotación e desmantelamento e graves prexuízos ambientais, económicos e sociais sobre o territorio e as súas comunidades.

1.2. A realización das modificacións oportunas no Artigo 3 da Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico para que Galiza poida exercer as competencias respecto das instalacións de produción de enerxía eléctrica, singularmente eólica, incluíndo as súas infraestruturas de evacuación, de potencia eléctrica instalada superior a 50 MW eléctricos, de cara a poder ter unha planificación integral e exercer o seu autogoberno sen inxerencias ou distorsións.

1.3. A realización das modificacións oportunas do Real Decreto Lei 23/2020 para ampliar as datas de exposición e participación pública e mellorar os mecanismos de información e transparencia. 1.3. A realización das modificacións oportunas do Real Decreto Lei 23/2020 para ampliar as datas de exposición e participación pública e mellorar os mecanismos de información e transparencia.

2. Corrixir a súa política de falta de transparencia, planificación e garantía de prevalencia do principio de cautela que contempla a lexislación ambiental tomando as seguintes medidas: 2. Corrixir a súa política de falta de transparencia, planificación e garantía de prevalencia do principio de cautela que contempla a lexislación ambiental tomando as seguintes medidas:



2.1. *Desenvolver e aprobar un novo marco regulatorio do sector eólico que incremente as garantías sociais, económicas e medioambientais, a comezar por un novo Plan Sectorial Eólico que conte cunha ampla participación dos axentes implicados (asociacións veciñais, agrarias, ecoloxistas, sindicais, centros de investigación, comunidades de montes, etc.) e un amplo proceso de exposición pública co fin de suscitar o maior consenso posíbel, tendo en consideración as necesidades de Galiza e o papel doutras tecnoloxías habilitando maiores zonas de exclusión que incorporen como mínimo as zonas previstas de ampliación da Rede Natura e adaptando as áreas de investigación eólica ás dimensións da tecnoloxía na actualidade.*

2.2. *Derrogar os aspectos máis conflitivos da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galiza, singularmente a modificación do número 4 do artigo 6 da Lei 8/2009 do sector eólico que permite facer parques fóra das áreas delimitadas polo Plano Sectorial Eólico e todas aquelas mudanzas que supón unha redución dos procesos de participación pública, ben por reduciren días, ben por acumulare procedementos.*

2.3. *Paralizar todos aqueles proxectos que se atopan en zonas previstas anteriormente para a ampliación da Rede Natura».)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Nóvoa Iglesias.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Galicia é un referente a nivel eólico. Na actualidade contamos con 180 parques en funcionamento, que suman unha potencia instalada de case 4.000 megavatios, coa previsión de desenvolvemento de 450 megavatios ao ano ata o 2030. Así o planificou o Goberno galego nas súas Directrices enerxéticas do ano 2018–2020.

O sector eólico galego resulta estratéxico dentro da nosa aposta polas enerxías renovables, e a transición ecolóxica xusta é, ademais, unha oportunidade para crear emprego e xerar riqueza.

Estamos ante unha enerxía limpa e sostible con tres décadas de historia e convivencia pacífica na nosa comunidade que evolucionou moito tecnoloxicamente para poder ser máis eficiente e para buscar un menor impacto ambiental, pois os muíños son cada vez máis grandes, pero tamén se colocan menos unidades e fan moito menos ruído.

A enerxía eólica evita a emisión de CO₂, a principal causa do cambio climático e a principal ameaza dos ecosistemas naturais e a biodiversidade. Cada xigavatio/hora de enerxía eólica evita a emisión de 310 toneladas de CO₂. Así, Galicia reduciu as súas emisións nun 23,8 % con respecto a 1990 —datos do ano 2019, antes do peche das térmicas— e en contraposición ao conxunto do Estado español, que as incrementou nun 8,5 %.

Todos deberíamos ser coñecedores do obxectivo de neutralidade climática ao que nos comprometemos como país para o ano 2050, e entendo que todos o compartirán, porque creo que algúns aínda non coñecen ben o significado de ecoloxismo.



Galicia conseguiu ser o ano pasado a segunda comunidade en xeración de enerxía renovable en xeral, e en enerxía eólica en particular. Logrou producir un 75,6 de toda a súa produción enerxética de orixe renovable, achegando a enerxía eólica entre un 30 %, un 35 % e un 40 % de cota ao noso mix enerxético. Isto entenderán que é o balance final, o que non significa que sigamos necesitando doutras fontes enerxéticas, pois o problema da enerxía renovable é a falta de almacenamento.

Todo este valor engadido supón na nosa comunidade que o sector eólico xere máis de 7.000 postos de traballo entre directos e indirectos, contribuíndo ao noso produto interior bruto con 580 millóns de euros. Temos os parques eólicos, pero tamén temos unha rede de industria auxiliar e de persoal cualificado ao seu redor que é importante destacar e empresas adicadas á fabricación de compoñentes, montaxes eléctricos, consultoría, enxeñaría, construción ou as tan cualificadas operacións de mantemento, que son claves na rendibilidade económica destas máquinas eólicas. Exemplos de empresas como Vestas, GRI, Gestamp ou Zeta Enxeñeiros, así como outras de capital galego, como pode ser o Grupo Ganomagoga, son un exemplo do emprego proporcionado por esa tecnoloxía enerxética.

Por todo isto, tratar de infravalorar un sector clave, como é o eólico, como está a facer o Bloque Nacionalista Galego e o PSdeG, no que Galicia ten o recurso principal, que é o vento, dende este grupo cremos que é un grave erro e, sobre todo, tratar de amedrentar e contribuír á crispación, como fan coa poboación, aínda é un erro maior, sobre todo cando despois de poñerse de acordo para pechar as nosas térmicas *ante tempus* e de dar As Pontes por pechada —como fixo o señor Caballero no pasado pleno, sen nin sequera abordar a solución innovadora do biocombustible— é o colmo; e tamén o é que se opoñan á enerxía renovable, iso si, só na nosa comunidade. Porque, señorías, os socialistas de Castela-A Mancha ben orgullosos están de que Albacete sexa a primeira provincia de España en xeración de enerxía eólica. Pero aquí os socialistas galegos están detrás dunha pancarta pedindo a paralización deste sector, un erro gravísimo. E non llelo dicimos nós, señores do PSdeG, dillelo a súa propia ministra de Transición Ecolóxica.

A realidade é que a Xunta de Galicia ten que seguir ofrecendo a súa máxima colaboración para que se aproveiten as oportunidades que xurdan neste ámbito, sempre e cando os proxectos que se presenten cumpran coas directrices fixadas tanto no eido medioambiental como no eido sectorial ou técnico, exercendo, por suposto, a máxima transparencia á cidadanía e sempre velando pola compatibilidade con outros sectores económicos.

Galicia, señorías, conta cunha planificación ordenada dende hai anos, e esta é unha das claves do noso éxito. Contamos cun plan sectorial eólico que define as áreas de desenvolvemento, as AD, que é onde se poden colocar os aerogeradores. E coa Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica, aprobada hai uns meses neste Parlamento co voto contrario do PSdeG e BNG, quedou expresamente prohibido instalar parques fóra desta áreas, a excepción de proxectos que teñan unha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social e posúan unha función vertebradora no territorio. Grazas a este instrumento, xa foron informados negativamente 36 proxectos de case 2.700 megavatios de potencia total, uns cantos centos de muíños que tramita o Goberno central en Galicia por pasar de 50 megavatios de potencia.



E disto vai o primeiro punto da nosa iniciativa en canto a solicitar non continuar coa tramitación e autorización destes proxectos, porque incumpren, señorías, a ordenación territorial definida no noso Plan sectorial eólico. E se están fóra das áreas, non poderán seguir adiante, o mesmo que os que están encadrados en Rede Natura, onde está prohibido tamén. Despois do informe desfavorable da Xunta de Galicia —informe vinculante—, pedimos que non se continúe coa súa tramitación por incumprir as leis eólicas vixentes en Galicia.

Como xa falamos onte aquí e en reiteradas ocasións, cómpre recordar que en Galicia non se permite a instalación de proxectos eólicos nos espazos declarados como rede de especial protección dos valores naturais para formar parte da Rede Natura, agás as repotenciacións; prohibición referendada en 2014 coa aprobación do Plan director da Rede Natura 2000 e quedando expresamente prohibido instalar parques eólicos en Rede Natura.

Por isto, a Xunta de Galicia solicitou que a información ambiental publicada polo Ministerio de Transición Ecolóxica no ámbito de zonificación ambiental para as enerxías eólica e fotovoltaica sexa clara e non induza a erro, porque dende o Ministerio se informa os promotores de que nas zonas de sensibilidade máxima nas que está incluída a Rede Natura os proxectos eólicos non están recomendados, cando saben que non é así. Por lei está expresamente prohibido instalar parques eólicos en Rede Natura. E de aí a nosa solicitude do punto número 2: que a información proporcionada polo Ministerio sexa clara e veraz, porque isto, señorías, entendo que saben que pode confundir as empresas, que poden solicitar instalar parques en zonas prohibidas na nosa comunidade.

Vostedes falan aquí constantemente de avalancha de proxectos de parques eólicos, dando a entender que só ocorre en Galicia, cando saben que non é así, que ocorre en toda España. De feito, fálase dunha burbulla de renovables que parece ser que a propia ministra de Transición Enerxética nega. Pero creo que é algo obvio e evidente en todas as comunidades e, de feito, todas teñen as mesmas queixas de acumulación de tramitacións. A nosa opinión está fundamentalmente motivada pola modificación do Real decreto lei 23/2020, do 23 de xuño, aprobada polo Goberno estatal, de medidas de axilización para a reactivación económica, que aprobou o seu goberno no mes de xullo. «Medidas de axilización», eu entendo que esas palabras a vostedes lles dan alerxia, pero si aprobou o Goberno do Estado un real decreto con medidas de axilización. Esas medidas obrigan a cumprir uns prazos de tramitación moi curtos, moi axustados, e, se non se fai, se as empresas non fan ese trámite, van ter importantes prexuízos económicos, perdendo os avais. Todo o que se quería conseguir por parte do Goberno central, que era eliminar a especulación, pois foi todo o contrario e o que provocou foi unha solicitude desmesurada de parques eólicos.

Polo tanto, creo que con esta explicación lles dei cumprida explicación da nosa proposta, que o que busca é manter a ordenación na instalación dos parques eólicos, que se paralicen os proxectos fóra das áreas do Plan sectorial eólico e en Rede Natura e que se difunda de forma correcta que está absolutamente prohibido dende xa hai moitos anos na nosa comunidade instalar parques en Rede Natura.

A Xunta de Galicia informou negativamente 36 proxectos de ámbito estatal, que afectan, como lles dixen noutras ocasións, un de cada cinco concellos galegos, concretamente 68



concellos; informou negativamente por incumprir a normativa. O Goberno central o que ten que respectar é a normativa galega e, como vemos que segue con esa tramitación, por iso o temos que reclamar con moita máis insistencia.

Señorías, Galicia está blindada nun 77,5 % na instalación de parques eólicos, e así queremos que continúe. O noso modelo é a instalación ordenada de proxectos con todas as garantías xurídicas, técnicas e medioambientais, e, por suposto, como se leva facendo ata o de agora, facendo compatible o uso industrial co uso agrogandeiro, como se leva facendo sempre.

A instalación de parques eólicos contribúe ao medio rural cos seus impostos, tanto co canon eólico, como falamos onte, como cos tributos que pagan no territorio. No ano 2019 pagaron 130 millóns de euros, que repercuten directamente no noso territorio. Isto deberíamos velo como unha oportunidade, e non deberíamos tratar de enganar e si de axudar e de ser claros, moi claros coa poboación, para non amedrentala. É o que desde este grupo cremos e é o que os galegos e as galegas merecen.

Nada máis pola miña parte e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Nóvoa.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Arangüena Fernández.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señora Nóvoa, para empezar, teño que dicirlle que onte vostede mentiu e faltou gratuitamente o noso grupo parlamentario cando dixo literalmente que quedáramos «co cu ao aire» despois de votar en contra da baixada do IVE da electricidade. Porque nós non votamos en contra, senón que nos abstivemos, e foi precisamente o PP o que si votou en contra. Por tanto, mentiu vostede e faltounos vostede ao respecto falando gratuitamente da parte traseira das nosas anatomías. Por tanto, eu, ademais de pedirle que retire a súa mentira —cousa que lle pido, e, se foi un erro, tamén aceptamos as súas desculpas—, podería dicirlle que a que quedou onte co cu ao aire foi vostede. Pero non o vou facer, porque eu non quero falar de cus neste Parlamento, a non ser que sexa estritamente necesario. O que si teño que lembrarlle é que, cus á parte, o que fixo o Partido Socialista foi baixar o IVE da luz, cousa que non fixeron vostedes cando gobernaban.

Fala vostede de infravalorar, de amedrentar o sector eólico. Atribúenos iso a nós e dinos que nos puxemos detrás dunha pancarta pedindo a paralización. Nós non pedimos ningún tipo de paralización, pedimos un novo modelo eólico. Quen vai paralizar o sector eólico, segundo di a Asociación eólica de Galicia, son vostedes, por incompetentes; non paralizalo, o que van é liquidalo, como sigan así, ¡liquidalo! *(Aplausos.)* Porque o ano pasado autorizaron 6 parques eólicos, e esas previsións de 450 megavatios están tan lonxe da realidade que son directamente de risa, ¡de risa! *(Murmurios.)*



E antes de que vostede, na súa réplica, diga, como ten por costume, que estamos —como xa dixó— en contra da eólica, ou que somos —como dixó vostede onte a respecto doutra forza política— «hipocrisistas», dígolle que a nosa posición é perfectamente clara: eólica, si, pero non así. Xa llo dixemos moitas veces: eólica si, pero non así. Porque somos partidarios da eólica, pero avogamos por un novo modelo eólico galego que supere as eivas do que temos actualmente, que minimize os efectos medioambientais e sociais e que maximice os beneficios para o país.

E, por tanto, xa lle digo, que o Goberno central non vai autorizar eólicos en zonas da Rede Natura; non fai falta que o pida, é obvio. Pero nós imos máis alá, estamos a favor de que non se autoricen nin pola Xunta nin polo Goberno central, nin sequera en zonas de previsible ampliación da Rede Natura. O problema é que vostedes non amplían a Rede Natura máis pequena de España; néganse a ampliar a Rede Natura máis pequena de España, ese é o problema. E propoñemos que se maximice o rigor nas avaliacións ambientais e propoñemos que se someta o Plan eólico de Galicia á avaliación ambiental estratéxica. Pero vostedes xa votaron en contra destas propostas na Comisión 2ª hai exactamente tres semanas. Non queren ampliar a Rede Natura máis pequena de España, non queren maximizar o rigor nas avaliacións ambientais e non queren someter o Plan sectorial eólico á avaliación ambiental estratéxica, pero si queren pedirlle ao Goberno de España que non tramite procedementos que está legalmente obrigado a tramitar, o cal é de traca, directamente de traca, porque é un disparate pedirlle ao Goberno que non faga o que legalmente está obrigado a facer. ¡Un disparate!, con independencia do resultado final desa tramitación, obviamente, que será negativo, con toda probabilidade.

Señora Nóvoa, vostede é unha señora de dereitas, unha persoa de orde, (*Risos.*) e debería respectar o noso Estado de dereito, o noso ordenamento xurídico. Eu non a vexo a vostede desmelenándose e pedindo que un goberno faga cousas que legalmente non pode facer, e sen embargo vostede está facendo exactamente iso. Entón, deduzo que vostede se equivocou; equivocouse, ou se equivocou algún asesor do seu partido. Por iso lle pido que acepten vostedes a nosa emenda para substituír a súa expresión de que «o Goberno non proceda á tramitación» pola de que «o Goberno non proceda a autorizar». Estamos de acordo niso, en que non proceda a autorizar, porque non vai autorizar. E que é absurda a súa proposta, porque, cando o meu compañeiro Martín Seco pide que se emita unha avaliación ambiental negativa respecto de determinado proxecto, vostede dille que lles está pedindo que prevariquen, cousa que non fai. Pero, en troques, vostedes pídenlle ao Goberno central directamente que non proceda á tramitación de determinados proxectos eólicos. Como vexo que vostede ten certa confusión sobre o concepto de prevaricación —que, por certo, tan familiar lle resulta ao seu partido, por outra banda—, (*Murmurios.*) teño que dicirlle que a prevaricación consiste en adoptar resolucións que son claramente ilegais e en facelo premeditadamente. E vostede pídelle ao Goberno xustamente que prevarique, que prevarique, porque o Goberno central está obrigado a tramitar os proxectos de máis de 50 megavatios, ten que tramitalos; cousa diferente é que, como consecuencia desa tramitación, poida non autorizalos despois de tramitalos, que é o que nós estamos, por certo, dispostos a reclamar, porque é unha cousa branco e en botella. E eu podo entender que forzas populistas pidan semellante cousa, pero non que un partido que goberna Galicia disparate, a non ser que abrazasen vostedes definitivamente o trumpismo ou que a sección Vox estea facéndose co control do seu partido.



Señorías, necesitamos un novo modelo eólico, máis democrático, máis respectuoso co medio, máis transparente. Por iso propoñemos que os propietarios teñan como modelo un contrato tipo orientativo para negociar coas empresa promotoras de parques eólicos; propoñemos que se faga unha base pública de prezos eólicos e de información sobre eses prezos alcanzados nas negociacións entre as partes afectadas; e propoñemos a posta en marcha dunha oficina de asesoramento desde a Administración galega. E como a veciñanza e a comunidade de montes e concellos non reciben a compensación axeitada pola instalación dos parques no seu territorio, propoñemos que a Xunta corrixa o insuficiente retorno que ten o Fondo de Compensación Ambiental e o canon eólico nos concellos afectados polas instalacións destes parques e que o canon sexa establecido pola potencia instalada, que é cada vez maior, e propoñemos que a recadación dese fondo, establecida dun xeito opaco polo seu goberno, actúe directamente sobre melloras nos concellos e nas comunidades locais afectadas pola instalación dos parques, algo que é de xustiza, cando as rendas locais para os propietarios das terras onde se instalan os eólicos só supoñen o 2 % de toda a facturación que xeran os ditos parques, recoñecidamente tanto polo Observatorio Eólico de Galicia como, por outra banda, pola Asociación Eólica de Galicia; por certo, esa que di que vostedes se van cargar o sector, porque, como sigan así, din que se van cargar o sector e din que o sector, tal e como está regulado en Galicia, é a selva, a xungla —non o digo eu, dío a Asociación Eólica de Galicia—.

E téñolle que dicir tamén que hai dúas semanas o señor Feijóo mentiu descaradamente por enésima vez nesta Cámara, descaradamente, cando, en resposta a unha pregunta de Gonzalo Caballero, dixo que o 42 % do noso territorio está protexido. ¿Protexido de que? Porque a realidade é que temos menos do 12 % do noso territorio incluído en Rede Natura, que é a figura para protexer o noso territorio, a non ser que o señor Feijóo teña algunha figura descoñecida na súa cabeza. E, polo tnato, somos con gran diferenza a última comunidade de España en superficie protexida pola Rede Natura, menos do 12 %, que é menos da metade da superficie media do Estado, o 27 %, e a moita distancia da que ten máis, que é Madrid, cun 40 %. E nin sequera a Rede Natura está realmente protexida, porque a organización ecoloxista WWF, que é a única que fixo un estudo sobre o nivel de protección e a protección real efectiva da Rede Natura en España, considera que temos o peor plan director de Rede Natura; non o segundo peor plan, senón o peor plan director da Rede Natura. Pero, polo menos, a Rede Natura si que está protexida contra os eólicos.

E, señora Nóvoa, a nosa Rede Natura está protexida contra os eólicos porque o Goberno de Emilio Pérez Touriño adoptou esa decisión. Non confunda vostede, como ten por costume, dicindo que o Goberno de Emilio Pérez Touriño autorizou parques na Rede Natura, concretamente seis, como din sempre, cando debería saber que eran parques que xa iniciaran a súa tramitación nos gobernos de Fraga e que, por tanto, o Goberno de Emilio Pérez Touriño non puido paralos porque tamén tería sido prevaricación.

Non diga que foron vostedes quen prohibiron a implantación de parques eólicos na Rede Natura porque foi o Goberno de Emilio Pérez Touriño quen tomou esa decisión, concretamente no artigo 6.2 do Decreto 242/2007, polo que se regulaba o aproveitamento da enerxía eólica en Galicia, que dicía literalmente —e voullo ler por se lle quedou algunha dúbida nalgún momento—: «Quedan excluídos da implantación de parques eólicos aqueles espazos



naturais declarados como zona de especial protección dos valores naturais para formar parte da Rede Natura 2000 —Decreto 242/2007—.

E como temos a Rede Natura máis pequena de España, propoñemos que se exclúan os parques eólicos das zonas de ampliación da Rede Natura, que teñen vostedes paralizada incomprendiblemente desde hai dez anos. Tamén propoñemos que se someta á avaliación ambiental estratéxica o Plan eólico, porque non se someteu nunca. E propoñemos que se aumente a distancia respecto dos núcleos de poboación. Como ve, nós propoñemos moitas cousas. ¿Que propoñen vostedes? No punto 1, que o Goberno prevarique descaradamente. No punto 2, que mellore o mapa de planificación eólica de Galicia, un mapa que é meramente orientativo. No punto 3 propoñen que o Goberno aumente os prazos de resolución dos procedementos eólicos, cando, precisamente, a principios deste ano aprobaron vostedes unha lei de simplificación administrativa que pretende xustamente o contrario; é dicir, que pretende reducir eses prazos. Vostedes fan unha lei para reducir prazos e catro meses despois pídenlle ao Goberno que amplíe prazos porque están vostedes desbordados pola súa incompetencia, o cal sería de risa se non estivésemos falando de algo serio.

Señores do PP, non xoguen ao escapismo, non boten máis balóns fóra. Poden vostedes modificar o modelo eólico de Galicia de acordo coas súas competencias e dentro da lexislación estatal, mañá mesmo, ¡mañá mesmo! Fágano e deixen de desinformar, de manipular e de practicar o trumpismo en Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Ben, eu, como xa teño vocación vital de desmelenada, vou comezar dicindo directamente que estamos moi contentos e contentas desde o BNG de que o Grupo Parlamentario Popular traia esta iniciativa, porque significa algo no seu fondo, que é que son conscientes dos graves problemas que está habendo co desenvolvemento do sector eólico deste país e porque están sendo permeables á forte presión social que está habendo neste país sobre esta cuestión. *(Aplausos.)* Este é un recoñecemento de que hai unha parte importante de razón e de que hai que sentarse a planificar. A parte negativa pola que non podo parabenizalos é porque parece que intentan vostedes exonerarse, autoexculparse, dirixir esa parte exclusivamente ao Goberno central. Polo tanto, quero comezar convidándoos a que se apliquen tamén o conto e así poderemos vir aquí a esta tribuna e darlles os parabéns e o agradecemento.

Indo á cuestión. Esta iniciativa, en fin, á parte dun enorme exercicio de demostración de que esa presión popular funciona e de que hai marxe para cambiar os problemas que ten este modelo eólico, é tamén un bonito exercicio de civismo por parte do Grupo Parlamentario do



Partido Popular; é unha manobra de distracción. Eu teño que dicirlles, señora Nóvoa, que non enganar a ninguén. A verdade é que era difícil que puideran vostedes atopar unha vía de escape. Atopárona, son uns artistas para iso, pero veñen aquí con esta cuestión porque buscan esa autoexculpación, poñer esa camisa de goberno que protexe os intereses galegos. Pero agora atoparon unha vía, que é centrar todo nos proxectos de ámbito estatal, dos que ningún é, afortunadamente, unha realidade e así intentar evitar dar un debate de fondo sobre o modelo eólico global que necesita este país. E o que fan temos o temor de que sexa exclusivamente unha estratexia propagandística por centrarse nos que teñen máis de 50 megavatios, da mesma forma que manipulan se máscaras si, se máscaras non ou da mesma forma que un día queren as competencias de tráfico, outro día, non, e van así intentando dar unha de cal e unha de area. Eu xa lles advirto que é mellor que non sigan por esa vía porque non lles vai funcionar, porque a presión social e política sobre o modelo eólico do Partido Popular na Xunta vai seguir e van ter que rectificar, e canto antes o fagan, mellor lle irá a este país.

En todo caso, é un recoñecemento de que están preocupados, porque saben que a súa propia base social ou os seus propios concellos están tendo tamén moitos problemas con este procedemento. Iso é negativo neste momento, pero a longo prazo, se vostedes ceden, será positivo para este país.

Indo á cuestión da iniciativa, a nós o que nos preocupa é que veñen aquí como se o único problema fose o Goberno central, e é de traca, porque vostedes piden agora que o Goberno central faga todo o que vostedes non están facendo; é dicir, que haxa planificación e que se respecte o Plan sectorial, que vostedes fixeron saltar polos aires na modificación que —si, señora Nóvoa— aprobaron neste Parlamento hai uns meses. E voulle explicar por que. O que fixeron —xa que se falaba aquí de prevaricación— foi legalizar a prevaricación, porque vostedes decidiron que o Consello da Xunta, co seu dedo, pode decidir onde salta o Plan sectorial eólico e onde non. Entón, o que lles preocupa a vostedes é que o Goberno central poida facer o mesmo. E nós o que dicimos é que nin o faga o Goberno central nin o faga a Xunta de Galicia. Dotémonos dun marco normativo, dun mapa e dunha ordenación de implantación eólica con novas áreas de exclusión para limitar excluír a Rede Natura, excluír tamén a ampliación da Rede Natura e outros recursos naturais que sexan estratéxicos, e que todo o mundo cumpra esa planificación. Entón, parécenos estupendo que se lle diga ao Estado que non o pode facer, pero gustaríanos que vostedes fosen consecuentes, e a nosa emenda vai nese mesmo sentido. Porque, ademais, vostedes fixeron moitas máis cousas con esa lei de simplificación administrativa, como, por exemplo, que lle faltou no seu discurso facer a súa clásica mención á función pública. Quen non respecta a función pública son vostedes, que avanza nesa privatización da xestión medioambiental, nesa privatización dos informes, que tamén avanza esa lei de simplificación administrativa, que é un cabalo de Troia. E non contentos con iso, pois, claro, vostedes favorecen que haxa implantación eólica en zonas que tiñan que estar dentro da ampliación da Rede Natura, como no Suído e como en tantos outros casos que temos traído a este Parlamento.

Polo tanto, non están vostedes para presumir de defensores da loita contra o cambio climático. E xa non vou citar o primo de Rajoy, pero que veñan dar leccións de ecoloxismo, pois, en fin... Gábanse da baixada de emisións de CO₂ deste país, obviando que se debeu non ás



directrices enerxéticas do Goberno do Partido Popular de tres carillas nin á xestión do Goberno do Partido Popular, señora Nóvoa, senón que se debeu a que antes de pechar definitivamente, por exemplo, Meirama houbo unha enorme parada produtiva, e nas Pontes tamén, e sábeo vostede perfectamente porque estivemos neste Parlamento falando da preocupación da afectación dos traballadores desta central das Pontes e demais. Polo tanto, en fin, de verdade, é faltar á verdade unha vez máis.

En todo caso, nós insistimos, as enerxías renovables non son de por si inocuas e, polo tanto, hai que ir a unha ordenación e a unha planificación. Entón, hai que atallar estes problemas. Se quixeran atallar estes problemas, votarían a emenda do BNG, que aposta por facer unha nova planificación e ordenación, ou terían apoiado algunhas das que se presentaron nos últimos meses. Pero a nós dános a impresión de que intentan facer unha manobra de distracción. E preocúpanos porque iso de querer facer unha manobra de distracción parece que é tamén un pouco extensible ao Partido Socialista, porque, desde logo, aquí dinse unhas cousas nesta tribuna que sobre o papel nos parecen estupendas, pero, claro, presumir de que, como o Goberno central xestiona moi ben, xa automaticamente ningún destes parques se vai traducir nunha realidade, parécenos moito presumir de que vai ser así. Nós o que propoñemos é que tamén haxa unha ordenación nese sentido, e partimos dunha evidencia: os parques de máis de 50 megavatios que sexan de xestión integramente dentro do territorio galego terán que ser tamén de xestión galega. É algo que ten toda a lóxica, porque, ademais, no momento de desenvolverse a lexislación eléctrica, a tecnoloxía non estaba o suficientemente desenvolvida como para que houbose parques de tanta dimensión dentro dunha soa comunidade autónoma. Agora si, polo tanto, defendemos que haxa ese cambio porque, ao final, necesitamos soberanía e capacidade política.

A señora Nóvoa vén aquí dicindo alegremente que informan negativamente e que é vinculante. Mire, sabe vostede que hai algún proxecto —como o de Rebordechao, que coñece ben porque somos do mesmo territorio— que está nunha fase moi iniciática na que simplemente a Administración do Estado consulta entidades, concellos, etc. interesados para facer a fase previa da tramitación ambiental. Polo tanto, neste momento, que a Xunta diga «non me gusta» non vale de nada por falta de soberanía política. Así que non vaian ás cuestións técnicas para confundir a xente porque sabe que queda moito por traballar. En todo caso, se conseguimos parir esa aberración, pois terán tamén os nosos parabéns, se vostedes se poñen de lado desa demanda e non do lado de en fronte. Pero, de momento, a cuestión está así.

Entón, nós hoxe o que pedimos tamén, a través das nosas emendas, son cuestións moi sinxelas: planificación e paralización deses parques que colidan coa zona de expansión de Rede Natura e coas zonas de Rede Natura. A vostede quedoulle no tinteiro o das zonas que estaban previstas de ampliación porque, entón, terían que facer o mesmo cos seus parques, pero, entón, non confundan e aposten por esa cuestión. E pedimos tamén que haxa xestión galega. De verdade que pensamos que habería que tomar este tema cun pouco de seriedade. En todo caso, é positivo que vostedes vexan que hai un problema e que estean dispostos a ceder, pero amplíen o foco.

Tamén quero aproveitar para poñer o foco na cuestión da Rede Natura. Bueno, eu quedo contenta de que no día de hoxe, no Pleno, o Partido Socialista volva reivindicar o traballo que se



fixo no Bipartito no sector eólico, porque, despois das intervencións de onte, quedei un pouco confundida. *(Aplausos.)* En todo caso, esa ten que ser a vía, pero ten que ser a vía non só na cuestión da protección medioambiental, na que —insisto—, ademais da Rede Natura —como se fixo no seu día—, hai que ampliar o foco, porque nos últimos anos o Goberno galego meteu no caixón as zonas pendentes de ampliación. Hai que ir máis alá, hai que facer tamén un cambio de modelo económico e hai, polo tanto, cuestións que saían aquí, como o retorno industrial, como os contratos tipo, etc., nas que hai que aplicar a mesma exixencia que se lle está pedindo —no caso do día de onte, no debate que tivemos— á Xunta tamén ao Goberno central. Eu espero que aí tamén o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia estea á altura das circunstancias e que tamén exixa que esas cuestións sexan contempladas nos parques estatais, mentres non son aínda de tramitación galega, porque o certo é que no día de hoxe esa realidade non é así.

Polo tanto, estas son cuestións que a través dunha emenda que é positiva e que é racional formulamos desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. E o que imos ver na votación de hoxe é se ao Goberno galego lle interesa ter un consenso a prol deste país, a prol de que se ordene, a prol de que se protexan esas zonas polas que tanta preocupación expresaba a señora Nóvoa ou se unicamente lle interesa usar esta cuestión como arma arreboladiza para dar a impresión de que o Goberno central moi mal, pero eles moi ben, de que, polo tanto, están traballando na cuestión do sector eólico e de que poñen esa camisa verde de defensa dos intereses de Galiza. Eu convido o Partido Popular a que intente buscar un consenso e a que poida haber unha posición unánime nesta cuestión porque, sinceramente, pensamos que sería importante para este país e para o noso futuro.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Miren, señorías, este é o mapa que non queren ver *(A señora Nóvoa Iglesias amosa un mapa de Galicia.)*. Cáeselles o discurso de «Xunta depredadora». Esta é a depredación que pretende o señor Sánchez con 36 proxectos; si, señorías, 2.700 megavatios..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...centos de muíños en zonas prohibidas..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Señor Arangüena, por favor!

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...fóra do Plan sectorial eólico..., *(O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)*



O señor PRESIDENTE: ¡Señor Arangüena, por favor!

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...en Rede Natura. Esta é a foto que non lles gusta ver, señor Arangüena. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Perdoe un momento. ¡Coidado co vocabulario!

A señora NÓVOA IGLESIAS: Esta. *(A señora Nóvoa Iglesias amosa novamente o mapa.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Coidado co vocabulario. Aquí ninguén di «chorradas» desde a tribuna, e a miña obrigaón é protexer a quen está no uso da palabra. *(Murmurios.)*

A señora NÓVOA IGLESIAS: Non se preocupe, presidente. *(Murmurios.)*

E mire, señor Arangüena, esta é outra foto que lle vou ensinar. ¿Ve? *(A señora Nóvoa Iglesias amosa un documento.)* Esta é a votación no pasado pleno da nosa iniciativa. ¿Sabe o que dicía a nosa iniciativa? Quitar o imposto de electricidade da factura e harmonizar o IVE co resto de países europeos. ¡A isto votaron que non! ¿E sabe o que fixo o seu compañeiro, que está detrás? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Dicir que eran oportunistas as nosas iniciativas, tanto a do BNG como a do PP. *(Murmurios.)* Abstivéronse naquela, pero votaron que non á iniciativa de baixar o IVE e baixar a factura da electricidade de todos os españois. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, votaron que non. *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, señor Seco, votaron que non. *(Aplausos.)* E eu si que falo con rigor; vostedes non falan con rigor.

Señor Arangüena, mire, a min prodúceme disonancia cognitiva, porque é que vostedes non saben o que di a man dereita e o que di a man esquerda, porque, por un lado, somos uns depredadores e imos arrasar con Galicia, e agora din que no ano 2020 só se instalaron seis parques eólicos. Pero ¿cal é a verdade aquí, señor Arangüena? ¡Un pouco de rigor!

Mire, se estes proxectos se presentasen na Xunta, nin se admitirían a trámite porque incumpren a primeira norma, que é que estean dentro das áreas de desenvolvemento eólico, dentro do Plan sectorial eólico. ¡Nin se admitirían a trámite! Esa é a realidade. Non pedimos con esta iniciativa nada ilegal, porque o informe da Xunta, que xa se produciu, señora Presas, é negativo, porque están en zonas incorrectas. Esa é a realidade. ¡Piden a ampliación de Rede Natura e nin sequera respectan a Rede Natura que temos! Pero ¿onde estamos?

Mire, señor Arangüena, a información do Ministerio di que está recomendado non instalar parques, cando está prohibido. ¿E saben cal é a diferenza entre este goberno que hai agora, que leva dende o 2009, e o seu do Bipartito? Que vostedes instalaron seis parques en Rede Natura. ¿E a quen? ¡Ui!, a empresas do oligopolio... *(Murmurios.)* Non vou nomear a quen, señorías. *(Murmurios.)*

Miren, a señora Presas di aquí que levamos doce anos gobernando e que non consideramos a tarifa galega. *(Murmurios.)* Miren, vostedes levan dezaioito anos... A señora Pontón leva dezaioito anos neste Parlamento, gobernaron catro e non foron capaces de presentar nin un



só papel que teña un argumento para definir a tarifa galega, ¡nin un! Pero o máis sorprendente é que queren unha tarifa galega sen enerxía térmica, porque as térmicas as pechamos, aínda que teñan unha mínima opción, con biocombustibles; queren unha tarifa galega sen enerxía eólica, porque tamén está prohibida; e queren unha tarifa galega tamén sen hidráulica. Por tanto, ¿con que enerxía queren vostedes a tarifa galega? ¡Sexan coherentes por favor, señorías! (Aplausos.)

Miren, a realidade é que claro que non somos o mesmo, ¿como imos ser o mesmo? Porque este goberno —o que lles dicía— prohibiu a instalación de parques en Rede Natura, e vostedes autorizaron seis parques en Rede Natura. E foi este goberno o que puxo o canon eólico. Oia, ¿que é iso de «amigos de las eléctricas»? Poñémoslles un imposto ás eléctricas, que pagan por instalar os muíños, ¿e quen son os amigos das eléctricas? (Murmurios.) Vostedes, no seu goberno, ¿sabe canto? Cero euros aos territorios. (Aplausos.) ¡Cero euros! (Aplausos.) Polo tanto, «amigos de las eléctricas»..., háganselo mirar. (Aplausos.)

Señora Presas, se se opoñen a esta iniciativa, o que seguirán é sostendo a pancarta, pero tamén seguirán sostendo o señor Sánchez, porque é o que fan vostedes en Madrid e en todos os concellos galegos onde gobernan. Esa é a realidade. Están sostendo o Goberno social, progresista que nos cobra a luz un 45 % máis cara a todos os españois, (Murmurios.) señoría, e vostedes sostéñeno. (Murmurios.)

Miren, claro que non somos coma vostedes. E o que pedimos con esta iniciativa é, punto un, que se cumpra a lei. A lei eólica vixente di que non se poden instalar parques fóra da área sectorial, definida no Plan sectorial eólico, e que tampouco se poden instalar parques en Rede Natura, cando na web do Ministerio está recomendado que non se instalen, pero non di que a prohiben. (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora NÓVOA IGLESIAS: O que pedimos é que se amplíen os prazos que van prexudicar a tramitación destes proxectos. E vostede, señora Presas, sábeo. Vostedes presentaron aquí iniciativas para ampliar, nunca para reducir, e agora, se van votar en contra desta iniciativa, señoría, pois vese.

O señor PRESIDENTE: ¿Sobre as emendas?

A señora NÓVOA IGLESIAS: Por suposto que non imos aceptar as emendas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora NÓVOA IGLESIAS: A min o que me gustaría é que se coloquen por unha vez do lado dos galegos e non do lado do señor Sánchez, como fan sempre.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Rematado o debate das proposicións non de lei, procedemos á súa votación.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia relativas á creación dunha unidade de muller e saúde dependente da Consellería de Sanidade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D^a María González Albert.

(A señora Rodríguez Dacosta pronuncia palabras que non se perciben.)

¿Perdón? ¿Si? ¿Acepta vostede a votación por puntos?

(A señora Rodríguez Dacosta pronuncia palabras que non se perciben.)

Pero, primeiro, coméntolle que aceptou unha autoemenda dela e non aceptou a súa emenda. Entón, ¿cal quere separar? ¿Que puntos quere separar?

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Os puntos 1 e 2, xuntos; e, por outro lado, o punto 3.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votamos, entón, en primeiro lugar, os puntos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Perdón? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero aceptou, dixo que si... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Xa me dixera que si. *(A señora González Albert asente.)* Xa vin... ¡Eu vou rápido nestas cuestións! *(Risos.)* É que desde aquí se ve mellor, non é por outra cousa.

Entón, votamos os puntos 1 e 2.



Votamos.

Votación dos puntos 1 e 2 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María González Albert, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa contratación de servizos aéreos para a defensa contra os incendios forestais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados os puntos 1 e 2 deste texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o punto número 3.

Votamos.

Votación do punto 3 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María González Albert, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa contratación de servizos aéreos para a defensa contra os incendios forestais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 39; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 3 deste texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez.

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e Popular.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a Noa Susana Díaz Varela, sobre o mantemento por parte da Xunta de Galicia, para o curso 2021/2022, do mesmo número de docentes que no curso actual, con independencia do incremento que poida derivar da ampliación de oferta educativa.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Pedro Puy Fraga.



Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Guadalupe Murillo Solís e cinco deputados/as máis, sobre a defensa por parte da Xunta de Galicia da autonomía financeira e da capacidade normativa en materia tributaria e a demanda ao Goberno de España da reversión da modificación do artigo 36 da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas que prevé o Proxecto de lei de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Martín Seco García.*

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García e D^a María Leticia Gallego Sanromán, sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co mantemento do emprego nas fábricas Xallas Electricidad y Aleaciones S.A. de Cee e Dumbría.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 39; abstencións, 19.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

(A señora Presas Bergantiños pide a palabra.)

O señor PRESIDENTE: ¿Sí?

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: *Quería solicitar a votación separada do punto 3 (A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.) É que a señora Nóvoa non quería incorporar a ampliación de prazos tamén a afectados e usuarios, e deixalo só nos promotores.*

O señor PRESIDENTE: *Ben, pero iso é da que vou ler aínda agora. (A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.) (Risos.) Vou anunciarla. Quero dicir, aínda non a anunciei, pero xa a anuncio e despois... Entón, vaia pensando... Xa sabe, ten algo adiantado. (Murmurios.)*

Ben, en concreto, imos votar agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Marta Nóvoa.



Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

Piden unha votación separada, pero non se acepta. *(A señora Nóvoa Iglesias nega coa cabeza.)*

Non se acepta. Polo tanto, votamos tal como vai.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España de modificar a tramitación e autorización de proxectos eólicos en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.

Continuamos coa orde do día, neste caso interpelacións.

Interpelación de D. Ramón Fernández Alfonzo e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa perda de actividade industrial e de emprego

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Fernández Alfonzo. *(Pausa.) (Murmurios.)*

Imos continuar co pleno.

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Fernández Alfonzo.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Obrigado, señor presidente.

Hoxe, 23 de xuño, estamos a unha semana de que venza o prazo de garantía de emprego que ten o persoal das auxiliares da térmica de Endesa, nas Pontes. E, do mesmo xeito, estamos a unha semana tamén de que se fagan efectivos os traslados cara a outros centros fóra de Galiza do persoal propio de Endesa. É dicir, dentro dunha semana, varios centos de persoas da vila e contorna das Pontes e as súas familias quedan expostas ás inclemencias dunha crise que deixa ao descuberto moitas cousas: propaganda enganosa, mentiras, desgoberno, falta de capacidade política, pero, sobre todo, deixa ao descuberto persoas, familias, xusto cando se fan dezaioito meses desde que Endesa comunicou o peche da central térmica e non hai nin a sombra dunha solución para a vila das Pontes. Peor aínda, o que constatamos todos e todas durante estes dezaioito meses é que o Partido Popular e o PSOE, que o Goberno galego e o Goberno español —Endesa mediante—, son incapaces de poñerse de acordo nin sequera



en situacións de crise e extrema necesidade como esta. Dezaioito meses de desencontros, de contradicións, de inoperancia, de mentiras e de tirarse os trastos á cabeza uns aos outros sen dar solucións.

¿E agora que? ¿Como pode ser que nunha situación coma esta, ante a solicitude reiterada de reunións por parte da representación do persoal afectado, a única comunicación co Goberno do Estado sexa a través da subdelegada provincial do goberno e que a conclusión da reunión sexa: «Comunicar las necesidades de As Pontes para afianzar el compromiso con el empleo»? É unha cita textual da nota de prensa. «Comunicar las necesidades de As Pontes para afianzar el compromiso con el empleo», coma se nos ministerios non fosen sabedores da situación. ¡É increíble, pero é o que temos! Agora que as cousas se poñen feas, nin as ministras, nin tampouco o presidente Feixóo, queren dar a cara, dezaioito meses despois de anunciarse o peche, e sabendo que o peche é un feito desde o minuto cero, porque Rede Eléctrica como operador do sistema xa avanzou os seus parabéns para o peche da central.

Haberá moitas cousas que aclarar sobre o como e o cando, pero que a central pecha é un feito. Sábeno no Ministerio, sábeo a Xunta, sábeo Greenalia, sábeo Iberdrola, sábeo EDP e sábeo calquera que non nacera onte; e dezaioito meses despois seguen vostedes dándolle voltas ao veo, sen solucións. E dezaioito meses despois o Goberno do Estado inicia os trámites para a elaboración do convenio de transición xusta; uns trámites que poden demorar aínda un ano máis e que o propio Ministerio di que son básicos para poñer en marcha os proxectos de reactivación da zona; dezaioito meses esperando para iniciar uns trámites básicos.

E da outra gran baza para a reactivación económica das Pontes, da poxa para adxudicar os nós de acceso á Rede Eléctrica que se liberan co peche da central nin se sabe. Acaba de publicarse aínda agora o borrador da poxa para Andorra, que vai moito máis adiantada que o das Pontes.

¿E á Xunta? Á Xunta non lle debe parecer abondo o desastre que hai montado co peche da térmica das Pontes, que foi botar unha man.

Primeiro négase a asinar o protocolo de colaboración para impulsar o convenio de transición. É a única comunidade autónoma que non o ten asinado. As outras comunidades autónomas afectadas por peches de centrais térmicas nos seus territorios xa asinaron, todas: Andalucía, Castela-León, e tamén as gobernadas polo Partido Popular incluídas.

O que sexa que move o Goberno de Feixóo que ninguén sabe ou entende, ou os intereses empresariais que anda promovendo, loxicamente, xa é motivo de todo tipo de especulacións. Iso si, a guinda, o mellor de todo, o Óscar foi para a película dos biocombustíbeis. ¡Que interpretación, señor vicepresidente! ¡Que marabilla! O guión foi roubado, iso si, pero non lle quita mérito ningún. ¡Como conseguiu manter o misterio até o final! Case un ano levamos neste Parlamento pedíndolle que explique e cuantifique o proxecto dos biocombustíbeis: cantos grupos, cantas horas de traballo, que volume de emprego ocuparía, a que prezo entraría no sistema... E vostede, nada, calado, sen revelar o misterio. Que onde está o BNG, o BNG para arriba, o BNG para abaixo, ¿e o BNG onde está?... E así case un ano. E, por fin, o outro día, xa no tempo de desconto, menos de 24 horas antes dunha reunión da Mesa das



Pontes, envía vostede a proposta dos biocombustíbeis; unha proposta que, á parte doutros detalles, consiste no seguinte. A un lado dicirlle a Endesa: a planta vala facer ti e vas operar ti. E, doutro lado, dicirlle ao Ministerio: e ti vas pagar unha prima de 30 euros/megavatio. ¡Impresionante! Unha escena digna dun filme de Clint Eastwood. Primeiro, a un lado, despois a outro, mais Endesa dixo que non, e o Ministerio tamén dixo que non, que xa non hai primas. Recoñézolle, señor vicepresidente, que a escena ben merecía outro final.

E, para colmo, na vila das Pontes chámalle a vostede irresponsábel. Preguntárase por que. Pois dígollo eu: porque nas Pontes non están para películas. Levan dezaioito meses coa espada de Damocles enriba da cabeza e non están para películas. Queren solucións, queren ver os gobernos gobernar, queren seriedade e rigor, queren compromiso e colaboración. Seriedade, rigor e compromiso que, cando de goberno se trata —porque son vostedes Goberno—, equivale a dicir impulso de actuacións e, sobre todo, consignacións orzamentarias.

¿Aposta a Xunta de Galiza por unha planta de biocombustíbeis para As Pontes? Se apostan, aposten. ¿Canto diñeiro vai poñer a Xunta? ¿Vai a Xunta constituír unha sociedade para facer por si propia o que Endesa non está disposta a facer? ¿Como vai conciliar esa planta de biocombustíbeis co feito de que os propios plans de xestión de residuos da Xunta prevén destinar para a valorización enerxética apenas un 3 % dos lodos e un 15 % dos residuos agrogandeiros? Se fose unha proposta seria e viábel, estes serían os extremos que a Xunta ten que aclarar e concretar: se está disposta a constituír unha sociedade para promover e operar a planta, se vai modificar o plan da Xunta para a xestión de residuos e a que prezo vai entrar a produción desa planta no sistema eléctrico. Esa é a chave das noces porque, efectivamente, señor vicepresidente, sabe perfectamente que xa non hai primas. A planta tería que competir no mercado ou, no mellor dos casos, ir a unha poxa específica para esa tecnoloxía, onde, en todo caso, terá que competir con outras plantas. Pero xa non hai primas, e menos aínda para un proxecto como o que vostede di defender, de máis de 50 megavatios.

Retratouse a Xunta de Galiza presentando o proxecto, despois dun ano sen concretalo, xusto o día antes da reunión e, ademais, sen adquirir compromiso ningún. É a foto perfecta do seu *modus operandi* durante estes dezaioito meses: facer que fai e mandar a outros facer; colocar permanentemente a pelota no tellado doutros e non asumir que son vostedes goberno, que teñen vostedes a responsabilidade de gobernar, de procurar solucións reais. Teñen vostedes esa responsabilidade e non a están exercendo. E nos seus orzamentos non hai un peso para a reindustrialización da vila das Pontes. Iso é o que vale o compromiso da Xunta coas Pontes: nada, nos seus orzamentos. Negativa a asinar o Protocolo de colaboración (*Aplausos.*) para o convenio de transición, e mentiras e fume na xestión da crise e nas súas propostas. Conseguiu vostede o que parecía imposíbel: facelo igual de mal que o Goberno do Estado, je mire que era ben fácil facelo mellor! Pero vaia vostede saber por que decidiron enlevar as cousas aínda máis do que estaban.

Como lle dixeran, as especulacións están á orde do día. A ninguén lle pasa desapercibida que esa guerra que libran Xunta e Goberno do Estado ten o seu transfondo empresarial e de candidaturas aos fondos Next Generation. Os lazos do Partido Popular con Greenalia e os proxectos e os litixios que esta empresa ten co Goberno do Estado seguramente teñan un papel neste desgoberno. E, coma sempre, vai haber persoas con nomes e apelidos, con familias,



que van pagar as consecuencias da irresponsabilidade do Goberno do Estado e do Goberno de Feixóo.

E vostede, señor Conde, é vicepresidente do Goberno galego, conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, tócalle a vostede gobernar e dar solucións. Se quere vostede xogar a ser Clint Eastwood, por favor, fágao fóra de horas (*Aplausos.*) ou cargue as pistolas con algo máis que fume. Deixe as películas e faga política, poña solucións enriba da mesa con consignacións orzamentarias.

Máis nada polo de agora. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Alfonso.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Señor presidente.

Señor Fernández, o oportunismo político ten un percorrido moi curto, e seguramente o BNG tería que pensalo antes de apoiar a aqueles que pediron e decidiron o peche anticipado da central das Pontes nun proceso de transición enerxética inxusta e desordenada; decisión que adoptou o Goberno que vostedes apoian.

Non temos máis que ver a factura da luz —e adiantámolo—. Os prezos históricos próximos aos 95 euros/megavatio no mercado eléctrico son unha evidencia clara dunha política enerxética improvisada, con impostos e custos regulados ao redor do 57 % que responden a decisións políticas do Goberno que vostedes apoian; unha percepción errónea do ecoloxismo por parte do BNG, que non está medindo as consecuencias de promover cambios sen ter antes alternativas de solución para as empresas, para as persoas traballadoras e para a cidadanía.

E agora vén vostede aquí facer un exercicio de hipocrisía política. É unha percepción errónea dese ecoloxismo que o BNG está compartindo día a día, pancarta a pancarta. Vostedes están detrás da pancarta «Galicia, un futuro sen carbón», que despregaron as plataformas amigas e os seus socios de goberno. E vostedes son responsables da situación que está a vivir a xente das Pontes e do seu arredor. O BNG é responsable directo da situación que nestes momentos están atravesando os traballadores das Pontes. (*Aplausos.*)

Señorías, o Partido Popular trasladou de forma clara e concreta a súa aposta pola industria. Somos conscientes de que a industria xera impactos, pero a industria é sostible, e a industria é sinónimo de progreso, riqueza e benestar, e vostedes iso non o comparten. Vostedes queren xogar nun taboleiro no que, xunto co Partido Socialista, queren decidir que empresas poden continuar a súa actividade e que empresas teñen que pechar. E fano de forma dixital. Iden-



tificando que empresas non lles interesan están tomando unha actitude proactiva para pechalas. E iso é o que están facendo vostedes coas Pontes.

A decisión de pechar a central das Pontes saben que foi do Goberno que vostedes están apoiando e que vostedes están permitindo. E agora o BNG vén aquí intentar trasladar e exportar as súas competencias e as súas responsabilidades, señor Fernández; a súa responsabilidade. Pesará sobre a conciencia do Bloque Nacionalista Galego a falta de apoio aos traballadores das Pontes. *(Aplausos.)*

O BNG dende o primeiro momento apoiou o peche decidido por parte do Goberno de España, e agora vostedes pretenden trasladarlle á Xunta de Galicia que temos que ser nós os que temos que trasladar unha alternativa industrial. Iso é hipocrisía política de primeiro nivel, señor Fernández. ¡Hipocrisía política!

O BNG non apoiou en ningún momento a Xunta de Galicia, ¡en ningún momento! Vostedes votaron en contra desa axenda Galicia da Xunta, que incluía a demanda de medidas efectivas para garantir unha transición ecolóxica xusta que evitasen o peche acelerado da central térmica das Pontes e a busca dunha alternativa industrial ao peche de Meirama. Vostedes votaron en contra, señor Fernández. ¡Votaron en contra! Fóra din unha cousa e aquí din a contraria.

Lamentablemente, parece que agora o Goberno está pensando en facerlles caso. Efectivamente, porque a ministra foi a que nos trasladou, tanto ao concello das Pontes como á Xunta de Galicia e a Endesa, traballar por unha alternativa para a central das Pontes. Non foi a Xunta de Galicia, señor Fernández, foi o Ministerio de Transición Ecolóxica, que sabía perfectamente que o camiño dos biocombustibles nos ía levar a onde estamos agora mesmo. Sabíao perfectamente o Ministerio, sabíao perfectamente Endesa, e nós, xunto co concello das Pontes, traballamos para identificar esa situación. E sabía o Ministerio de Transición que se ía precisar un mecanismo de retribución.

Pero, ¿a quen queren enganar, vostedes e o Goberno ao que apoian? ¿A quen queren enganar? Todos sabiamos que se precisaría un mecanismo de retribución. ¿Onde está a transición xusta? ¿Onde están os fondos que o Ministerio quere trasladar para a transición xusta? ¿E onde está o Bloque Nacionalista Galego apoiando os traballadores e unha alternativa industrial, que é o único que pode garantir a continuidade dos traballos da industria auxiliar e dos propios transportistas? ¡Hipocrisía política, señor Fernández!

O proxecto que defende a Xunta de Galicia para reconverter a central térmica das Pontes non foi máis que unha resposta da Xunta de Galicia ao mandato do Goberno de España. E aí estivemos traballando, xunto co IDAE, precisamente para buscar esa viabilidade técnica, ambiental e económica. Efectivamente, o proxecto suporía un investimento de 30 millóns de euros, cun prazo de execución que podería comezar a principios do ano 2022, consecuencia do traballo de ano e medio da Xunta de Galicia, do Ministerio de Transición, do Concello das Pontes e dos traballadores da propia central. Estivemos todos traballando, excepto o Bloque Nacionalista Galego, que estaba sempre á contra. ¡Sempre á contra! *(Aplausos.)*



Señor Fernández, o proxecto de biocombustibles sabe que é unha alternativa industrial cen por cento renovable, ¡cen por cento renovable! Polo tanto, sabe que só precisa de que o Goberno cumpra co compromiso que asumiu no seu momento de darlle viabilidade a esta planta, e, polo tanto, a responsabilidade de buscar eses mecanismos vinculados á zona de transición xusta.

¿Pero como pretende vostede trasladarlle á Xunta de Galicia a responsabilidade, e sobre todo aos orzamentos da Xunta de Galicia, unha solución para As Pontes? ¿Pero que hipocrisía política é esa? ¿Pero quen decide pechar As Pontes sen dar unha alternativa? ¿Pero quen ten os fondos europeos para poder dar esa alternativa ás Pontes? ¿Pero a quen queren enganar? Ou se sitúan cos galegos ou se sitúan en contra dos galegos, e, lamentablemente, o Bloque Nacionalista Galego está en contra dos traballadores das Pontes. *(Aplausos.)*

Señor Fernández, os traballadores das Pontes o que precisan son realidades e feitos. O Bloque Nacionalista Galego, lamentablemente, segue no seu boicot permanente ao sector e segue detrás dese ecoloxismo de pancarta onde di que defende as renovables e resulta que, simplemente, quere bloquear calquera alternativa de renovables e quere bloquear calquera alternativa, neste caso, que poida dar unha continuidade á planta das Pontes, aínda que esa continuidade e ese proxecto poida ser viable.

Saben que nós estamos defendendo un proxecto que é perfectamente compatible, que é compatible no marco de apoio ás enerxías renovables actual. Polo tanto, nós imos seguir comprometidos cos traballadores das Pontes e imos seguir comprometidos por traballar nun proxecto que dea unha resposta; ¡e alá vostede e alá o Bloque Nacionalista Galego onde se quere situar!

Nós imos seguir defendendo unha transición xusta, que significa desconectar cando tes a alternativa. O que están vostedes defendendo é unha transición inxusta. Saben a conciencia que estaban desconectando e que non tiñan alternativa, e iso é unha responsabilidade; e pensará —como lle dicía— sobre a súa conciencia e sobre a conciencia do seu partido político o futuro dos traballadores das Pontes.

Señor Fernández, só será posible o futuro das Pontes se o Goberno garante a continuidade da central mediante o uso de combustibles. Iso significa que o Goberno de Pedro Sánchez, que vostedes apoian, terá que decidir se cumpre co seu compromiso inicial e aplaca as incertezas de traballadores e de transportistas.

Se, dende logo, a alternativa é pechar As Pontes, que veña o señor Sánchez aquí, a Galicia, explicallo, acompañado do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista Galego, porque nós non imos participar desa decisión.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Na rolda de réplica, ten a palabra o señor Fernández Alfonso.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Obrigado, señor presidente.

Señor Conde, lembráballe na miña primeira intervención que é vostede conselleiro de Economía, Empresa e Innovación. E constatamos máis unha vez que a gran innovación deste goberno do Partido Popular sería que dera explicacións, que respondera ás preguntas que lle facemos en sede parlamentaria e que lle dirixe tamén reiteradamente a sociedade da vila das Pontes en cada mobilización. Innovación sería que atendera a súa obriga democrática de dación de contas, pero era moito esperar.

Ou, señor vicepresidente, será que non dá explicacións sobre as súas actuacións porque non ten nada que explicar. *(Aplausos.)* Será, señor vicepresidente, que a realidade finalmente aparece transparente. Vostedes crearon o marco —como lle dicía hoxe pola mañá a nosa portavoz ao presidente Feixóo— polo que as empresas enerxéticas están no día de hoxe por riba do ben e do mal, por riba dos gobernos e da xente; o marco polo que hoxe, a diferenza doutros procesos vividos na vila das Pontes, parece un tabú exixir que Endesa e a Xunta teñen que comprometerse economicamente coa reactivación da vila.

O feito, señor vicepresidente, é que a Xunta leva dezaioito meses sen facer nada. Non ten nin tan sequera unha diagnose do impacto do peche, non ten vostede proxecto para a reactivación económica das Pontes, non ten vostede nada consignado nos orzamentos para a transición enerxética; non ten vostede vergoña. O peche da térmica pode ter un custo en empregos de entre 1.000 e 1.400 postos de traballo; os primeiros, se nada o remedia, varios centos de despedimentos e traslados serán dentro dunha semana. ¡Unha semana, señor Conde! ¡Unha semana! ¿Que vai facer vostede? ¿Que vai facer a Xunta de Galiza? ¿Que ten que dicirlles aos traballadores e traballadoras de Endesa e auxiliares, que van ser trasladados a outra punta da península, ás Illas Canarias, ou que van ser despedidos e despedidas?

Se vostede non sente, se vostede considera, honestamente, que non ten responsabilidade ningunha respecto do que acontece nas Pontes; se vostede considera que os cambios tecnolóxicos, que os cambios de paradigma enerxético e que as consecuencias que isto vai provocar no emprego e na economía de Galiza, do noso país, nada teñen que ver con vostede; se considera que nada disto ten que ver con vostede, que nada disto merece a máis mínima previsión ou consignación orzamentaria, entón, señor vicepresidente, corríxome: dedíquese a facer películas e deixe a política. *(Aplausos.)*

Mire os anagramas desta comunicación: *(O señor Fernández Alfonso amosa un documento.)* Comisións e UGT, os seus sindicatos de cabeceira, a CIG —o sindicato maldito—, o Concello das Pontes... Todos os grupos municipais, transportistas e empresarios e toda a sociedade das Pontes exixe solucións. Xa está ben de tensar a corda ou de facer o que está a facer a Xunta, se é que está facendo algo. Atenda as demandas da vila das Pontes e exerza as súas responsabilidades, que son moitas e moi importantes.

Máis nada e obrigado. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Señor Fernández, despois da súa intervención, voulle dar o beneficio da dúbida. Efectivamente, queda claro que o seu descoñecemento da política enerxética seguramente o leva a sacar conclusións erróneas. Lamentablemente, é a mesma situación que ten o seu partido político. Porque pretender trasladar que a situación dos traballadores das Pontes responde ao marco enerxético impulsado polo Partido Popular é, sinxelamente, un exercicio de descoñecemento da política enerxética do noso país e de quen está tomando as decisións.

Señor Fernández, o Goberno do Partido Socialista, que vostedes apoian, tomou unha decisión política: pechar as centrais térmicas de España, en contra do criterio do resto de países europeos. É máis, Alemaña abriu unha central o pasado verán. Foi unha decisión política intencionada. Polo tanto, vir aquí falar do marco enerxético promovido polo Partido Popular... *(Murmurios.)* Pero ¿que teatro é este, señor Fernández? Estamos falando de persoas e de traballadores. Vostedes non poderán mirar aos ollos dos traballadores das Pontes porque vostedes están detrás da decisión do Partido Socialista de pechar a central das Pontes. *(Aplausos.)* Iso é o que pasa realmente. *(Aplausos.)*

¡Vir aquí dicir que Endesa e a Xunta teñen que poñer o diñeiro para unha alternativa industrial das Pontes! ¿Pero isto que é? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Pero quen toma as decisións de pechar a central? ¿Quen ten os fondos europeos e quen se está arrogando o 100 % dos fondos europeos para tomar este tipo de decisións? ¿Pero a quen queren enganar? De verdade que eu non sei. Xa lle digo, trasládolle o beneficio da dúbida de non ter nin a máis remota idea do que é a política enerxética e, polo tanto, do seu funcionamento, pero, lamentablemente, a realidade é que o Goberno de Pedro Sánchez toma a decisión de pechar a central das Pontes co apoio do Bloque Nacionalista Galego. *(Murmurios.)* Esa é a realidade que, lamentablemente, temos que xestionar.

A Xunta de Galicia presentou unha alternativa; é así, hai unha alternativa tecnicamente viable, medioambientalmente viable e economicamente viable. E todo o mundo sabía, todos —tamén vostedes— e nós, e trasladámolo así, que se ía precisar un mecanismo de retribución, claro que si. E o Goberno, despois de ano e medio, di que non, que concorrencia competitiva. Oia, ¿por que non o dixo no primeiro minuto?, porque seguramente poderíamos aforrar esta situación.

¿Quen ten a capacidade de convocar subastas que poidan dar unha alternativa a ese proxecto de biocombustibles? O Goberno de España. Señor Fernández, ou están con Galicia ou están en contra de Galicia; lamentablemente, vostedes están simplemente a favor dunha parte de Galicia, da que lles interesa. *(Murmurios.)* Hai traballadores que lles interesan e traballadores que non lles interesan. ¿Os traballadores das Pontes? Non lles interesan. ¿Os traballadores



de Ence? Non lles interesan. ¿Os traballadores de Navantia e a industria auxiliar de Ferrol? Non lles interesan. (Risos.) E, sen embargo, hai outros que si, parece que lles interesan, porque seguramente son os votantes do Bloque Nacionalista Galego. (Murmurios.) Pero este Goberno non vai diferenciar entre traballadores, como fan vostedes. (Murmurios.)—

En calquera caso, señor Fernández, entendo perfectamente a mala conciencia do Bloque Nacionalista Galego por ter sido un activo valedor do Goberno de Pedro Sánchez, que está intentando pechar a central das Pontes. (Aplausos.) Nós seguiremos intentando que iso non ocorra así.

E xa que vostede se erixe hoxe en portavoz de Endesa, non sabemos moi ben por que, eu espero que vostedes poidan cambiar a súa postura e apoiar a Xunta de Galicia para que, precisamente, tanto os traballadores como a industria auxiliar e os transportistas poidan ter unha solución. Cambien e volvan á defensa dos intereses xerais de Galicia, volvan á defensa dos intereses dos traballadores, volvan á defensa dos intereses dos traballadores das Pontes e deixen de facer hipocrísia política.

Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis horas.

Suspéndese a sesión ás dúas e seis minutos da tarde e retómase ás catro.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Boas tardes.

Retomamos a sesión e pasamos ao punto 7, de preguntas ao Goberno.

A primeira delas, a pregunta 17101 —a 7.1, na orde do día—, saben vostedes que foi retirada polos seus autores mediante o documento 17364. Polo tanto, pasamos á segunda das preguntas.

Pregunta de D^a Noa Susana Díaz Varela e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a candidatura da Ribeira Sacra a patrimonio da humanidade

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Boa tarde, señor conselleiro.

Nós entendemos que o Partido Popular retirase a súa pregunta urxente sobre esta mesma cuestión, toda vez —ao noso modo de ver— o vergoñento papel xogado polo Goberno galego.

Non imos entrar neste debate, nos pormenores do proceso da candidatura da Ribeira Sacra a patrimonio da humanidade; un proceso que, como saben, leva moitos anos en marcha. Só apuntar que esa cuasi culminación do proceso se daba en marzo do pasado ano cando se co-



ñecía que finalmente sería unha das 24 propostas mundiais elixidas pola UNESCO para someterse ao seu estudo e avaliación. Pero, claro, un ano despois, hai escasamente unha semana, tomouse a decisión do «aprazamento estratéxico» —entre comiñas— do último paso para presentar esta candidatura, logo de coñecerse o contundente informe elaborado polo ICOMOS no que recomentan non seguir adiante co expediente. E recomentan non seguir adiante co expediente porque, á vista da documentación xustificativa presentada, non se dan as condicións para tal recoñecemento. O organismo asesor da UNESCO pon en cuestión as principais liñas argumentais esgrimidas pola Xunta de Galicia para ese recoñecemento. A Xunta de Galicia —e isto sabémolo polo informe do ICOMOS, porque non puidemos sabelo polo proxecto que presentou o Goberno, do que non sabemos nada, non se coñece— presentaba a súa candidatura baseándose no carácter relixioso das terras da Ribeira Sacra e na súa espiritualidade milenaria e na posta en valor da agricultura tradicional, que se adapta —din— perfectamente á paisaxe. Mais, na súa contra, o ICOMOS defende que o carácter espiritual e evanxelizador milenario tradicional argumentado non é motivo suficiente, xa que esa espiritualidade, ese carácter sacro do territorio, derivado da concentración de mosteiros e comunidades monásticas, se dá tamén en moitos lugares de Europa, ademais doutras cuestións esgrimidas, das que tampouco hoxe imos entrar en detalle.

Así que, diante dese informe do órgano asesor da UNESCO, dende a Xunta de Galicia xustifican, en palabras textuais súas, señor conselleiro, esa decisión estratéxica «para ter máis tempo, para tomar impulso e avanzar con paso aínda máis firme cara ao si definitivo, co fin de seguir facendo da Ribeira Sacra un territorio máis vivo, mellor coidado e máis recoñecido en todo o mundo». ¿Máis tempo e un paso aínda máis firme...? Claro, coma se 25 anos non fosen tempo dabondo para ese tempo e ese paso aínda máis firme.

En definitiva, e á falla de máis tempo para debater, ao noso grupo, ao Socialista, preocúpanos o traballo desenvolvido nesta candidatura pola Xunta de Galicia, que nos leva a pensar se o Goberno galego debe reformular o seu proxecto, así como tamén o futuro doutras candidaturas semellantes do noso patrimonio cultural e natural, que optan tamén a recoñecementos internacionais do máis alto nivel.

Por iso hoxe queremos preguntarlle, señor conselleiro: ¿que leccións cre o Goberno galego que cómpre extraer do fracaso da candidatura da Ribeira Sacra a patrimonio da humanidade?

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Díaz.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señora deputada, dende hai varios anos —vostede sábeo perfectamente— estamos inmersos nun proceso ilusionante, tamén moi complexo, tecnicamente, que é promover a candidatura da Ribeira Sacra a patrimonio da humanidade. É un proceso participativo que acadou fitos moi



singulares nos últimos anos, como a declaración de BIC no ano 2019. Un dos máis importantes é cando o Consello Nacional de Patrimonio Histórico de España asume esta candidatura como unha candidatura propia do Reino de España, e todos os pasos sempre foron absolutamente en positivo. Por isto, a verdade é que nos sorprendeu tanto e nos impactou tanto o recente informe do ICOMOS; un informe que, certamente, é duro, quizais desproporcionado, e que xerou certa indefensión. Obviamente, recomenda a non inclusión, algo que é bastante corrente nestes expedientes. Sen ir máis lonxe, temos en España agora mesmo doce expedientes semellantes co mesmo procedemento, nos que seguen traballando, como é o *Priorat* e a *Menorca Talayótica*.

Visto o informe do ICOMOS, adaptamos unha decisión entre o Goberno de España e o Goberno da Xunta de Galicia, unha decisión compartida e prudente, e plantexamos entre o Goberno de España —o Ministerio de Cultura e o Ministerio de Asuntos Exteriores, a través do seu embaixador ante a UNESCO— e a Xunta de Galicia un aprazamento estratéxico para reconducir, para encauzar e para corrixir o que fose necesario para voltar con máis forza. E fixémoslo con total transparencia. Na propia sede da UNESCO tivemos esta reunión co embaixador. Eu recoméndolle, señora deputada, que escoite as declaracións do embaixador de España ante a UNESCO, que é un membro do seu partido. Eu reuníme cos alcaldes do territorio, cos seus principais axentes, e tiven tamén a oportunidade de presentar este proxecto ante os membros do Comité da UNESCO, vinte e un embaixadores de diferentes países do mundo. E tiñamos unha iniciativa que, por cuestións técnicas, non puido entrar.

Tamén é certo que hai moitos agoreros, hai moito disto de «xa o dicía eu», e ataques políticos absolutamente acrícos. O certo e verdade é que o informe é coñecido. Hai algúns erros literais; dise, por exemplo, que lle afectan as canteiras ou os eólicos, cando, dentro do ámbito, non existen; ou dise que hai once pantanos, cando hai tres. E a clave de todo é o discurso respecto do que se entende por paisaxe, é unha cuestión conceptual: se entendemos por paisaxe un elemento estático, fosilizado, ou se é unha paisaxe viva que vai alterándose conforme o home intervéen sobre ela.

Obviamente, temos que reformular o relato, temos que pensar como podemos seguir nesta loita por sacar adiante esta candidatura e, obviamente, non podemos rendernos, non nos imos render...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...porque temos confianza, por suposto...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...nos nosos técnicos e...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...nas calidades da Ribeira Sacra.



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ten vostede despois outro turno. *(Aplausos.)*

Para a réplica, ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Si.

Señor conselleiro, das súas declaracións extraíse varias conclusións, pero, ao final, todas conflúen en que van volver presentar esta candidatura. Entendemos, entón, que aprenderían a lección e que, para a futura re-presentación, contarán co movemento social e cultural da zona e cos propios concellos afectados, que vostede sabe que non coñecían a estratexia formulada pola Xunta. Porque fala de reunións e demais, pero, ao final, son só unha ou dúas reunións ao longo de todos estes anos.

Porque continúan a falar, por exemplo, do Plan Ribeira Sacra, ao que —asegura— se destinarán 34 millóns de euros. Pero a realidade é que nada se sabe dese plan, nin das liñas de acción estratéxicas, nin do destino das partidas específicas, nin canto lle vai corresponder a cada concello en cada exercicio, nin a que consellería pertence cada orzamento. Tampouco poden fialo todo a un proxecto presentado aos fondos Next Generation, orzado en 40 millóns de euros, cando saben que é unha auténtica entelequia e que aí hai máis incertezas que certezas. Non sei se tamén nos pode dicir cantas veces se reuniu a Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra, que foi presentada por vostedes como unha ferramenta clave na coordinación de accións para avanzar coas máximas garantías no desenvolvemento desta candidatura.

Mire, xa a comezos do ano 2017, o Grupo Socialista preguntaba nesta mesma sede parlamentaria sobre se o que semellaba a paralización do proceso obedecía aos problemas xurdidos pola delimitación da zona a incluír, polas protestas xeradas pola falla de información adecuada a colectivos, pola falla de informes e estudos ou polo rexeitamento por parte das actividades económicas que se xeran nesa zona delimitada. Preguntas que se facían hai cinco anos a veciñanza e os colectivos interesados e que hoxe tamén nos facemos nós.

O que queremos preguntarlle é se vostedes consideran que o que hai que facer é simplemente pulir o proxecto actual ou, pola contra, o máis axeitado será parar, reflexionar, facer auto-crítica e ver se é posible mudar a formulación actual e tentalo con outra máis realista e pegada ao territorio; por suposto, iso si, traballada cos axentes sociais, económicos e culturais da Ribeira Sacra, que, a bo seguro, non centrarán a súa estratexia na espiritualidade da zona.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Díaz.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, o señor Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Señora deputada, vostede esquece que esta candidatura non é só da Xunta de Galicia; é da Xunta de Galicia e do Goberno do Reino de España. E preguntame que imos facer. Xa llo



dixen, imos corrixir, encauzar, axustar, para poder superar esta nota de corte, se se quere, un informe técnico de ICOMOS. E isto non o imos facer sós. Non o vai facer só a Xunta de Galicia; vaino facer en colaboración estreita, absolutamente estreita e con total complicidade, co Goberno de España, co Ministerio de Cultura. Ímolo facer cos axentes do territorio.

Ben, di vostede que nos reunimos unha vez ou dúas cos alcaldes e cos diferentes axentes do territorio —iso é unha broma; é unha broma ou un descoñecemento supino—, cos veciños e cos colectivos máis significativos do contorno. E hai tamén unha cuestión que non se dixo, porque este informe do ICOMOS que, contra o relato, plantexa esas dúbidas, di que son moi positivos para unha candidatura aspectos básicos como a protección, a planificación e a coordinación; destácaos de xeito moi positivo.

Sabemos —sabémolo— que temos que reconducir o relato conceptual. ¿Que se entende por paisaxe?, ¿viva, evolutiva, fosilizada...? Temos que cambiar a proposta, sabémolo. E eu pregúntolle, despois de escoitala a vostede: ¿de que parte están vostedes? ¿De que parte está, neste caso, o Partido Socialista? Porque eu escoito a membros destacados dos ministerios que citei anteriormente e creo que estamos todos xuntos, pero o escóitoos a vostedes e dá a sensación de que non.

En todo caso, voulle dicir a folia de ruta que imos seguir. A finais de xullo, nunha cidade de China, reúnese o Comité da UNESCO para poñer en marcha unha serie de decisións. Neste caso, imos facer constar, a través do señor embaixador, que imos —e temos interese— seguir traballando para mellorar a proposta dentro dun contexto de aprazamento estratéxico.

Posteriormente, en setembro, e de xeito conxunto, técnicos do Ministerio de Cultura e mais técnicos da Xunta de Galicia van solicitar reunións cos técnicos do ICOMOS para achegar posturas conceptuais. Obviamente, teremos que reformular, mesmo ampliar, o equipo técnico, sen dúbida. E faremos accións de diferente tipo: encontros científicos, de divulgación, unha maior involucración do conxunto da cidadanía... En definitiva, o noso compromiso político coa Ribeira Sacra está intacto, aínda é máis forte. O Plan Ribeira Sacra aposta pola reserva da biosfera, o Plan de sustentabilidade turístico, o proxecto de Next Generation...

E, mire, aquí, ao final, señora deputada, hai dúas opcións —cando hai un revés, aínda que sexa duro, aínda que sexa difícil, hai dúas opcións—: ou un réndese, asúmese o que nos din dende fóra, e úsase politicamente un revés, sen importar as consecuencias; ou trabállase, tense confianza, recoñécense os fallos e séguese adiante cun convencemento absoluto de que sacar esa candidatura...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...é bo para a Ribeira Sacra...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...é bo para Galicia e é bo para España.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación de temporalidade do persoal ao servizo da Administración pública galega

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Boa tarde, señor presidente, señorías.

Señor conselleiro, dende practicamente o inicio desta lexislatura, dende o Bloque Nacionalista Galego nos vimos interesando, a través de diferentes iniciativas —mesmo cunha pregunta a vostede cando veu presentar os orzamentos, e tamén con iniciativas de pregunta en comisión, emenda, proposición non de lei...—, para saber a postura e as accións do Partido Popular e da Xunta de Galiza sobre as diferentes sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea respecto da contratación temporal das administracións públicas. Daquela, referíámonos fundamentalmente á Sentenza de 19 de marzo, a coñecida Sentenza do 19 de marzo de 2020. Agora mesmo poderíamos falar da do 3 de xuño de 2021 —é dicir, de hai aproximadamente uns días— que fixo que o Pleno da Sala do social do Tribunal Supremo se reunira para reconsiderar o que ata o de agora ía sendo a súa doutrina. Pois ben, este Tribunal de Xustiza da Unión Europea establecía fundamentalmente dúas cousas. Tiraba das orellas ao Estado español pola falla de transposición dunha directiva comunitaria; falla de transposición desa directiva que dura, aproximadamente, vinte anos. Por tanto, non é só culpa do Goberno de Zapatero, nin do Bipartito; non, non, é culpa tamén do Goberno Aznar —famoso na Audiencia Nacional— e tamén do Goberno de Rajoy. Ben, pois alén desa falta de transposición, tamén falaba dun abuso da contratación temporal nas administracións públicas e por ocupar de xeito temporal, mediante contratacións temporais, prazas que eran estruturais.

Consta que deste abuso non é allea a Xunta de Galiza, e o problema é que non sabemos como de allea é. Porque si sabemos, polo Portal de transparencia —non excesivamente actualizado—, que existe unha temporalidade e unha contratación temporal de máis do 25 % do persoal ao servizo da Administración pública. Hai eidos, como o ensino ou a sanidade, onde pode chegar ao 30 % ou ao 40 %; ou mesmo no Consorcio, que rodea o 90 %. Ben, pero iso é a contratación temporal, non son necesariamente situacións de persoas en abuso de contratación temporal, en fraude de lei; nin toda fraude de lei tampouco é abuso na contratación temporal. Por tanto, non sabemos —e penso que probablemente vostedes tampouco— a magnitude do problema.

Ben, cara ao futuro é coñecido que o ministro de Administracións Públicas está facendo un esforzo, está negociando coas organizacións sindicais para amañar este problema. Eliminar a taxa de reposición —ben, non é moi proclive a eliminala, pero, ben, sería unha solución— o cumprimento das OP...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor, señor Tabarés.



O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...o establecemento dun réxime sancionador...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. Xa rematou o tempo.

(O señor Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.)

Síntoo, é que nas preguntas imos rápido, señor Tabarés.

(O señor Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.)

Moitas grazas.

(Aplausos.)

Ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública, o señor Martínez García.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García): Señor presidente.

Señoría, sobre esta cuestión, tres cousas. A primeira: en materia de loita contra a temporalidade do emprego público, ningunha administración autonómica está a facer máis que a galega, e estámolo a facer con consenso sindical. Temos asinado un acordo coas organizacións sindicais para reducir a taxa de temporalidade arredor do 7 %, aprobamos ofertas de emprego todos os anos ata o máximo permitido e facemos oposicións, como as que se celebraron a pasada fin de semana en toda Galicia, nas que estaban convocadas máis de 37.000 persoas.

En segundo lugar, quixera sinalar cal é o principal factor que neste momento provoca a temporalidade, que non é outro que —e acaba de dicilo tamén vostede na súa primeira intervención— que o Goberno de España se nega a retirar a taxa de reposición. E son precisamente os límites que introduce os que provocan a temporalidade.

Señorías, as taxas de reposición véñense aplicando dende o pasado século, se ben é certo que no ano 2009 co Goberno de Zapatero é a primeira vez que do 100 % se pasa ao 30 %; por certo, co voto favorable do BNG aos orzamentos xerais, que introduciron este recorte. Nos anos posteriores, o mesmo Goberno socialista levou o recorte das taxas de reposición ata o 10 %; é dicir, o 90 % das vacantes non se podían cubrir. En consecuencia, o que se estaban xerando eran importantes bolsas de temporalidade.

E a terceira cuestión é explicarlle cal é a postura do Goberno galego en materia de loita contra a temporalidade. Nós temos solicitado formalmente a eliminación das taxas de reposición en todos os foros institucionais en materia de función pública nos que estamos representados. Mañá mesmo, na Conferencia sectorial sobre este tema, vovvereillo recordar ao ministro Iceta. E, igualmente, Galicia foi a única comunidade autónoma que presentou unha proposta formal ao Goberno central de reforma do EBEP para eliminar a taxa de reposición e anticipar as convocatorias de oposicións en función da previsión de xubilación, co obxectivo de que, unha vez que se produza unha vacante, xa se poida cubrir por unha persoa fixa.



Agora vexamos cal é a postura do BNG. Vexo que vostedes incluíron un apartado moi específico —vou ler textualmente— cando foi a investidura do presidente Sánchez; leo textualmente: «Analizar as fórmulas para mellorar progresivamente as taxas de reposición nas administracións públicas co fin de garantir o bo funcionamento dos servizos públicos». Ata onde eu sei ler, analizar non é eliminar, que lles acabo de oír a vostedes; se cadra é melloralas pouco a pouco, progresivamente, se ben é certo que non sei en que sentido. O Goberno galego si o temos claro, non quere limitacións para convocar as ofertas de emprego, porque para ser traballador fixo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García): ...nunha administración só hai un camiño, e non...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(O señor conselleiro de Facenda e Administración Pública, Martínez García, pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Martínez.

Para a réplica, ten a palabra o señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Vexo que non hai criterio uniforme, cando menos, entre unha comparecencia neste Parlamento e a Xunta de Galiza porque, cando compareceu o director xeral da Función Pública limitouse a ler a miña pregunta. E vostede semella que non leu a miña pregunta, porque non lle estou falando das taxas de reposición. As taxas de reposición poden ser un problema. E aconséllolle que lea —pensei que o tería feito— a Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 3 de xuño, porque esa desculpa non lle vale, iso non é desculpa do que estamos a falar. É dicir, estamos a falar de dúas cousas. Unha é de cara ao futuro. Ben, está ben sacar as OP, está ben cumprir as OP, e despois que as prazas que se sacan nos procesos selectivos se cubran. Niso hai unha discrepancia de aproximadamente un 70 % entre as prazas que saen nas OP e as prazas que se cobren.

Pero a miña pregunta é diferente. A miña pregunta é: ¿que vai pasar con ese capital humano, con esas persoas que durante un, dous, vinte ou trinta anos están en situación de abuso da temporalidade? ¿Saben cantas hai? ¿Saben cales son as súas circunstancias? ¿Sabe cal é a súa antigüidade? ¿Sabe como accederon a ese posto no sector público? Porque iso non é indiferente. Aquí temos sentenzas, unha de Ourense, outra recente —estamos falando de abril de 2021— e outra, por exemplo, do Xulgado do Social de Vigo, nas que a esas persoas as fan fixas. ¿Que pasaría se nesas OP das que están a falar a esas persoas, despois de celebrada a OP, se lles recoñece a fixeza? É algo que está a pasar e que están a recoñecer os xulgados. ¿Ou que pasaría se a esas persoas, como se manda dende Bruxelas, a eses traballadores e traballadoras que levan, nalgún caso, vinte e trinta anos, se lles recoñece o dereito —en palabras desta Sentenza de Luxemburgo— a unha indemnización disuasoria e efectiva? ¿Que implicaría iso para os orzamentos da Xunta de Galiza? Non saber iso —que é o que lle pedimos dende o Bloque Nacionalista Galego— é unha absoluta irresponsabilidade...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tabarés.

(O señor Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Xa rematou o seu tempo. Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra o señor Martínez García.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García): Señoría, —insisto—, desde Galicia estamos a facer o esforzo máis importante na redución da temporalidade. Todos os ránkings —e non basta máis que con ver a documentación oficial do Ministerio de Administracións Públicas— nos sitúan entre as comunidades con menor temporalidade. Tema número un. Revise, por favor, os seus datos.

Tema número dous. Fíxese se leo ben a súa pregunta que agora lle vou falar dunha parte dela á que vostede non fixo referencia nestes momentos máis que de pasada, que é o tema do Consorcio Galego de Benestar, consorcio galego creado polo BNG —que o hai que dicir todo—, dotado exclusivamente de persoal temporal, pero seleccionado fóra das listas que daquela tiña a Xunta. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Supoño que non lles valería nin tan sequera no Bipartito —tema número un—. Tema número dous, deixando o seu persoal —vostedes que están dando clases sempre, falaba hai un momento de determinadas sentenzas, agora referireime a elas se teño tempo— fóra do convenio colectivo de persoal e cunha retribución o 32 % inferior. ¿Sabe o que fixemos nós? Arranxar esta desfeita. *(Murmurios.)* ¡Arranxar esta desfeita! *(Aplausos.)* En primeiro lugar, e de acordo cos sindicatos CIG, Comisións Obreiras e UGT, con tres cuestións: primeira, incorporación do persoal ao convenio colectivo único —non poden estar fóra; todos son iguais, son empregados públicos—; tema número dous, retribucións, subidas dun 32 %; e, en terceiro lugar, garantir as oposicións... *(Murmurios.)* *(O señor Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

Señor Tabarés, silencio.

Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García): ...porque —volvo repetir— só hai unha forma de acceso á función pública: convocatorias baixo os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade; non hai outra forma, valorando os servizos prestados, ata o 40 %. Por certo, varias das apreciacións que acaba vostede de formular nestes momentos debería saber que van ser tratadas mañá na Conferencia sectorial e que dan resposta ao que vostede acaba de dicir. Non me quero adiantar eu, porque sabe Deus o que pode saír no día de mañá e non quero ser responsable do que se poida facer a nivel da Administración central.

Polo tanto, só hai unha forma de acceso —como Galicia, moi poucas comunidades—. E, por certo, repase os datos, porque na primeira afirmación que fixo vostede respecto dalgún sec-



tor son totalmente errados. A Comunidade Autónoma de Galicia, en termos xerais, nos catro subconxuntos que se valoran, é a segunda que menos temporalidade ten, sendo esta alta. Pero acaba de referirse ao sector da sanidade equivocadamente, e sobre todo no tema de educación, máis que equivocadamente. En educación somos a comunidade que menos temporalidade presenta. *(Murmurios.)*

Polo tanto, vai a nosa máxima consideración ás persoas que queren acceder ao emprego público en Galicia. Seremos dos máis áxiles de todas as comunidades autónomas e teremos en consideración tanto a xente que está traballando con nós o día actual como a xente que tamén quere concorrer ás oposicións. Vaia por diante todo. Para nós son todos iguais; así o faremos e así o demostramos. E durante todos os anos convocamos o máximo que se nos permite, ¡o máximo!

Por certo —volvo repetir—, non...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García): ...do BNG porque vostedes non poden investir a un señor, pactar as taxas de reposición e agora...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. Rematou o seu tempo.

(O señor conselleiro de Facenda e Administración Pública, Martínez García, pronuncia palabras que non se perciben.)

Moitas grazas.

(O señor conselleiro de Facenda e Administración Pública, Martínez García, pronuncia palabras que non se perciben.)

Moitas grazas, señor Valeriano.

(Aplausos.)

Pasamos á seguinte pregunta ao Goberno.

Pregunta de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o funcionamento do complexo de Sogama, en Cerceda

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Boa tarde.

Señora Vázquez Mejuto, benvida ao Parlamento. A verdade é que se resistiu vostede despois de que o BNG solicitase en varias ocasións a súa comparecencia, pero por fin a temos aquí.



Teño que dicirlle que estaba preocupado porque corrían rumores por aí de que vostede se fugara por unha porta xiratoria, seguindo os pasos da súa antecesora no cargo, a señora Bea Mato. (*Murmurios.*) E tamén de Antonio Couceiro, (*Murmurios.*) e tamén de Carlos del Álamo... (*Murmurios.*) En fin... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Silencio.

O señor BARÁ TORRES: ...que vostede está facendo méritos tamén para seguir ese camiño.

Mire, señora conselleira, algo cheira a podre en Cerceda, en Sogama; cheira a podre e a cousas peores. E debaixo das montañas de propaganda de Sogama e da Xunta, da Consellería de Medio Ambiente, hai moito lixo que bota por fóra. Xa non o poden ocultar por máis tempo.

Primeira cuestión. O complexo de Sogama está atuído, está en estado de auténtico colapso. Anunciaron unha ampliación que custou máis de 323 millóns de euros e teñen que desviar todos os días toneladas de lixo para vertelos directamente no vertedoiro de Areosa, a caño libre.

Segunda cuestión. A planta de compostaxe —a xoia da coroa— vendérona a bombo e prato como a grande, como «o non vai máis», e resulta que é un fiasco absoluto. No ano 2018, anunciaron xa que estaban rematadas as obras. Ata dous anos despois, non foi vostede alí dicir que empezaba a funcionar. E tres anos e medio despois, aínda non deron sacado o primeiro quilogramo de compost desa planta. ¡É un auténtico desastre! O día que saquen o primeiro quilo de compost levarán alí a televisión para facer unha conexión en directo, como o gran acontecemento do ano, supoño. (*Murmurios.*)

Terceira cuestión. Hai un cúmulo de irregularidades no transporte de residuos desde as empacadoras a Sogama, que, ademais, é un servizo que está copado por Copasa, que xestiona a maioría das plantas empacadoras e tamén unha parte importante do transporte por estrada.

E, cuarta cuestión. Os catro grandes contratos do complexo de Sogama en Cerceda están nas mans da mesma empresa, do Grupo Valtalia: a planta de incineración, a planta de clasificación, o vertedoiro e a planta de compostaxe como subcontrata. Son máis de 500 millóns de euros. E, por se fose pouco, Valtalia ten relacións, vínculos moi directos e moi estreitos con Copasa.

¿Como se chama isto, señora conselleira? ¿É un monopolio? ¿É un oligopolio? ¿É un cártel? ¿Que é isto? ¿Onde está a competencia? Por tanto, queda claro con todo isto o fracaso estrepitoso de Sogama que, nin con toda a propaganda do mundo...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...pode...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Rematou o seu tempo.

O señor BARÁ TORRES: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a señora Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):
Boa tarde.

Moitas grazas, presidente.

Señor Bará, estou aquí, e eu alégrome de que vostede se alegre de que eu estea aquí. Perdurarei durante tempo, sempre e cando lles sexa útil aos galegos e ás galegas.

Eu simplemente lle dou un consello a vostede: ¡recíclese! O concepto multi-R é fundamental, e falar sempre de Sogama neses mesmos termos a verdade é que, ao final, acaba sendo residual, e iso é o que lle está acontecendo a vostede.

Voulle dicir: a planta está operativa as 24 horas do día e os 365 días do ano. E, grazas a que temos esa planta, os residuos que vostede xera, igual que os que xero eu, son tratados no día a día. Trátanse un total de 2,2 millóns de quilos de residuos urbanos ao día en Sogama; no verán podemos chegar ata tratar 3 millóns de quilos —en época estival—. Polo tanto, eu digo aquí alto e claro que Sogama funciona ben. Sogama funciona moi ben, pero fano tanto o equipo humano como tamén as tecnoloxías que se están implementando. É unha empresa pública que podemos considerar exemplar.

Simplemente lle teño que lembrar que agora, en época de pandemia, a Fiscalía abriu expedientes na maioría das comunidades autónomas. No caso de Galicia, a pesar de que fixeron as súas inspeccións, non foi así; ¡por algo será, señor Bará! É exemplar porque cumpre con todos os requisitos medioambientais certificados polos técnicos. Os técnicos están cando gobernan uns e tamén cando gobernan outros. O que pasa é que, de repente, algúns políticos se converteron en técnicos e xa, bueno, pois a cuestión parece ser distinta. Cumpre, ademais, coa Lei de contratos do sector público sempre —e, se non é así, denúncienos vostedes, pero non publicamente, vaian a onde teñan que ir—, e, por outro lado, cumpre coa normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais, porque parece que se esqueceron tamén de todo isto. Buscamos coordinación cos concellos, que son os que teñen a competencia para mandar o residuo separado. Non sei a quen lle queren botar vostede as culpas de se hai máis ou menos biorresiduos. Hai unha obrigatoriedade e hai unhas competencias, que son as dos concellos, e, por suposto, nós trataremos e tratamos os biorresiduos.

E fixemos investimentos, por suposto, que están certificados, e, grazas a eses investimentos, podemos pasar de tratar 800.000 toneladas ao ano a 1 millón de toneladas ao ano. E tamén hai un vertedoiro, ¡ten que haber un vertedoiro!, que é o instrumento que ten de apoio, porque sabemos que non todo se pode reciclar, que non todo se pode revalorizar. Cumprimos



con todos os requisitos —como lle dicía anteriormente—, está certificado polas continuas inspeccións oficiais realizadas no marco competente...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Polo tanto...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ten vostede despois outro turno.

(A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, pronuncia palabras que non se perciben.)

Síntoo, xa rematou o seu tempo, señora conselleira.

(A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, pronuncia palabras que non se perciben.)

Rematou o seu tempo.

(A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, pronuncia palabras que non se perciben.)

Rematou o seu tempo. Moitas grazas.

(Aplausos.)

Para a réplica, ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Señora conselleira, vostede está aquí obrigada polas preguntas do BNG porque o Grupo Popular vetou a súa comparecencia no Pleno, que quede claro. *(Aplausos.)*

E, miren, os residuos da miña casa, os biorresiduos, ¿sabe a onde van? Non van a Sogama, van a un composteiro comunitario que está a 100 metros da miña casa, e convértense en compost, *(Aplausos.)* o compost que vostedes non son capaces de sacar na planta de Areosa, porque levaron alí os residuos de tres concellos durante ano e medio e non conseguiron sacar nin un quilo de compost. ¿E agora estanos anunciando tres plantas máis? Pois van por mal camiño. Deberían aprender de quen o fai ben, señora conselleira. Deberían aprender. Bueno, agora parece ser que van facer unha guía da biocompostaxe dos biorresiduos, precisamente coa axuda do Plan Revitaliza da Deputación de Pontevedra. Por ese camiño van ben, xa llelo digo.

Mire, non é certo que Sogama estea operativa as 24 horas. Estivo colapsada durante moitas semanas por unha avaría na planta de incineración —do que vostedes non informaron aos medios nin informaron á sociedade galega—; e iso obrigou os camións a ir directamente verter ao vertedoiro de Areosa. Teño probas aquí, teño as ordes por escrito que lles dan aos camioneiros para ir verter directamente alí. Polo tanto, non nos veñan aquí contar trolas. E,



ademais, poderíalle falar das condicións nas que se traballa nese vertedoiro: falta de iluminación, inseguridade... (*O señor Bará Torres amosa una fotografía.*) Teño tamén fotografías que demostran que os eixos dos camións están literalmente enriba do aire, a última roda... Aí teñen esta foto. Polo tanto, non veñan aquí contarnos contos. (*A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, nega coa cabeza e amosa unha fotografía desde o seu escano.*)

Máis cousas. O monopolio de Copasa e de Valtalia. ¿Que me ten que dicir sobre iso? ¿Que me ten que dicir sobre as irregularidades manifestas que hai no caso do transporte? Fanse cargas sobre cargas nos vehículos, cos riscos que iso ten. E o problema de fondo aquí é o fiasco, o fracaso de Sogama, que non cumpre, que nos leva a ter o 15 % de reciclaxe —que é unha cifra irrisoria, xa que estamos á cola do Estado e á cola de Europa— e o 85 % vai a fórmulas finalistas que son a incineración...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...e tamén o vertedoiro. Así non, señora conselleira.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a señora Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Os demais tamén temos fotos, ¡eh! (*A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, amosa unha fotografía.*), e ademais eu quero que se vexa, porque parece que está falando vostede dun auténtico tsunami, onde hai accidentes continuamente... ¡Que non, señor Bará! Igual lles gustaría, pero isto non é así. Isto é o vertedoiro de Areosa. (*A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, amosa novamente a mesma fotografía.*) Fíxese nel.

Pero, sigo. Convídoos, vaia vostede ata Sogama, fale cos técnicos, por favor, e, a partir de aí, terá outro concepto. Seguramente rexido por vostede ou por min estaría bastante peor. Hai xente alí especialista que o está facendo moi ben.

Debemos —e toca— de innovar, de innovar no discurso. Debemos redeseñar o discurso, o concepto multi-R. Señor Bará, Sogama é un exemplo, Sogama é un modelo. E pódolle dicir por que é un exemplo e por que é un modelo. Onte mesmo estaba o presidente de Sogama en Navarra, convidado por ser a empresa pública máis eficiente de Europa. Ese é o resultado, e está acreditado mediante certificados. Ten 500 empregos directos, 500 empregos indirectos, e gran persoal cualificado, e ademais comprometido, que traballa coa máxima pulcritude, co máximo control e tamén coa máxima responsabilidade, e ten as mellores



tecnoloxías, as de vangarda, as de última xeración. Quérolle recordar que as plantas de valorización, ademais, son as que están continuamente... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —¡é que lles dá a risa!— examinadas, porque así o di a lexislación. Co cal, é que non hai nada que ocultar, todo é transparencia.

Tamén lle teño que dicir que non sei o que lle molesta. ¿Que lle molesta?, ¿que as empresas galegas se presenten a un concurso, que o gañen e que lles dean postos de traballo aos galegos? ¿Que queren?, ¿que o gañen empresas que non son galegas? Pois é que se gañaran o concurso, benvidas serían, pero non é o caso; gaña unha empresa galega e poñemos o grito no ceo. E, encima, encántalles dicir que se portas xiratorias... ¿De que me está falando? De verdade, miren vostedes os seus ombros e despois falen de portas xiratorias. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Compostaxe. No caso de Areosa, mire, os biorresiduos que chegan a Areosa chegan con tan só un 3 % de impropios, e pódense certificar outros biorresiduos. Non é así, vostede vai ao composteiro comunitario e eu vou ao composteiro individual, pero coma se fora algo novidoso. Mire, hai miles de composteiros individuais espallados por Galicia, non fai falta unha guía; o que facemos é redeseñar guías e colaboramos con todos. A partir de aí, simplemente un dato: ano 2008, gobernando o BNG, 413.379 toneladas de lixo ían ao vertedoiro. Ano 2021, goberna o PP...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...—eses que vostedes non queren ver diante—...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...o 98,6 % menos...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...tan só van cinco mil cento...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Rematou o seu tempo, conselleira.

(A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, pronuncia palabras que non se perciben.)

Moitas grazas. Rematou o seu tempo.



(Aplausos.)

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a María Leticia Gallego Sanromán e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da execución, no primeiro semestre de 2021, das obras de renovación das beirarrúas da estrada PO-552, ao seu paso por Priegue e A Ramallosa, no concello de Nigrán

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Gallego Sanromán.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Boa tarde, deputados e deputadas.

Boa tarde, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

Na vila de Nigrán, as beirarrúas, de titularidade autonómica, da PO-552 están totalmente abandonadas no seu tramo por Priegue e no seu tramo pola Ramallosa. Estas estradas necesitan a mellora urxente por parte da Xunta de Galicia.

O Goberno municipal de Nigrán intentou en múltiples ocasións, coa Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, renovar as beirarrúas nos seus diferentes tramos, sen ter ningunha resposta. Esta demanda lévase facendo ano tras ano. O Concello solicitou varias veces a mellora dos tramos para a seguridade e a accesibilidade da veciñanza desta vila. Estas peticións xa foron trasladadas en varias ocasións á súa consellería. A última reclamación destas infraestruturas foi o pasado mes de novembro, nunha xuntanza entre o alcalde de Nigrán e a delegada da Xunta de Galicia na zona. O Grupo Parlamentario Socialista a maiores trasladamos á Xunta de Galicia, a través das emendas aos orzamentos autonómicos de 2021, esta emenda para dotar de novas beirarrúas a PO-552 ao seu paso por Priegue e A Ramallosa, por atoparse en moi mal estado, con máis de trinta anos de construción e sen ser reparadas. A realidade é que son totalmente inaccesibles, están rotas, con tramos inexistentes e con elementos que entorpecen o paso de calquera cadeira de rodas ou carrito de bebé. Por suposto, esta emenda foi rexeitada pola Xunta de Galicia.

Por todo isto, exiximos dende o Grupo Parlamentario Socialista que se comecen as obras de renovación o antes posible nas beirarrúas da PO-552. Ademais, o Goberno autonómico está a elaborar un plan de seguridade viaria nesa zona, e nas alegacións presentadas polo Goberno municipal de Nigrán solicitaban que se inclúsen estas beirarrúas no proxecto. Se tivesen vontade política, farían esta obra.

A maiores, o Concello de Nigrán leva anos pedíndolle á Consellería de Infraestruturas o arranxo da rúa Otero Pedrayo, en Panxón. E, como a pediu varias veces, o Concello decidiu pedirlle o traspaso de titularidade desta estrada, que vostedes fixeron, pero agora quen vai facer as obras nesta beirarrúa é o Concello de Nigrán —porque iso si que o fixeron rápido,



pasarlle a titularidade ao Concello—. Entón, agora esta administración municipal fará as obras por un importe de 1,6 millóns de euros. Unha auténtica vergoña, vostedes non fan as obras e téñenas que facer os concellos. Que non se realicen estas infraestruturas a quen prexudica principalmente é á veciñanza de Nigrán.

Señora conselleira, ¿vai a Xunta de Galicia realizar as obras de renovación das beirarrúas?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Gallego.

Ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, eu creo que o primeiro que debería de preguntar é canto investiu a Xunta de Galicia en materia de estradas para mellorar a seguridade viaria e para mellorar a mobilidade no concello de Nigrán. Voulle dicir a cifra: na última década, 24,7 millóns de euros, case 25 millóns de euros en mellora da seguridade viaria e mobilidade, que beneficia o concello de Nigrán. Polo tanto, deu no cravo coa súa pregunta. Doulle eu a cifra concreta e exacta, que lle vou explicar.

Fixemos, por exemplo, o Plan de sendas na comarca de Vigo, identificamos 11 itinerarios na comarca de Vigo, dos que 3 benefician directamente a Nigrán; 6,5 quilómetros de novos itinerarios para a mobilidade segura, pensando nos usuarios vulnerables, nos peóns, nos ciclistas; a senda na PO-325, que está na zona de Baiona, pero beneficia, dende logo, a Nigrán, con 390.000 euros; a senda na PO-340, en Gondomar e A Ramallosa, con 1,7 millóns de euros; a senda na PO-552, que son tres treitos, dous en Vigo e outro en Nigrán, na zona Priegue, con máis de 660.000 euros; e outro treito en Priegue. Polo tanto, esforzo, moitísimo, titánico, en materia de mellora da mobilidade no concello de Nigrán, do que se benefician os veciños de Nigrán.

Estas son as obras que facemos en Nigrán, señoría, fíxese vostede. *(A señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Vázquez Mourelle, mostra unha fotografía.)* Estas sendas son as que facemos en Nigrán. Esta senda está feita en Nigrán pola Xunta de Galicia. ¿Vostede vai a Nigrán? ¿Non a viu? ¿Non puido transitar por ela? Estas son as obras que facemos.

Polo tanto, o balance é de case 25 millóns de euros. Son actuacións integrais que non supoñen soamente a mellora do firme, senón que incluso facemos máis que lles corresponden aos concellos, como son as canalizacións ou as melloras de servizos.

Polo tanto, son investimentos importantes. Melloramos a seguridade viaria na PO-325, con 8,4 millóns de euros; melloramos tamén a mobilidade, permitindo todos os movementos na AG-57, que foi un investimento importantísimo. Tamén nas TCA, na eliminación de treitos de concentración de accidentes, que non lle debe importar; de feito, hai un proxecto que estamos modificando atendendo ás alegacións dos concellos. Eu entendería que me preguntara por este proxecto de mellora de TCA, de seguridade viaria, pero vexo que as súas prioridades



deben ser outras. No mantemento e conservación de estradas, que é importante, levamos investidos 700.000 euros, e agora acabamos de adxudicar 1,5 millóns de euros para mellorar o firme desta estrada e doutra. Gustaríame que o Goberno de España tamén atendera os firmes das súas estradas en Galicia e que vostedes preguntaran polos firmes, que o único que vemos son fochancas en moitas delas.

O que acabo de relatar é evidente: 25 millóns de euros na última década no concello de Nigrán. Eu vexo o Partido Socialista realmente perdido en materia de estradas, non sei se foi que quedaron trastocados con esa emenda da transferencia da AP-9, que se perderon e que non saben onde está o norte e o sur en materia de estradas.

Polo tanto, pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vázquez Mourelle.

Para a réplica, ten a palabra a señora Gallego Sanromán.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

¡Home!, na última década, e tamén pode dicirme que nos últimos vinte anos; ou sexa, ¡vamos!, en fin...

Miren, ¿saben que pasa? Que non teñen ningunha vontade política, porque poderían incluír estas beirarrúas no Proxecto de seguridade viaria que están facendo. Poderían incluír estas beirarrúas, pero vostedes non teñen ningunha vontade política.

Miren, non facer o arranxo destas beirarrúas ao seu paso por Nigrán é un agravio comparativo cos outros concellos, nos que si se están a facer obras. Nós pedimos igualdade e equidade para todos os concellos de Galicia, independentemente da cor política do seu alcalde ou alcaldesa. *(Aplausos.)* *(A señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Vázquez Mourelle, mostra unha fotografía.)* A Xunta de Galicia ten que gobernar para todos os galegos e galegas, non só para a xente dalgúns concellos, e isto vouno repetir cada vez que fale de infraestruturas. Xa o dixen o outro día en comisión e volvereino repetir. Si, porque, mire, a Axencia Galega de Infraestruturas investiu, a través dos seus convenios, 14.277.000 euros en concellos do PP e 280.000 euros en concellos socialistas. ¡É un escándalo!, é unha auténtica vergoña que só invistan nos concellos do Partido Popular. ¡É increíble!: 14 millóns nos concellos do PP, 280.000 euros nos concellos socialistas. Isto é unha auténtica vergoña, non pode seguir así. ¿Por que, señora conselleira, non se fan infraestruturas en concellos como A Guarda, Nigrán, O Porriño, Vigo, Moaña, Cangas..., e podería seguir? ¿Por que? ¿Por que non se inviste como se inviste noutros concellos doutras cores políticas? ¿Por que? ¿Pode dicilo? Eu non quero pensar que é pola súa cor política. Galicia somos todas e todos. As mulleres e homes que viven nos concellos que non son gobernados polo Partido Popular tamén teñen dereito a ter novas infraestruturas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Isto é unha discriminación total. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para a réplica do Goberno, ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Estas son as obras que facemos en Nigrán. *(A señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Vázquez Mourelle, mostra unha fotografía.) (Aplausos.)* ¿Parécelle falta de vontade política 25 millóns de euros —case 25 millóns de euros— en materia de estradas? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Perdón, señora conselleira, levante... É que non se escoita.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Pois estas son as obras que facemos en Nigrán.

Non está dicindo a verdade, e permítame que lle diga que está mentindo. Voulle relacionar soamente un par de obras hidráulicas xa: Viveiro, 4 millóns de euros —¿quen goberna en Viveiro?—; Burela —¿quen goberna en Burela?—, millóns de euros na depuradora; Foz... *(Murmurios.)* Non, non digan que non, e que é así. Pontedeume, as obras que estamos facendo en Pontedeume de mellora e saneamento.

(A señora Gallego Sanromán amosa unha fotografía.) E en Nigrán levamos a depuradora. O investimento é titánico, ¡titánico!..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* xa llo digo eu. Pero ben, en calquera caso, imos ver se buscamos unha solución a todo este tema que comenta vostede e a ver se pon vostede criterio de verdade, que non sexa político, e criterio en materia de estradas, que os vexo perdidos. En materia de estradas véxoos realmente perdidos. Xa a remataron coa emenda na AP-9 e agora estana rematando coa pregunta de hoxe.

Eu xa lle digo que poñen o foco sobre un tema que se refire, sobre todo, a treitos urbanos, non interurbanos; un tema que é como consecuencia de desenvolvementos urbanísticos ao redor das estradas, que iso é lóxico, que se usen as estradas para desenvolvementos urbanísticos. A Xunta de Galicia ten 5.500 quilómetros de estradas. E, se quere, voulle mandar a listaxe de todas as obras que estamos a facer en concellos do Partido Socialista, porque a depuradora de Gondomar —que levamos a explotación da depuradora— e a de Nigrán son moitos millóns de euros e moito traballo técnico, pero a vostede vexo que lle importa moi pouco. En calquera caso, eu creo que esa crítica demagóxica non debería facela e que debería ser máis consciente do que está a dicir aquí, no Parlamento.

O normal, como dicía, é que se utilicen as estradas para os desenvolvementos urbanísticos e, sobre todo, neses treitos urbanos, que principalmente son de competencia municipal, porque van por esas beirarrúas os servizos urbanos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Se non me deixa acabar... Se me escoita un pouquiño, ao mellor aprendemos todos un pouco.

Estamos en treitos urbanos. Eu propóñolle unha solución rápida: que o Ministerio de Transportes mude os criterios técnicos que ten imposto nos fondos Next Generation e que se poida investir en concellos como o de Nigrán. ¿Que lle parece a vostede? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Vostede non sabe que o Ministerio de Transportes impuxo uns criterios que



impiden investir nunha estrada como a PO-552 nos treitos urbanos, nas beirarrúas? ¿Non o sabe? Solicitemos conxuntamente ao Ministerio de Transportes que mude os criterios dos fondos Next Generation e que poidamos investir en mobilidade sostible, como no concello de Nigrán, que é o que queremos facer nós, e incluímolos no Plan de seguridade viaria, por suposto que si.

Polo tanto, eu invítoa a iso, a que llo solicite ao Ministerio de Transportes. Eu resumo, a miña intervención: 25 millóns de euros na última década por parte da Xunta de Galicia en materia de estradas no concello de Nigrán; e Ministerio de Transportes, que impide que os fondos Next Generation se invistan en Nigrán en mobilidade sostible.

Insisto, estamos moi perdidos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): ...en materia de estradas.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a dotación orzamentaria do Programa Aprod-Economía social para o ano 2021, así como respecto do número de cooperativas beneficiarias previsto

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, cada ano, no mes de xullo, en concreto o día 28 —é dicir, o vindeiro luns—, conmemoramos o Día Europeo das Empresas de Economía Social; unha celebración que se converte tamén nunha gran oportunidade para dar máis visibilidade a este sector e recoñecer, por suposto, a súa importancia. Sempre, pero con especial intensidade no momento actual, marcado pola imprescindible reactivación tras os momentos de maior virulencia da pandemia, aqueles que apostan polo emprendemento, pola economía social, aquelas persoas que imaxinan proxectos e transforman as súas ideas en accións merecen contar co apoio da Xunta de Galicia e merecen contar co apoio do Goberno de Galicia. De feito, a economía social, ademais de ser unha fonte de riqueza e emprego, xoga un papel que vai moito máis aló dos números e que vai moito máis aló das cifras.

Aproveito esta oportunidade tamén para subliñar, precisamente, o compromiso e o aprecio do Grupo Parlamentario Popular co mundo das cooperativas e con todo o que elas representan. De feito, ao longo dos anos, puidemos coñecer de preto este sector laborioso, eficiente, eficaz e con visión de futuro; un sector que é mostra de moitas das mellores cualidades de



Galicia, non só dos seus produtos, senón, sobre todo, da súa extraordinaria xente, tenaz, traballadora e xente valiosa.

Por iso, a acción do Goberno da Xunta de Galicia, en permanente diálogo con este sector, debe seguir apostando por esta forma de facer empresa a través de actuacións dirixidas a favorecer o seu crecemento e o seu fortalecemento. Tamén será un acerto intensificar os apoios a aqueles proxectos que contribúan a través do modelo cooperativo ou de calquera das fórmulas da economía social, e poñer á disposición dos seus impulsores axudas para a creación, o mantemento e a mellora da competitividade destes proxectos. Un xeito de facelo é a través do Programa Aprot-Economía social; un programa impulsado pola Xunta a través da Consellería de Emprego e Igualdade.

Esta iniciativa vénse desenvolvendo desde hai anos con gran acerto e hoxe, señora conselleira, queremos avaliala a través desta pregunta.

En resumo, queremos coñecer como o Goberno que preside Alberto Núñez Feijóo está a impulsar a economía social e o emprendemento cooperativo como fonte de oportunidade e de emprego...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Esta é a razón da pregunta.

Nada máis e moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Grazas, señor Balseiro, e boa tarde a todos, señorías.

Como vostede di, a economía social representa un selo de identidade en Galicia e, sobre todo, un selo, unha peza clave no noso tecido económico. O 7 % do PIB na nosa comunidade autónoma procede de entidades de economía social e ten unha especial presenza no medio rural. As entidades deste tipo, ademais, amosaron unha especial resistencia durante a crise económica e penso, sen dúbida, que van ter un papel tamén decisivo na reactivación do tecido produtivo.

É por isto que o Executivo galego apostamos firmemente por políticas que apoiem as distintas fórmulas de economía social, como é este programa do que falamos hoxe aquí, o Programa de Aprot-Economía social. Son 3,3 millóns de euros o orzamento co que conta o programa este ano, con dúas liñas de axuda, e as dúas destinadas, por suposto, á creación e ao mantemento de emprego nas cooperativas e nas sociedades laborais, pero cun dobre impulso:



por un lado, un programa para as entidades e, por outro lado, un programa para apoio ás persoas que acceden ás cooperativas e ás sociedades.

A primeira das liñas, que é a de fomento do emprego en cooperativas e en sociedades laborais, conta con 1,82 millóns de euros, e son subvencións orientadas a facilitar a incorporación como persoas socias traballadoras en cooperativas ou en sociedades laborais, como digo, ben de persoas desempregadas, ben de persoas traballadoras, pero con carácter temporal, ou ben de persoas que estaban como socias a proba.

Como novidade deste ano incorporamos nesta liña a posibilidade de acceso ás axudas para aquelas cooperativas ou sociedades laborais que procedan de reconversión ou de transformación de empresas mercantís.

E a segunda liña é a liña de fomento de acceso á condición de persoa socia. Esta conta con 1,5 millóns de euros, e son subvencións xa dirixidas directamente ás persoas desempregadas para promover que se incorporen como persoas socias. Polo tanto, o que facilita é a realización da achega económica que teñen que facer para a súa incorporación á sociedade de que se trate.

É importante sinalar que aínda que os dous programas contemplan unhas axudas cunha base xeral tipo, que son 6.000 euros, sen embargo, teñen uns incrementos acumulables dun 25 % para colectivos específicos, entre outros, cooperativas xuvenís; é dicir, as constituídas maioritariamente por persoas socias traballadoras menores de 30 anos, pero tamén outros colectivos: mulleres, maiores de 45 anos, persoas con discapacidade, emigrantes retornados e tamén o caso de cooperativas ou sociedades laborais cando se atopen nun concello do rural.

É importantísimo, quero destacar o éxito nos últimos catro anos deste programa, do Aproximación Económica social: 2.000 persoas incorporadas, un milleiro de cooperativas beneficiarias; no ano 2020, 109 cooperativas e 236 novos socios e socias; e no ano 2021 ampliamos un 8,15 % o orzamento, co cal, contamos chegar a 120 cooperativas e a 250 incorporacións novas como socios.

Máis nada.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica, ten a palabra o señor Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Moitas grazas, señora conselleira, pola súa resposta.

Se hai un lugar en Europa onde non hai que explicar o fortalecemento e o modelo empresarial da economía social, ese chámase Galicia, ese chámase a nosa comunidade autónoma.



As nosas cooperativas están presentes en todo o territorio e en todos os sectores, pero, sobre todo, están moi presentes, principalmente, no ámbito rural.

Nos últimos anos a transformación de empresas cunha estrutura baseada no capital e de empresas cooperativas de traballo asociado é cada vez máis frecuente. Para axudar estas empresas e para o seu cambio cara a sociedades cooperativas teñen un aliado no Goberno de Galicia e teñen un aliado na Xunta de Galicia. E a xuízo dos datos que acaba de ofrecer vostede, as cifras dan testemuña diso. Vostede falou e citou arredor de 2.000 persoas incorporadas e dun milleiro de cooperativas beneficiarias nos últimos catro anos.

Pero, xa que temos a oportunidade, señora conselleira, gustaríanos saber doutras accións da Xunta a prol da economía social, baixo a premisa de que o cooperativismo en Galicia siga a contribuír ao progreso e ao benestar desta terra; doutras accións a favor das nosas empresas e das nosas cooperativas que, como no Programa Aprox-Economía social, sirvan desde o Goberno da Xunta de Galicia para responder con feitos ás demandas, aos retos e ás responsabilidades que nos trasladan os cidadáns, os veciños, as veciñas, os galegos e as galegas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Balseiro.

Para o turno de réplica do Goberno, ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Pois, efectivamente, a acción da Xunta en favor da economía social non se restrinxe a este programa, senón que temos unha estratexia ampla nesta materia, e vou dar conta, polo tanto, dalgúns dos programas máis importantes.

O primeiro deles, xa moi coñecido, é a Rede Eusumo, de fomento do cooperativismo. É unha rede que conta, para o período 2021-2022, con 634.000 euros por parte da Consellería de Emprego.

O pasado 30 de abril renovamos o convenio de colaboración co Foro pola Economía Social Galega, co que pretendemos colaborar na visibilización destas fórmulas de economía social en Galicia.

Lanzamos o pasado 17 de maio unha plataforma web que creo que tamén ten transcendencia, porque é o catálogo. Aí figuran todas as entidades de economía social existentes na comunidade autónoma. Están, como digo, catalogadas de xeito oficial na web da Consellería.

E outro campo no que estamos intentando avanzar é na promoción da igualdade dentro da economía social, porque, ademais, a economía social conta cunha tipoloxía de entidades moi igualitaria, moi equitativa. E bo exemplo é o programa Medrando Xuntas. Estamos xa na quinta edición, rematamos o pasado venres esta quinta edición. E nestas xornadas 50 mu-



lles formáronse este ano para mellorar todo o que supón o talento feminino vinculado a este eido da economía.

Temos tamén ou imos pór en marcha dous programas totalmente novos este ano: o primeiro é o Programa Es-Transforma, que vai moi ligado á reactivación económica e que conta cunha dotación entre o ano 2021 e o 2022 de dous millóns e medio de euros, e vai destinado, precisamente, a recuperar empresas doutra tipoloxía, empresas mercantís e en crise que, por motivos económicos ou incluso por falta de relevo xeracional, teñan perspectiva de peche. Do que se trata é de apoiar a súa transformación en empresas de economía social.

E un segundo programa é o Bono Consolidación, tamén ligado a esta reactivación económica, con 2,87 millóns de euros. Pretendemos chegar ata 300 empresas con axudas para a cobertura de gastos, para a realización de pequenos investimentos e para consolidar, en definitiva, a súa actividade empresarial. Sabemos un pouco dos retos que lles agardan a estas entidades de economía social neste futuro. Polo tanto, estas axudas están dirixidas a actuar en investimentos de adaptación das empresas ao novo contexto económico e tamén á era dixital.

En definitiva, creo que a Xunta ten un compromiso real e un compromiso coherente coa economía social, que se plasma na Estratexia de economía social 2019-2021; soamente neste ano son 33 millóns de euros destinados a economía social, un 22 % máis que o ano anterior.

Polo tanto, demostramos estes compromisos da Xunta con feitos, apostando pola economía social, como digo, como unha forza impulsora —penso— dun emprego resistente, dun emprego de calidade e dun emprego innovador e tamén inclusivo.

Máis nada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a implementación de medidas que garantan a protección e o acceso á xustiza das vítimas da violencia de xénero

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Castro Rey.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Bo día, conselleira.

O desenvolvemento do dereito á xustiza gratuíta en Galicia vén dado por un regulamento, por un regulamento do ano 2017. Dende o Grupo Socialista cremos que esta regulación —a galega— presenta importantes eivas que poden poñer en perigo o dereito da vítima a un asesoramento axeitado e a unha defensa doada, que é o que hoxe traemos aquí.



Mire, eu sei que vostede tamén é licenciada en dereito. Non sei se chegou a poñer a toga, pero eu si, eu traballei durante case unha década nesta quenda especial de violencia de xénero, e por iso podo, polo tanto, dicirlle de primeira man que o labor que os letrados facemos neste momento é fundamental, porque neste momento inicial no que a vítima se atopa totalmente minada, insegura e morta de medo o que necesita é unha man amiga, un letrado ou letrada empático, sensibilizado co tema, que, ademais de asesorala xuridicamente, a escoite e lle diga que todo vai ir ben. Porque as esperas nas comisarías e nos xulgados son moi longas, as sucesivas declaracións revivindo o maltrato sufrido, moi duras e o medo ás veces, invencible, o medo ao futuro, a atoparse co maltratador, ás consecuencias do paso dado. Polo que, nese momento, un mal asesoramento pode facer que esa muller dea un paso atrás e poida engrosar esa terrible estatística que nos di que o 80 % das mulleres asasinadas non tiñan denuncias previas.

Polo tanto, non podemos permitir que iso pase. Creo que ninguén dubida destas manifestacións, e afirmo que un pirómano non pode ser un garda forestal ou —aínda máis grave— que un pedófilo non pode traballar con menores, e non só o digo eu, senón que tamén o di a lei. Por iso, non entendemos como un maltratador si pode ser letrado dunha vítima de violencia de xénero.

Por outra banda, esta protección á vítima avanzou tamén en materia da revitimización, da que falamos sempre, por exemplo, coas salas Gesell, que prometeu o seu compañeiro o conselleiro de Xustiza —que o esperaba hoxe aquí, porque estamos a falar dun tema xurídico—. Entón, entendemos que aquí, nesta revitimización da vítima, está a segunda das eivas polas que vimos preguntar, que é a protección especial que merecen esas vítimas de violencia de xénero, xa que a regulación da actuación, da unidade de actuación letrada establecida, unicamente engloba mentres o procedemento estea aberto e un ano despois. Entendemos que isto queda curto, que tería que estenderse á defensa dos procedementos posteriores que estean vinculados coa condena inicial por violencia de xénero, tanto sexan de carácter penal como de calquera ámbito, como pode ser un quebrantamento de condena, ameazas ou acosos, e non ter un prazo dun ano, porque, por desgraza, neste tempo, na maioría dos casos, non se solucionan estes problemas.

Creo que estas cuestións non son menores. Paréceme un desleixo total que non veña aquí contestar hoxe o conselleiro de Xustiza, porque estamos a falar dun procedemento xudicial e dunha norma, como é o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta, que tiña que ser modificado pola consellería correspondente. E estamos aquí vendo a importancia que lle dá o conselleiro de Xustiza, ao que lle fago a pregunta. Como non está, pídlle que lla traslade a el, que é: ¿vostede cre necesarias esas modificacións normativas nestes aspectos? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Castro.

Ten a palabra a señora conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, señoría.

Ben, recordarei á súa señoría que o Goberno é único, que é un órgano colexiado mancomunado e que, por suposto, actuamos baixo unha unidade de voz. A ver se eu como letrada da Xunta son capaz de responderlle a un tema xurídico a vostede.



En primeiro lugar, si quería agradecer e poñer de manifesto os últimos consensos alcanzados no Parlamento en materia de violencia de xénero, en concreto, no mes de abril, para o marco normativo autonómico que reconece a violencia vicaria como violencia de xénero, e tamén na sesión plenaria de onte mesmo para reconecer a violencia exercida a través de novas tecnoloxías e espazos dixitais como violencia de xénero. Creo que este é o camiño, sen dúbida, a seguir.

Pregunta vostede, ou manifesta, se é necesario implementar máis medidas para garantir a protección e o acceso á xustiza das vítimas de violencia de xénero. Pois, evidentemente que sempre resulta necesario continuar profundando e continuar completando as medidas. Pero vostede pregunta, en concreto, por dúas cuestións. Na primeira di que se regule dalgún xeito que non poidan ser os condenados por sentenza firme por un delito de violencia de xénero letrados nas quendas especiais de violencia de xénero. Isto xa está regulado; non hai nada máis que regular porque xa está regulado.

O Estatuto xeral da avogacía española prevé —ou exige como requisito—, no artigo 13, precisamente, carecer de antecedentes penais que inhabiliten para o exercicio da avogacía. E igualmente o artigo 19 da mesma norma di que a condición de colexiado se perde inmediatamente por esta condena firme. O propio estatuto, no ámbito disciplinario, cualifica como moi grave a condena dun colexiado por sentenza firme a penas graves, como sería o caso das que estamos falando, e nestes supostos, precisamente, a sanción disciplinaria é a expulsión do Colexio.

Coido que vostede ao que se está referindo é á vixilancia respecto deste tipo de condicións, que é unha cuestión distinta a que estea regulado. Entón, a cuestión está regulada e a vixilancia correspóndelles aos colexios, non á Xunta de Galicia, nin a Vicepresidencia nin á Dirección Xeral de Xustiza. Dito o cal, neste contexto, estamos a dirixirnos formalmente tanto ao Consello da Avogacía Galega como ao recentemente creado Consello Estatal de Asistencia Xurídica Gratuíta —que se creou en marzo do ano 2021; en concreto, que saiba que o Consello Estatal de Asistencia Xurídica Gratuíta terá a sesión constitutiva o vindeiro día 30 de xuño—, que tratará na súa orde do día este tema, en resposta a esta petición. Si lle digo que a competencia non lle corresponde, como di vostede, ao Consello Asesor en Galicia. O Consello Asesor, que xa o prevé o Regulamento de xustiza gratuíta, limítase a tarefas meramente administrativas, de organización do servizo e de asistencia xurídica gratuíta aos colexios. Entón, nada ten que ver co que vostede plantexa.

Respecto da segunda cuestión, dígolle que este tema xa non se aplica agora mesmo; operaba esta cuestión no transcurso do ano, antes da reforma do ano 2013, pero dende que se reformou no ano 2013 xa non é necesaria esa acreditación de insuficiencia de recursos. Existe un expediente único e, polo tanto, a defensa única durante todos os procedementos; co cal, a cuestión tamén está resolta.

E máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para o turno de réplica, ten a palabra a señora Castro Rey.



A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Señora conselleira, non dubido da súa capacidade, nin moito menos, o que si que cuestiono é a súa competencia.

Mire, vou dicirlle que, ademais, tampouco se informou ben, porque vostede fala de antecedentes penais que inhabiliten para o exercicio da avogacía, e eses serían aqueles antecedentes penais relacionados co exercicio da profesión, pero aquí estamos a falar de antecedentes penais por violencia de xénero, que non inhabilitan para o exercicio da profesión, porque non están relacionados con ela. Estaba vostede a falar tamén de delitos graves que inhabilitan para o exercicio da avogacía, e eu estoulle a falar tamén de maltratadores que teñen condenas por delitos leves, que tamén son maltratadores.

Vostede di que isto non é competencia do Concello Asesor. O artigo 11 do Regulamento de Asistencia Xurídica Gratuíta di que entre as finalidades do Consello Asesor de Asistencia Xurídica Gratuíta está a de propoñer as modificacións normativas e o director xeral que preside este comité asesor. Polo tanto, claro que é competencia, porque é unha competencia autonómica que está regulada neste regulamento. Como vexo que non existe moita vontade, dende o Grupo Socialista anunciamos que traeremos unha PNL neste sentido, porque cremos que estas non son cuestións menores, cremos que é moi importante que teña que ser de obrigado cumprimento e cremos, ademais, que non é unha cousa que a min se me ocorrera dicir de repente unha mañá, senón que hai casos —e podo contalos e non me chegan os dedos das mans— en Galicia de mulleres que se tiveron que botar para atrás porque se atoparon con que o letrado que lle fora designado tiña condenas por violencia de xénero.

Despois, en relación coa unidade de actuación, tampouco é verdade. Pasa diariamente que cando se producen quebrantamentos de condena, que é nuns casos moi elevados, tes que designar un novo letrado, e a vítima ten que volver contar totalmente a súa historia dende o principio. Creo que, se non regulamos iso, estamos a fallarlles ás mulleres, porque non podemos permitírnos nin unha soa vida perdida máis sen que todas e todos teñamos nas mans a tarefa de construír un mundo que sexa xusto e no que só vivan inseguros e con medo os culpables.

A violencia... (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Castro.

Moitas grazas.

Para a replica do Goberno, ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Mire, da súa propia exposición despréndese que non estudou o tema. Vostede fala de casos que escoitou. (Murmurios.) Os casos que escoitou son, precisamente, os que lle estou poñendo



eu de manifesto; son casos onde falla a vixilancia por parte do Colexio de Avogados. Unha cousa é a regulación do suposto que está regulado e outra cuestión ben distinta é que o Colexio teña que vixiar non soamente no momento en que se procede ao acceso por parte do avogado, senón no momento ou durante toda a vida profesional do avogado. Esta é a cuestión que lle digo que ten relevancia e que, por suposto, imos trasladar. Non hai que efectuar ningún cambio normativo e, polo tanto, nada ten que dicir neste sentido o Consello Asesor en Galicia.

De todas maneiras, si me gustaría falar de cousas que creo que son competencia miña. De momento, creo que a igualdade e a loita contra a violencia de xénero si son competencia da Consellería de Emprego e Igualdade. Polo tanto, si quero falar do convenio ou do acordo de colaboración que imos asinar coa Vicepresidencia primeira precisamente para reforzar a asistencia xurídica gratuíta en casos en que non existía ata o de agora, como é o suposto das vítimas de violencia sexual. Tamén imos profundar neste convenio e ampliar a formación especializada para avogados e procuradores. Con esta medida pretendemos beneficiar 90 mulleres e 150 profesionais. Son 390.000 euros destinados este ano desde esta consellería precisamente para profundar na especialización e na asistencia xurídica gratuíta ás vítimas.

Continuamos cos convenios co Colexio Oficial de Psicoloxía e co Colexio de Traballo Social de Galicia para manter esa quenda de garda psicolóxica social especializada e permanente para vítimas e para fillos e fillas e cos convenios coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, moi importantes para o servizo de intérpretes en linguaxe de signos desde o momento da presentación da denuncia. Dende o ano 2015 asinamos o convenio de colaboración co Ministerio do Interior para integrar o Punto de coordinación das ordes de protección co sistema de seguimento integral nos casos de violencia de xénero. Isto, ¿que supón? Que dende a Consellería de Emprego e Igualdade temos acceso a ese Punto de coordinación das ordes de protección, que, polo tanto, facemos un seguimento delas e que realizamos as xestións oportunas para facilitar ás vítimas o acceso á totalidade dos recursos existentes para ofrecerlles un marco integral de protección. Desde o momento en que se recibe nese punto de coordinación, ben sexa a orde de protección ou a medida cautelar de que se trate, se inicia un contacto directo coa persoa beneficiaria, infórmasele do procedemento que se vai seguir, dos recursos de que dispón, etc. Levamos 1.131 expedientes no ano pasado.

Si me gustaría lembrar que Galicia somos unha das comunidades autónomas pioneiras na execución do Pacto de violencia de xénero, a única que tiña e ten prestacións periódicas económicas para as vítimas. Polo tanto, si creo que existe vontade, por suposto, desde este goberno de levar a cabo actuacións integrais e transversais de protección e de promoción do acceso á xustiza das vítimas de violencia de xénero e de todos os servizos e recursos públicos que temos á disposición das vítimas de violencia de xénero en Galicia.

Máis nada.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.



Pregunta de D^a Iria Carreira Pazos, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do cumprimento da Lei 2/2014 e do funcionamento do Observatorio Galego contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Carreira Pazos.

A señora CARREIRA PAZOS: Boa tarde.

Grazas, señor presidente.

Van cento vinte anos desde que Marcela e Elisa casaron na Coruña, vai algo máis de medio século desde que mulleres trans, *drag queen*, gais e lesbianas se opuxeron a unha sociedade que as criminalizaba, que as deostaba, e iniciaron unhas revoltas, as revoltas de Stonewall, contra a enésima redada policial que soportaban, constituíndo o que hoxe podemos considerar o primeiro Día do Orgullo. Van tres décadas desde que a OMS lles retirou ás persoas homosexuais a categoría de enfermidades e van só tres anos desde que llela retirou ás persoas trans. Temos tras de nós décadas de loita do colectivo LGBT para conquistar os nosos dereitos; dereitos que cómpre protexer e continuar a exixir porque o estamos a ver estes días en Hungría: «A LGBTfobia continúa viva, está alentada pola extrema —e non tan extrema— dereita, e contra ela cómpre continuar loitando para podermos ser libres».

En abril do 2014 aprobouse en Galiza a Lei pola igualdade de trato e non discriminación das persoas LGBT. Foi un avance considerable, puxo a Galiza na vangarda, pero xa daquela o BNG advertiu de que este texto tiña eivas, tiña limitacións que habería que solventar, como, por exemplo, a falta dun capítulo de sancións por agresións LGBTfóbicas. Van sete anos desde a aprobación desta lei e, máis alá desas carencias, que xa se denunciaron naquel momento, o que puidemos comprobar é que durante este tempo a lei quedou no papel; valeu para ir sacando algunha noticia de vez en cando, valeu para constituír o Observatorio contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero, e pouco máis; Observatorio do que se aprobou a súa creación no 2018 —catro anos despois da aprobación da lei—, que se constituíu no 2019 —cinco anos despois da lei— e que aínda para o mes que vén vai ter a xuntanza para aprobar o seu regulamento de funcionamento.

A pregunta é: ¿teñen previsto poñer a funcionar este Observatorio ou van mantelo como un ente fantasma? E é que o Observatorio é unha das escasas medidas contempladas na lei que si chegaron a desenvolver. Porque despois, no corpo lexislativo, se fala, por exemplo, de realización de estudos en materia laboral, de elaboración de protocolos no ámbito empresarial e das relacións laborais, de formación continuada e obrigatoria para o persoal sanitario, etc. ¿Que hai no día de hoxe destas medidas?

Fálase tamén de campañas de educación sexual para a prevención de ITS que sexan respetuosas e inclusivas, e estamos aínda cun plan galego de loita contra o VIH e outras ITS que continúa a estigmatizar de xeito moi concreto unha parte do colectivo LGBT, cousa que xa lle afeou o Valedor do Pobo no 2015.



Nai lei hai un único artigo que fala de persoas trans, e estes días vemos como diferentes organizacións están a denunciar situacións tráfugas dentro do Sergas. ¿Que valoración fai o Goberno do cumprimento desta lei?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: E engadir: ¿como van cumprir o que falta? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Penso que o Goberno galego leva anos, dende a aprobación xa desa lei que vostede refire no ano 2014, mostrando a súa implicación na loita contra a discriminación pola orientación sexual e a identidade de xénero. E con esta finalidade de avanzar cada día máis neste eido estamos a traballar cóbado con cóbado coas asociacións, coas organizacións e cos colectivos LGTBI de Galicia, con todos os que teñen intereses lexítimos na loita contra esta discriminación por razón de orientación sexual ou de identidade de xénero. Si estamos traballando no desenvolvemento do Observatorio Galego contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero. Non é un órgano fantasma, está funcionando, o que ocorre é que, evidentemente, durante a pandemia non se reuniu, pero si está convocado —como vostede acaba de dicir—. E durante este tempo — durante este ano— estivemos traballando coas asociacións, e está elaborado o seu regulamento de funcionamento; en concreto, un procedemento específico para a tramitación de denuncias nesta materia.

Estamos traballando tamén para incorporar a maior parte —ou canta máis participación, digamos— das entidades que compoñen este colectivo. En concreto, conseguimos xa nos meses de abril e maio que se incorporasen outras catro novas entidades. O noso obxectivo, polo tanto, é que este órgano teña o maior número de participación, e durante este tempo estivemos en contacto continuo con todas as asociacións, as organizacións e os colectivos, colaborando tamén na organización do I Encontro Estatal LGTBI, que se celebrará —foi posposto pola pandemia— no ano 2022. Tamén estamos a piques de asinar seis convenios de colaboración con entidades: Arelas, Comité AntiSida da Coruña, Nós mesmas, ALAS A Coruña, Les Coruña e Pvlse Vigo. E estamos dotando estes convenios co dobre de orzamento do que se destinou os anos anteriores. No ano 2017 apareceu por primeira vez, ademais, unha partida específica nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para estas asociacións, organizacións e colectivos. En particular, nestes convenios intentamos promover e intentamos subvencionar actividades de promoción e defensa dos intereses das persoas gais, lesbianas, transexuais, bisexuais e intersexuais. Intentamos —e penso que isto é fundamental— dar visibilidade e sensibilización a este colectivo, dar información social, acompañamento, asesoramento sobre recursos sociais, sobre recursos sanitarios —falarei na réplica sobre as actividades da Consellería de Sanidade e sobre a formación do persoal—, formación específica para o persoal das administracións públicas e materiais didácticos.



En definitiva, o noso obxectivo é garantir que todas as persoas, sen importar a súa orientación sexual e a súa identidade de xénero, poidan exercer a totalidade dos seus dereitos en liberdade absoluta na comunidade autónoma. E si lle podo realmente constatar que dende a aprobación da lei non deixamos de traballar neste eido e que estamos apostando por políticas e por iniciativas que fomenten unha sociedade máis libre e máis igualitaria neste sentido.

Máis nada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica, ten a palabra a señora Carreira Pazos.

A señora CARREIRA PAZOS: Antes de nada, señora Lorenzana, permítame aclarar que a pandemia podemos dicir que afectou o 2020-2021, e a lei aprobouse no 2014.

Permítame tamén a desconfianza e o receo cara a estas boas intencións, cando no día de hoxe nos goberna en Galiza o partido político que, primeiro, votou en contra do matrimonio igualitario e que despois o levou ante o Tribunal Constitucional, o mesmo que no día de hoxe non dubida en mercadear cos dereitos do colectivo LGBT como pago á ultradereita polo pacto do Goberno, como estamos vendo en Madrid. *(Aplausos.)*

Permítame a desconfianza cando, por non pechar os centros Quérote, o que fixeron foi, desde o 2010, afogalos nun sinfín de novas competencias, deixándoos desbordados, con persoal e con recursos insuficientes, e cando decidiron trasladar a función de asesoramento do colectivo LGBT aos CIM, coma se non tivesen xa traballo dabondo ou incluso funcións diferentes. Co aval que lle dan estas medidas, permítame a desconfianza.

E cando falamos de dereitos do colectivo LGBT así en abstracto, hai quen puidera ter a tentación de limitalos a que puxesen unha bandeiriña coas cores do arco da vella durante este mes e pouco máis. Pero non, cando falamos de dereitos do colectivo LGBT, falamos do colectivo das persoas trans, que continúan padecendo unhas taxas de desemprego astronómicas, que en ocasións supera o 80 %; falamos de acoso escolar e de *bullying* nos centros de ensino e fóra deles, que, por desgraza, poden chegar a casos de suicidio —e neste país coñecemos casos—; falamos de persoas trans ás que se lles solicitan cribados de ITS no Sergas, ás veces incluso sen informallas —o que xa entraría en competencia con outros dereitos—, porque se presupón que, por seren persoas trans, xa están e risco de padecer ITS, coma se estas enfermidades dependesen da súa identidade de xénero e non das prácticas sexuais seguras ou non seguras que realizaran; e falamos de que acabamos de pasar por un confinamento que obrigou a moita xente a volver ás súas casas, onde, en ocasións, non se acepta a súa sexualidade ou a súa identidade de xénero, e que volveron pecharse no armario porque non se senten seguras.

Os dereitos do colectivo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Carreira.



A señora CARREIRA PAZOS: ...son máis que fotos... (*A señora Carreira Pazos pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Carreira.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Como lle adiantaba antes, si quero asegurarlle que o Goberno galego está xuntando esforzos, e estao facendo de maneira transversal, e quero dar conta da actuación ou da programación da Consellería de Sanidade en execución desta Lei 2/2014, que se está realizando fundamentalmente no ámbito de persoas transexuais e de terapias relacionadas coa transexualidade.

No ano 2017 creamos a Unidade Centralizada de Atención á Transexualidade en Galicia, que está coordinada polo Servizo de Endocrinoloxía do CHUS e que ofrece aos menores transexuais atención endocrina, atención na unidade de saúde mental e atención sobre a intervención cirúrxica. Cabe sinalar que todo este traballo se está desenvolvendo en estreita colaboración —como dicía antes— con entidades representantes deste colectivo para poder atender así, de xeito directo, as súas demandas e dar unha resposta efectiva ás necesidades reais que teñen os seus asociados e asociadas.

Tamén estamos reforzando a formación do persoal sanitario neste sentido. Estamos reforzando a formación respecto da atención á diversidade sexual e á instrución do funcionamento da unidade. Para desenvolver esta actuación impártense cursos formativos para profesionais sanitarios que proporcionan, por unha banda, un marco teórico conceptual sobre a diversidade sexual, fomentando o respecto cara á diversidade sexual en contornas asistenciais, e, por outro lado, tamén dan a coñecer os protocolos a seguir e os recursos existentes na materia. Respecto destes cursos formativos, estamos realizando un agora, no mes de xuño, e terá lugar outro nos vindeiros meses de setembro e outubro; e, tendo en conta a demanda importante que existe, continuaremos o vindeiro ano coa organización deles.

Polo tanto —e para rematar—, penso que o Goberno galego si estamos traballando desde múltiples áreas por acadar unha sociedade libre de prexuízos, onde os dereitos de todas as persoas sexan respectados. Galicia foi a primeira comunidade que contou cunha lei neste ámbito, no ano 2014, que consolida —e isto ten relevancia— o principio de igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero. E esta lei vímolaa acompañando con medidas reais de apoio, de reforzo ás entidades e ás persoas que están inmersas na loita contra este tipo de discriminación, porque entendemos que temos que seguir avanzando nos logros para este colectivo e porque entendemos que os logros para este colectivo son logros para toda a cidadanía galega, xa que van facer de Galicia e da sociedade galega unha sociedade, por suposto, máis libre e máis igualitaria.

Pola miña parte, nada máis.



Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleira.

Pasamos á última das preguntas.

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do distinto trato que o Goberno de España dá á reforma da Lei de saúde pública de Baleares e á reforma da Lei de saúde de Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, como vostede ben sabe, o 23 de febreiro aprobamos nesta Cámara a Lei 8/2021, de reforma da Lei de saúde, para introducir unha serie de instrumentos que, ante a ausencia de lexislación estatal, facilitaban a xestión da pandemia por parte da Xunta. Durante aquel debate escoitamos cousas moi apropiadas para a data, pero impropias deste Parlamento, como que a lei introducía derivas bolivarianas ou que reflectía a tendencia autoritaria do Partido Popular. De aí a nosa sorpresa cando lemos —publicado o 8 de maio— no *Boletín Oficial das Illas Baleares* un decreto lei —non unha lei; é dicir, foi aprobado directamente polo Goberno sen ningún trámite parlamentario— tamén de reforma da Lei de saúde de Baleares e tamén para introducir medidas dirixidas a combater a pandemia.

E, ao final, pese a que o Goberno de España intentou recorrer a lei por seis motivos, só recorreu un artigo, que é o 38.2. Eu tomei a molestia, dada a semellanza evidente que hai entre as dúas normas —a autonómica balear e a autonómica galega, sendo a balear posterior en varios meses á galega—, de comparar o artigo 38.2, que está sendo obxecto de recurso de inconstitucionalidade e que, ademais, por ser o Goberno quen o insta, ten paralizada a aplicación dese artigo. Collín os dous artigos e apliqueilles un programa dos que hai na propia rede, en concreto este chámase *Copy list*, e pasei o comparador de textos do artigo que está recorrido polo Goberno de España con relación ao noso. (O señor Puy Fraga amosa un documento.) O resultado que nos dá este programa é o seguinte. Di que o 84,8 % é copiado, que o 76,6 % é idéntico, que o 6 % son cambios menores, e os demais son significados relacionados. E se un le as medidas de control que aquí dicían que o Goberno Popular tiña unha deriva bolivariana, pois ve que en Baleares, tamén, e parece que emprenderon esa vía. Por exemplo, onde di unha lei: «Entre las medidas podrá haber medidas de control de las personas enfermas cuando fuera procedente, como el aislamiento en domicilio, el internamiento en centro hospitalario y el aislamiento e internamiento en otro lugar adecuado para tal fin», a outra lei o que di é: «...medidas de control de las personas enfermas». En vez de «cuando fuera» es «cuando sea procedente», e todo o demais segue igual, como «el aislamiento en el domicilio, el internamiento en el centro hospitalario o el aislamiento o internamiento en otro lugar adecuado para esta finalidad».

E así sucesivamente. Eses artigos, de 880 palabras, teñen 749 idénticas, e as que varían son pequenas como esta. As 98 palabras son variacións lixeiras e 19 parágrafos idénticos. E o caso é que Galicia ten suspendida a lei polo recurso socialista e Baleares, non.



Así que a min me gustaría saber como valora este feito o Goberno da Xunta. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Puy.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Boa tarde, presidente.

Señorías.

Señor Puy.

Ante todo, quero agradecerlle ao Grupo Popular que sexa o único grupo que se interesa por esta situación. (Protestas.) Unha situación que non é un agravio ao Goberno galego..., (Murmurios.) senón que... (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): ...é unha situación que é un agravio á propia lexitimidade deste Parlamento.

O Goberno central considera que este Parlamento ten menos lexitimidade que o Parlamento balear, que pode aprobar literalmente o mesmo texto sen ser obxecto de ningún tipo de recurso, e isto parécelles perfecto aos socialistas galegos. E para os nacionalistas, que din que defenden a soberanía de Galicia, este agravio non merece máis que un atronador e moi revelador silencio. ¡Curiosa defensa do autogoberno! (Risos.)

Dando resposta á pregunta sobre a valoración que fai a Xunta deste distinto trato que reciben os dous textos legais e que nos dá a razón, hai que dicir que ten tres frontes: primeiro, dános a razón en que era necesaria a concreción legal para xestionar a pandemia —iso xa o dixeran o Consello de Estado, o Tribunal Supremo, o propio Goberno e agora mesmo o di o Goberno Socialista, o Goberno de Baleares, formado por Socialistas, Podemos e nacionalistas baleares—.

Na exposición de motivos desde decreto lei de Baleares di: «*La inminente finalización de este régimen jurídico excepcional...*» —referíndose ao estado de alarma— «*...aconseja introducir en nuestra legislación más concreción de las medidas de intervención administrativa que se puedan adoptar en situaciones de pandemia para garantizar el control de los contagios, y resulta también necesario y urgente delimitar el procedimiento que se ha de seguir para adoptarlas*». A isto o PSdeG chamoulle «*deriva autoritaria*».

Segundo. Dános a razón en que, en ausencia dunha reforma da lexislación orgánica, as comunidades autónomas deben poder desenvolve-la. Isto que os socialistas negaron aquí é o que os socialistas acaban de facer en Baleares.

E terceiro. Dános a razón cando dixemos que os motivos do recurso que o Goberno de España presentou ante a lei galega eran motivos exclusivamente partidistas. Queda máis que de-



mostrado cando, ante o mesmo texto, pero con firma dunha presidenta socialista, o Goberno central non recorre.

Hai que lembrar que o Goberno central pediu un ditame urxente ao Consello do Estado; Consello de Estado que lle dixo que non era tan urxente. E pediullo soamente dezoito días despois de entrar en vigor a nosa lei. Agora este mesmo texto —o balear— leva máis de mes e medio vixente en Baleares, sen que o Goberno central teña feito nin un só movemento. É o mesmo texto, pero agora xa non hai urxencia.

¿Cal é o resultado? Que Baleares, por ter un goberno socialista, ten en vixencia a súa lexislación para xestionar a pandemia, e Galicia, por non ter un goberno socialista, tena suspendida. Un exemplo de uso partidista das institucións que entusiasma o PSdeG e parece que conta co apoio tácito do BNG.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica, ten a palabra o señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, grazas pola súa resposta.

Non comparto a resposta na súa totalidade, porque vostede fala de uso partidista. Ben, en política, loxicamente, cada un, como milita nun partido, intenta axudar os seus, pero isto non é partidismo, isto é peor, isto é sectarismo. (*Aplausos.*) Non é de recibo que a mesma norma xurídica que leva ao partido da oposición en Galicia, ao Partido Socialista, a dicir que temos unha deriva autoritaria, sexa subscrita por outro goberno socialista e que o Goberno de España, fronte á primeira, reaccione suspendéndoa cun recurso de inconstitucionalidade, sen convocar a vía de diálogo da Comisión Bilateral —que se está reunindo porque o pediu Galicia, e que non leva a cabo a propia suspensión da aplicación da lei—, mentres que outro goberno socialista a teña aplicada.

Esta mañá tivemos un debate por outra cuestión —na que o Goberno socialista tampouco respecta o exercicio do autogoberno— onde distinguimos, precisamente, entre o exercicio de autogoberno —no que deberíamos ter discrepancias, porque cada un pensa como se deben exercer as competencias— e a defensa das competencias. Evidentemente, cando un goberno de España recorre unha lei que se aproba nunha cámara e a mesma lei noutra cámara non é recorrida, ese goberno está instrumentalizando de forma sectaria as prerrogativas que a Constitución lle dá. E isto é deplorable. Eu creo que debería de facernos reflexionar a todos, especialmente a aqueles que non están convencidos desta actuación por parte do Goberno de España e que aínda por riba nos acusan de confrontar.

En todo caso, señor conselleiro, o importante é saber tamén que pensa facer o Goberno diante desta situación e que actuacións ten pensado facer o seu goberno, o noso goberno de



Galicia, diante deste trato sectario e diferencial cando unha lei se aproba en Galicia e cando se aproba nunha comunidade autónoma que dirixe o Partido Socialista.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Puy.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas.

Efectivamente, a Xunta de Galicia non vai quedar de brazos cruzados. Esta mesma mañá remitimos unha carta —esta que teño aquí diante— (*O señor conselleiro de Sanidade, García Comesaña, amosa a carta.*), asinada polo vicepresidente primeiro e mais eu, á ministra de Sanidade e ao ministro Iceta, reclamándolles a retirada do recurso, e, polo tanto, a suspensión, deste artigo da lei galega. Agora mesmo acabo de rematar unha reunión do Consello Interterritorial onde de novo lles reiterei á ministra de Sanidade e ao ministro Iceta esta solicitude de paralización do recurso e a súa retirada.

O Partido Socialista, ao copiar a lei galega nunha comunidade que goberna, asumiu implicitamente non só que este texto é válido constitucionalmente, senón que, ademais, é acertado e axeitado. Polo tanto, se non o fai por respecto ao autogoberno de Galicia, que sabemos que non o teñen, avogamos por que o faga por manter un mínimo de coherencia dende o Goberno central.

A coherencia do Grupo Socialista xa quedou totalmente desfeita dende o momento en que un goberno do seu mesmo partido non só copia a lei que eles votaron en contra, senón que mesmo copia parágrafos literais, como vostede ben puido apreciar nesa comparación que eu estiven tentado a facer tamén. Eses mesmos parágrafos emendáronos para suprimilos porque sostiñan que eran ata perigosos. E aquí ata un deputado socialista fixo incluso bromas cunha expresión: «...aínda que continúe existindo incerteza científica», que figura na nosa lei e que, por certo, tamén figura na Lei de saúde pública de 2011, que fora aprobada, ademais, por un goberno socialista. Este deputado emendou a nosa lei para suprimir esta frase; frase que, curiosamente, figura na lei balear. O líder dos socialistas galegos dixo neste mesmo Pleno que a lei galega era un retroceso democrático e que vulneraba dereitos fundamentais, e agora cópiana os seus compañeiros. Chegaron a dicir que a Xunta celebraba o recurso porque o seu interese pola lei era «confrontar». ¡Pero se esta lei se promoveu, precisamente, porque o Goberno central non fixo ningunha outra alternativa! A premisa xa era ridícula, pero agora aínda máis. ¿Que interese podía ter o Goberno balear en facer confrontación con esta lei?

Sinceramente, semella que o Goberno central está intentando poñer a proba o límite de incoherencia que pode ter o PSdeG para que siga defendendo os seus posicionamentos. Pedímoslle que desistan. Sabemos que ese límite non existe, poden estar tranquilos no PSdeG. Pero o Goberno galego si ten un límite e a cidadanía galega tamén ten un límite, e é que non lle tomen o pelo. É inaceptable que o Goberno socialista siga mantendo un día máis un re-



curso contra unha lei que os propios socialistas copian onde gobernan.

Que o retiren xa e que nos aforren este bochorno.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleiro.

Esgotados os puntos da orde do día, rematamos a sesión.


Remata a sesión ás cinco e trinta e cinco minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abelairas Rodríguez, María Isaura	(S)	39. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
2. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	40. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
3. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	41. Pérez López, Daniel	(BNG)
4. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	42. Pérez López, Noelia	(P)
5. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	43. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
6. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	44. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
7. Armada Pérez, José Antonio	(P)	45. Porro Martínez, María Corina	(P)
8. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	46. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
9. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	47. Prado del Río, Paula	(P)
10. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	48. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Puy Fraga, Pedro	(P)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Rey Varela, José Manuel	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
18. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	56. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
19. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	57. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
20. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
21. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	59. Rodríguez González, Román	(P)
22. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	60. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
23. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	61. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
24. Francisco Rivera, Juan Carlos	(S)	62. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
25. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. García Martínez, Fabiola	(P)	64. Santos Costa, Manuel	(P)
27. García Vidal, Ana Belén	(P)	65. Sanz Arias, Cristina	(P)
28. González Albert, María	(BNG)	66. Seco García, Martín	(S)
29. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	67. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
30. González Vázquez, José	(P)	68. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
31. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	69. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
32. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	70. Torrado Quintela, Julio	(S)
33. Martínez García, Valeriano	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	72. Vázquez Mejuto, María Ángeles	(P)
35. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	73. Vázquez Mourelle, Ethel María	(P)
36. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Ortega Otero, Marina	(S)	75. Vereza Fraiz, Borja	(P)
38. Otero Rodríguez, Patricia	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

